



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

X leislatura
Serie Deputación Permanente
Número 8

Sesión da Deputación Permanente
3 de abril de 2020

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



CSV: BOPGDSPG54qf66qIT2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ORDE DO DÍA

Punto único. Comparecencias:

1.1. Do vicepresidente da Xunta de Galicia e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para informar sobre os acordos adoptados no seo do Cecop e a colaboración institucional na situación de emerxencia sanitaria provocada polo covid-19 (doc. núm. 63782, 10/SCDP-000009).

1.2. Da conselleira de Política Social co obxecto de analizar as medidas adoptadas nas residencias de maiores e persoas con discapacidade para facer fronte á pandemia do covid-19 (doc. núm. 63782, 10/SCDP-000009).



SUMARIO

Ábrese a sesión ás once e seis minutos da mañá.

Logo de abrir a sesión, o señor presidente solicítalle á secretaria da Mesa a comprobación da existencia de quórum. (Páx. 5.)

A señora secretaria, Blanco Rodríguez, comproba a presenza dos deputados e deputadas membros da Deputación Permanente e con delegación de voto. (Páx. 5.)

Confirmada a existencia de quórum, o señor presidente procede a informar sobre a ordenación do debate, que consta dun punto único con dúas comparecencias. (Páx. 5.)

Comparecencia do vicepresidente da Xunta de Galicia e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para informar sobre os acordos adoptados no seo do Cecop e a colaboración institucional na situación de emerxencia sanitaria provocada polo covid-19. (Punto único da orde do día.)

Intervención do señor vicepresidente da Xunta e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza: Sr. Rueda Valenzuela. (Páx. 6.)

Rolda dos grupos parlamentarios: Sr. Rodríguez Estévez (M) (Páx. 15.), Sra. Pontón Mondelo (BNG) (Páx. 19.), Sr. Sánchez García (GCE) (Páx. 23.), Sr. Caballero Míguez (S) (Páx. 26.) e Sr. Puy Fraga (P) (Páx. 30.)

Réplica do señor vicepresidente da Xunta e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza: Sr. Rueda Valenzuela. (Páx. 33.)

O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do señor vicepresidente da Xunta e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Páx. 42.). Nesta rolda interveñen o señor Rodríguez Estévez (M) (Páx. 42.), a señora Pontón Mondelo (BNG) (Páx. 44.), o señor Sánchez García (GCE) (Páx. 47.), o señor Caballero Míguez (S) (Páx. 48.), o señor Puy Fraga (P) (Páx. 50.) e o señor vicepresidente da Xunta e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. (Páx. 52.)



Comparecencia da conselleira de Política Social co obxecto de analizar as medidas adoptadas nas residencias de maiores e persoas con discapacidade para facer fronte á pandemia do covid-19. (Punto único da orde do día.)

Intervención da señora conselleira de Política Social: *Sra. García Martínez.* (Páx. 59.)

Rolda dos grupos parlamentarios: *Sr. Rodríguez Estévez (M)* (Páx. 65.), *Sra. Prado Cores (BNG)* (Páx. 69.), *Sr. Sánchez García (GCE)* (Páx. 73.), *Sr. Caballero Míguez (S)* (Páx. 76.) e *Sr. Puy Fraga (P)*. (Páx. 80.)

Réplica da señora conselleira de Política Social: *Sra. García Martínez.* (Páx. 83.)

O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica da señora conselleira de Política Social (Páx. 88.). Nesta rolda interveñen o señor Rodríguez Estévez (M) (Páx.88.), a señora Prado Cores (BNG) (Páx. 90.), o señor Sánchez García (GCE) (Páx. 92.), o señor Caballero Míguez (S) (Páx. 94.), o señor Puy Fraga (P) (Páx. 96.) e a señora conselleira de Política Social. (Páx. 98.)

Remata a sesión ás catro e corenta e tres minutos da tarde.



Ábrese a sesión ás once e seis minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Damos comezo a esta sesión da Deputación Permanente, e para iso prégoille á secretaria, a señora Blanco, a comprobación das delegacións de voto e da asistencia, para comprobar o quórum.

A señora SECRETARIA (Blanco Rodríguez): Si, bo día, presidente. *(Pausa.)*

Comprobadas as delegacións de voto, confírmase a existencia de quórum.

(Por mor da situación provocada polo estado de alarma debido á covid-19, a esta sesión acode un número reducido de deputados e deputadas en representación dos membros titulares da Deputación Permanente, con delegación de voto previamente formalizada. Os asistentes son: D. Pedro Puy Fraga, D^a Cristina Isabel Romero Fernández, D. Miguel Ángel Tellado Filgueira, D. Luís Manuel Álvarez Martínez, D. Gonzalo Caballero Míguez, D. Antón Sánchez García, D^a Ana Pontón Mondelo, D^a M^a Montserrat Prado Cores e D. David Rodríguez Estévez; así como os membros do Goberno comparecentes, D. Alfonso Rueda Valenzuela e D^a Fabiola García Martínez, e os membros da Mesa que presiden a sesión, D^a Noela Blanco Rodríguez, D. Diego Calvo Pouso e D. Miguel Ángel Santalices Vieira.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, secretaria.

A orde do día ten un punto único, que son dúas comparecencias:

- Comparecencia do vicepresidente da Xunta de Galicia e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para informar sobre os acordos adoptados no seo do Cecop e a colaboración institucional na situación de emerxencia sanitaria provocada polo covid-19.
- Comparecencia da conselleira de Política Social co obxecto de analizar as medidas adoptadas nas residencias de maiores e persoas con discapacidade para facer fronte á pandemia do covid-19.

Comparecencia do vicepresidente da Xunta de Galicia e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para informar sobre os acordos adoptados no seo do Cecop e a colaboración institucional na situación de emerxencia sanitaria provocada polo covid-19

O señor PRESIDENTE: Como ben saben, o debate será semellante ao desenvolvemento das comparecencias nas sesións plenarias e mesmo na última desenvolvida nesta deputación permanente, o 26 de marzo: un tempo por parte da persoa que comparece — neste caso do vicepresidente —, rolda dos grupos parlamentarios por un tempo de dez minutos, réplica, unha posibilidade de apertura de especial aclaracións de cinco minutos e un turno de peche por parte do señor vicepresidente.

Entón, comezamos, se lles parece, coa comparecencia do vicepresidente da Xunta de Galicia e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.



Cando queira.

O señor VICEPRESIDENTE DA XUNTA E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Bos días.

Comparezo, como acaba de dicir o presidente do Parlamento, nesta cámara para informar, no nome do Goberno, sobre os acordos que fomos adoptando dende que se constituíu o Centro de Coordinación Operativa (o Cecop), así como da colaboración institucional da Xunta de Galicia co resto das administracións no marco da situación de emerxencia sanitaria provocada polo covid-19.

Dende logo, quero comezar —creo que non pode ser doutra maneira— enviando o pésame e o apoio da Xunta de Galicia, á que hoxe represento, ás familias das 138 persoas falecidas a día de hoxe por causa do covid-19. Á perda dun ser querido súmase, sen ningunha dúbida, á pena engadida pola imposibilidade de acompañalo no seu pasamento, de despedilo como seguro que quererían e de recibir o consolo do seu contorno. Polo tanto, lamentamos fondamente estas perdas e as circunstancias engadidas que están a sufrir e, por suposto, trasladamos tamén o apoio da Xunta de Galicia ás persoas contaxiadas, a día de hoxe, 4.646, en Galicia, e especialmente as 178 que se atopan agora mesmo nas UCI dos centros sanitarios galegos, e ás 879 que están hospitalizadas, e por suposto a todos os que pasan esta enfermidade no seu domicilio, a todos os maiores que están nas residencias e a todas as súas familias, e unha mensaxe de esperanza tamén; por sorte, nesta última semana comezamos a ver altas de pacientes —algúns deles estiveron moi graves, algúns deles estiveron na UCI—, un total de 435.

Cada día sabemos algo máis do virus, cada día intentamos ter máis recursos e, polo tanto, cada día que pasa creo que é ouro para todos, e, por suposto, moita forza, moito ánimo para todos eles, e creo que en Galicia sen ningunha dúbida todos e todas estamos con eles.

Vivimos días terriblemente complicados, e neste día a día do estado de alarma e de emerxencia creo que hai que agradecer tamén —e calquera intervención pública ten que empezar por aí— á xente que segue combatendo en primeira liña, por suposto, e non só aos sanitarios, traballadores non esenciais, esencialísimos, que atenden as persoas afectadas, arriscándose eles mesmos, pero tamén a todos os que están coidando as persoas maiores nas residencias, ás forzas e corpos de seguridade do Estado, aos militares despregados na nosa comunidade autónoma, ao persoal farmacéutico, traballadores e traballadoras do sector da alimentación, da distribución, transportistas, medios de comunicación, operadores xurídicos e administrativos, en definitiva, moitísima xente declarada como esencial, non só no traballo senón eles mesmos, que están a facer que Galicia siga funcionando en circunstancias tan difíciles.

Señorías, como explicou xa o presidente a semana pasada, dende a Xunta tamén temos que cumprir co noso deber, e tratamos de facer fronte a esta situación coa mellor axilidade no ámbito das nosas competencias e coordinándonos e combinándoas coas outras administra-



cións que tamén exercen as súas competencias, para intentar ser o máis eficaces posibles en circunstancias moi complicadas.

A Xunta de Galicia saben que antes de que o Goberno central decretase o estado de alarma xa constituíra a Comisión interdepartamental, con representantes de todas as consellerías, para facer fronte a esta situación, varios días antes de que tiveramos o primeiro caso en Galicia. Xa tamén antes de que se convocara o estado de alarma se fixeron contratacións, sesenta persoas, dous millóns de euros en materiais, expedientes urxentes, para ir anticipándonos á chegada dos primeiros casos. Limitamos uns días antes xa os aforos en locais, actos deportivos e culturais. Anticipámonos no peche dos centros educativos. Estableceuse un primeiro protocolo de actuación do persoal ao servizo da Xunta de Galicia, ao que logo se engadiu todo o que tivo que ver co teletraballo unha vez declarado o estado de alarma. E declaramos tamén, como saben, a emerxencia sanitaria, que supuxo o peche de todos os comercios, agás os esenciais, cando se activou o Platerga.

Foi a activación precisamente do Platerga no seu nivel de emerxencia de interese galego, o 13 de marzo, un día antes do decreto do estado de alarma, o que conlevou que se constituíra o Centro de Coordinación Operativa (o Cecop), de cuxas actuacións veño hoxe dar conta.

O obxectivo do Cecop é precisamente garantir o funcionamento e a operatividade do Platerga, que é tanto como dicir garantir o funcionamento dos servizos esenciais nun estado de emerxencia de interese galego, que foi o que se decretou o 13 de marzo.

O Cecop, en primeiro lugar, busca esta coordinación e busca garantir este funcionamento a través da súa composición. Están integrados non só os organismos que consideramos esenciais dende a Xunta de Galicia, organismos da propia Administración autonómica esenciais para garantir este obxectivo, senón tamén a Administración central a través dunha representación da Delegación do Goberno —o delegado do Goberno en persoa en varias reunións e, se non, sempre alguén representando a delegación—, e o conxunto das entidades locais galegas a través da Fegamp e a través do seu presidente —eu teño que dicilo, presente en todas as reunións do Cecop, o cal lle agradecemos sinceramente—.

E faino tamén pretendendo ser un foro de toma de decisións, de anticipo de medidas, de aterrizar as medidas do Goberno central e adaptalas á realidade e ás circunstancias da nosa comunidade autónoma, e, en definitiva, de garantir que todo se aplica inmediatamente coa máxima eficacia posible e cos mínimos —se pode ser, ningún— trámites burocráticos que poidan entorpecer esta aplicación directa.

O Cecop —como dicía— constituíuse o 13 de marzo, tense reunido catro veces de xeito formal, aínda que no medio hai moitísimas conversacións e moitísimas actuacións cruzadas. E nesas catro reunións formais tomou acordos relevantes, dos cales quero darlles conta dalgúns dos máis transcendentales.

Por dividilos en materias, en primeiro lugar, aquelas dirixidas a darlle unha resposta directa á emerxencia sanitaria, que é o que temos agora mesmo diante e, sen ningunha dúbida, á parte doutras moitas emerxencias, a que temos que atender con maior celeridade.



Acordouse xa na primeira reunión da Cecop solicitar ao Goberno central unha relación de medios materiais de urxente necesidade: EPI para os centros sanitarios, corpos de emerxencia e protección civil, para os servizos fundamentais e nos concellos, por exemplo, os de tratamento de residuos. Para poder facer probas diagnósticas, eu quero recordar que saben vostedes de sobra que o Ministerio de Sanidade asumiu centralizar a adquisición e a distribución de subministracións. E, polo tanto, esta solicitude do Cecop —que foi unha das primeiras que se adoptou— viña precisamente desa atribución asumida polo Ministerio de Sanidade.

Constituíronse tamén postos de mando avanzados provinciais, cunha función fundamental, que é centralizar as peticións, sobre todo dos concellos, acerca de necesidades de material sobre todo e organizar a súa distribución, ou cando menos colaborar con organizar a súa distribución aproveitando a estrutura que ten a Xunta de Galicia en todas as provincias. Co cal, centralizar peticións e colaborar na distribución non quere dicir en ningún caso —aínda que agora mesmo se estea asumindo— responsabilizarse de toda a subministración. Estes son órganos de colaboración e de coordinación coa Administración do Estado.

Acordamos tamén a activación ou máis ben a reconversión do Servizo de Prevención de Incendios de Galicia a esta situación, e, polo tanto, agora, sen descoidar —porque por desgraza algún incendio forestal se segue producindo— polo tanto ese obxectivo fundamental, reconvertelos para que rapidamente fagan o que xa levan facendo varios días, que é colaborar como elementos fundamentais á hora de desinfección e limpeza de moitos centros sanitarios e centros da terceira idade, especialmente —non só pero especialmente— no rural, en concellos de menos de cinco mil habitantes.

Solicitamos tamén —e estamos en coordinación con elas— actuacións das forzas armadas na nosa comunidade autónoma, da UME especialmente, pero non só, porque tamén a Brilat, con base en Pontevedra, está facendo un labor fundamental. E, polo tanto, a través do Cecop subministroulles e segue subministrándoselles unha priorización daqueles centros que consideramos máis urxentes e máis prioritarios para que actúen: centros sanitarios e centros sociosanitarios, e que, polo tanto, haxa unha actuación coordinada entre o que están facendo estas brigadas da Xunta de Galicia e o que están facendo a UME e a Brilat.

Creouse tamén o Comité de Fabricación de Emerxencia Sanitaria, coa finalidade —xa coñecida— de que todas aquelas empresas que se poidan reconverter, tamén coa axuda da Xunta —para isto saben que hai un fondo de ata dez millóns de euros—, para rapidamente cambiar a súa actividade —cando menos a súa actividade principal—, poidan fabricar o que agora máis interesa, que é elementos de protección, elementos sanitarios. Pois todo iso que estea coordinado, que non haxa duplicidades, que haxa a máxima eficacia posible, que as subministracións cheguen canto antes. E para iso creouse este Comité de Fabricación de Emerxencia Sanitaria, coordinado pola Xunta de Galicia.

Isto no que se refire á emerxencia sanitaria.

No que ten que ver co apoio ás persoas máis vulnerables e ás persoas que son esenciais neste momento, saben que se fixeron as xestións, xunto coa Administración xeral do Estado, para



conseguir que houbera establecementos de aloxamento abertos que permitiran que todo aquel persoal —non só o sanitario, o sanitario especialmente— que desenvolve traballos esenciais e que por moitas razóns estea en tránsito e necesite un lugar para pernoitar, ou simplemente porque —como no caso do persoal sanitario— é un desexo, é unha inqueda absoluta e comprensible que hai que atender, que non quere ir ás súas casas para preservar o máximo posible as súas familias, que teña un lugar onde quedar e que teña un lugar onde pernoitar para que ese non sexa un impedimento e se poidan centrar no seu traballo fundamental. Iso conseguíuse cunha lista de ata cento trece establecementos, unha lista dinámica que vai ir medrando en función das necesidades, e que, por suposto, garante nas cidades especialmente, onde se concentra a maioría dos centros sanitarios —non só aí, pero aí especialmente—, que haxa sempre aloxamentos turísticos, non só para este persoal esencial senón tamén para persoas que están en situación de especial vulnerabilidade: persoas sen fogar, refuxiados, persoas en risco de exclusión, vítimas de violencia de xénero, en definitiva, todas estas persoas que necesitan sempre unha axuda e nestes momentos especialmente.

Tamén, en colaboración aquí cos concellos, blindáronse os servizos básicos ás persoas sen fogar. Estoume referindo a albergues sociais, cocinas económicas, comedores sociais e centros de atención social continuada. Saben que se suspendeu tamén a actividade dos centros de día e de inclusión social e as visitas aos centros residenciais. Estableceuse que non era necesaria a renovación da demanda de emprego cando menos ata o 30 de abril, suxeito a que haxa que facer máis prórrogas, para evitar todos eses desprazamentos. E adoptáronse medidas para a flexibilización no pago de recibos de alugamento de vivendas de promoción pública e locais comerciais, que quedaron adiados en principio ata abril e —igual que no caso anterior— o tempo que sexa necesario mentres dure esta situación.

Tamén se acordou co IGVS que as axudas que se conceden nos bonos de alugueiro social e para mulleres vítimas de violencia machista non haxa que pagar absolutamente nada, porque a parte que non estaba sendo aportada pola Xunta de Galicia, a parte que tiñan que aportar os usuarios, esa parte, a partir de agora e mentres dure esta situación, tamén vai ser aportada pola Xunta de Galicia, e, polo tanto, estes colectivos quedan liberados de calquera pago neste sentido.

Tamén no ámbito da violencia machista, en coordinación co que está facendo a Administración do Estado, onte mesmo tiveron unha conversación telefónica coa ministra de Igualdade para coordinar as medidas que se están tomando tanto a nivel autonómico como a nivel estatal, unha reconversión sobre a marcha obrigada do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, para, nestes momentos en que é lóxico pensar —e, dende logo, temos que telo previsto— que os casos de violencia machista polo confinamento poidan aumentar, estar preparados para darlles unha resposta rapidísima a todas as vítimas que o demanden á hora de darlles un acollemento alternativo, poder atendelas e que o confinamento non engada aínda unha situación máis penosa á situación derivada de poder ser vítima de violencia machista. Afortunadamente, a día de hoxe a situación está sendo atendida. Polo menos en conversas coa ministra constatamos que non hai un aumento —e esperemos que isto siga así; se non, temos que estar preparados— dos casos que estamos detectando. Pero, dende logo, a nosa obriga é ter un plan de continxencia para, se se deran —que se poden dar perfectamente—, telos atendidos en tempo real.



No eido comercial e do turismo, os acordos do Cecop tamén foron claros e executivos. Acordamos nesa misión de interpretación que debe ter o Cecop en coordinación coa Administración do Estado algunha serie de cousas, unha serie de matizacións que era necesario para aclarar a xeneralidade ás veces e a certa ambigüidade —ata certo punto comprensible— que poidan ter os decretos estatais, que teñen que ter un ámbito de aplicación maior. E, polo tanto, adaptámoslos —como dicía antes—, aterrámolos na nosa realidade e tomamos decisións como permitir a liberdade de horarios nos establecementos de primeira necesidade, coas precaucións precisas, por suposto, e suspender —ás veces antes de que o decidira o Estado, que tomou esa decisión en moitos casos a mesma pero posteriormente— a actividade de certos establecementos —perruquerías ou fisioterapeutas, por poñer un exemplo—. Regulamos as condicións de venda directa de produtos agrícolas e gandeiros nos mercados tradicionais. E activouse un servizo de acollida provisional aos peregrinos no albergue público do Monte do Gozo; había moitos en tránsito e, polo tanto, necesitaban unha solución inmediata mentres non dispuxeran dun medio para regresar aos seus lugares de orixe.

No ámbito da función pública e de todo o persoal ao servizo da Xunta de Galicia —e ademais estas medidas despois foron adoptadas por moitas entidades locais—, á parte do protocolo que adoptamos antes de que se declarara o estado de alarma, seguimos —unha vez que se declarou este estado de alarma— adaptando a situación derivada da paralización de moitísimas actividades. E intentamos e conseguimos precisamente iso, que a Administración da Xunta de Galicia non se paralice. Habilitamos a posibilidade de teletraballo para unha cantidade creo que moi considerable —non a práctica totalidade pero unha parte moi importante— dos funcionarios da Administración xeral da Xunta de Galicia, que seguen traballando nos seus domicilios en confinamento pero a través dos medios que se puxeron á súa disposición a través da Axencia Galega de Novas Tecnoloxías. Acordamos tamén a suspensión e interrupción dos prazos para a tramitación de procedementos que non sexan esenciais e, polo tanto, que non se vexan os cidadáns prexudicados por esta situación á hora dos seus trámites coa Xunta de Galicia. Por suposto, tamén fixemos un filtrado daqueles procedementos que, precisamente, porque son esenciais neste estado de alarma, deben seguir tramitándose por parte da Xunta de Galicia, tanto por centros administrativos como prestación de servizos, subministracións e execución dalgunhas obras esenciais. Axilizamos tamén a través do Cecop os procedementos de incorporación de persoal temporal ou interino; agora mesmo é necesario —agora máis que nunca— que eses procedementos teñan a mínima burocracia posible, e, polo tanto, habilitamos os chamamentos telefónicos para nomear persoal interino, persoal en contratación temporal de carácter laboral, para conseguir que esas substitucións que son necesarias, esas incorporacións de novo persoal, se fagan do xeito máis áxil posible e —como dicía antes— que a burocracia non nos faga perder nin un só momento do precioso tempo que agora mesmo temos que aproveitar.

Por suposto, todas estas medidas —especialmente as de carácter administrativo, especialmente aquelas que supoñían desenvolvemento dos decretos a nivel estatal— foron comunicadas inmediatamente á Administración central do Estado, a través da representación da Delegación do Goberno no Cecop. Moitos deses acordos, á parte do seu coñecemento presencial, publícanse no propio *Diario Oficial de Galicia*, pero todos eles se transmiten directamente á Administración xeral do Estado para que, no tempo que eles estimen conveniente, fagan as súas matizacións, as súas correccións, e, se despois desas indicacións, é necesario



facen algún cambio respecto do acordado no Cecop, fanse, e, de feito, téñense efectuado, sen ningún problema e de acordo co noso compromiso; foron moi poucos, afortunadamente, porque creo que a coordinación aí está funcionando, pero os que son necesarios fanse.

Ademais de adoptar estas decisións no Cecop, estamos en coordinación tamén coa Sala de Control de Operativos (Sacop), que é outro organismo que se crea en función da declaración do estado de emerxencia previsto no Platerga, e que o que fai é facer de enlace con estes postos de mando provinciais aos que antes me refería e tamén con todo o que ten que ver xa co funcionamento do sistema de protección civil. Digamos que a Sacop xa é un órgano máis especializado nos temas que teñen que ver coa emerxencia propiamente dita e sobre todo co funcionamento do sistema de protección civil, e tamén co Cecop, que está creado na Delegación do Goberno e que atende sobre todo —non hai máis que ver a súa composición— os casos que teñen máis que ver co funcionamento das forzas e corpos da seguridade do Estado e co funcionamento da atención dos servizos de emerxencia.

Estamos todos os días, señorías, a través desta Sacop, solicitando información a todos os concellos de Galicia para coñecer o estado de funcionamento dos seus servizos de emerxencia e protección civil nestes momentos. Faise un seguimento desde estes postos de mando avanzados en cada provincia das actuacións que están levando a cabo todas as asociacións de voluntarios de protección civil e os grupos de emerxencia municipal (os GES). Hai catro mil efectivos agora mesmo dispoñibles para colaborar en todas estas actuacións. Dende que se activou o plan, hai 176 agrupacións de voluntarios que están a traballar, case dezaseis mil operativos están feitos a día de hoxe. Basicamente, céntranse en algo moi necesario e que, dende logo, hai que seguir facendo. Os concellos —especialmente os máis pequenos— necesitan esta colaboración, que é a repartición de alimentos e medicamentos —case catro mil actuacións—, visitas a persoas que viven soas para ver como están, para ver se necesitan algo, para asistilas, para levarlles estes medicamentos e estes alimentos; e a desinfección de lugares públicos, en colaboración cos GES, que tamén están facendo estes labores, e especialmente destacan en operativos de desinfección; 1.013 actuacións, das case dúas mil que levaron a cabo os GES, teñen que ver con actuacións de desinfección en lugares públicos.

Tamén —como lles dicía— as brigadas contra incendios, reconvertidas agora no seu labor, levan hoxe limpado —en varios casos en máis dunha ocasión— periodicamente máis de catrocentos centros de saúde e residencias en concellos de pequeno tamaño. E sen esquecer —dicíao antes tamén— os labores que están facendo de desinfección exterior, e nalgúns casos interior tamén, as forzas armadas, especialmente a Brilat e a Unidade Militar de Emerxencias.

Creo que é importante tamén outro acordo que hoxe adoptou o Consello da Xunta, proposto polo Cecop, que se executará coa supervisión deste Centro de Coordinación das Emerxencias, un acordo ao que chegamos co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia para, a través do 112, aproveitando a estrutura que xa está montada para atender durante todo ano aquelas situacións a través do GIPCE (do Grupo de Intervención en Emerxencias), atender as situacións que teñen que ver con catástrofes ou con acontecementos que requiren unha atención psicolóxica rápida. Imos instalar un sistema de atención psicolóxica para a cidadanía en xeral, complementada ademais coa atención que están dando os profesionais do Sergas. Esta re-



feriríase á cidadanía en xeral para que todas aquelas persoas, especialmente as que necesitan algún tipo de atención neste sentido derivada do confinamento, chamando ao 112, poidan ser derivadas a un profesional de psicoloxía que os poida atender en tempo real. Este vai ser un servizo que empezará a funcionar inmediatamente e estará, mentres dure o estado de alarma, cando menos, funcionando as vinte e catro do día. Insisto en que é un acordo co Colexio Oficial de Psicoloxía, a través do 112, e que vai permitir darlles atención psicolóxica a todas as persoas, á cidadanía en xeral, que así o demanden.

Tamén a través do Cecop se tomou un acordo importante do que creo que a súa efectividade está demostrada á vista das cifras a día de hoxe. Agora mesmo da lista de cento trinta efectivos que había dispoñibles de policía local a través dos sistemas de selección da Agasp para incorporarse aos concellos houbo trinta e catro concellos galegos que o solicitaron unha vez que se activou esta lista de profesionais para incorporarse de xeito temporal aos seus corpos de policía local, e xa son oitenta e catro auxiliares de policía local, persoas que están incorporadas aos corpos de policía local en calidade de auxiliares, que o estarán mentres sexa necesario, mentres dure esta situación, e que estaban nesa lista que non estaba activada, que se activou e que permite —xa digo: agora hai oitenta e catro xa incorporados, ata cento trinta— que os concellos os vaian solicitando; é unha incorporación practicamente instantánea de xente que xa ten formación, de xente que xa pasou un procedemento de selección e, polo tanto, que pode incorporarse rapidamente aos corpos de policía local que así o soliciten.

Polo tanto, señorías —hai outras medidas do Cecop que despois na réplica as podemos seguir desenvolvendo—, creo que estas son as máis importantes e é unha mostra do obxecto e da actividade deste organismo —insisto— en colaboración co resto das administracións, que estamos todas absolutamente ao mesmo, intentando xestionar unha situación cambiante, unha situación que ao que nos obriga é a anticiparnos e a adaptarnos a todas as dificultades que van xurdindo día a día e ao final poñer todos os recursos alí onde sexan máis necesarios do xeito máis inmediato posible.

Polo tanto, a coordinación e a colaboración institucional creo que ten que seguir sendo ou cremos dende a Xunta de Galicia que ten que seguir sendo o espírito que nos di a todos, espírito construtivo, vontade de cooperación, que se está mostrando —insisto— neste Cecop, onde está a Xunta de Galicia, varios departamentos, a Federación Galega de Municipios e Provincias e a Delegación do Goberno.

Sinceramente —e diso é do que veño hoxe dar conta— creo que a Xunta de Galicia, en nome de quen me corresponde falar, ten estado á altura con todas as dificultades e con todas as adaptacións que haxa que facer nunha situación que nos resulta absolutamente nova e absolutamente tremenda a todos os que estamos xestionando dende os postos de responsabilidade que nos toca exercer.

Segue habendo un problema —eu creo que tamén hai que poñelo aquí enriba da mesa— que leva persistindo xa durante varias semanas, dende o principio e que a día de hoxe se vai mitigando pero só en parte. Polo tanto, temos que chegar á súa solución, porque este é un problema que permite solucionar outros moitos que veñen despois. Estoume referindo á falta



de dotación de material. Volvo insistir en que foi o Ministerio de Sanidade o que asumiu a responsabilidade de centralizar a adquisición e a distribución, polo tanto —e dío a orde 234 do Ministerio de Sanidade (BOE do 15 de marzo)—, garantir a subministración de material sanitario a todas as comunidades autónomas. Sabemos o que pasou despois, sabemos que isto non se está a cumprir, dende logo non se está a cumprir na súa totalidade, e sabemos o esforzo que se está facendo dende as comunidades autónomas e, dende logo, dende a Xunta de Galicia para suplir a falta de efectividade de algo no que estivemos de acordo dende o principio. É moito máis sinxelo —e estano dicindo todos os representantes públicos—, nun mercado absolutamente tensionado a día de hoxe, como é o da adquisición de material EPI, nun mercado global e mundial, e ten moita máis forza un Estado de corenta e sete millóns de habitantes que unha comunidade de 2,7 millóns.

Pero a día de hoxe é certo que as subministracións que están chegando a Galicia en gran parte veñen das adquisicións da comunidade autónoma e é necesario que cheguen coa máxima fluidez. A demanda non cesa, a demanda é urxente e, polo tanto, o stock de emerxencia que tiña o Goberno galego permitiunos nos primeiros momentos atender esta demanda e atender tamén as peticións de axuda que nos están facendo outras administracións e tamén asociacións dende o sector privado. Os concellos, a través da Federación Galega de Municipios e Provincias, pediron a axuda da Xunta de Galicia, e esta axuda estamos intentando dala dende o principio, tamén na coordinación que se está establecendo a través do Cecop e das reparticións que primeiro empezaron a través das delegacións territoriais nun primeiro momento, cando houbo que establecelo todo rapidamente para que o material empezara a chegar; falouse coa Fegamp para establecer unha serie de criterios de distribución, algún criterio que era necesario establecer. A proposta primeira da Fegamp fora a de establecer unha repartición lineal, probablemente pola urxencia da situación e porque chegara á máxima cantidade de concellos posible; iso despois cambiouse case dende o principio, cos criterios propostos pola Xunta de Galicia e aceptados pola Fegamp, e que se basean —e son os que se están aplicando no día de hoxe— na poboación dos concellos aos que se destine o material, no número de casos positivos de covid-19 dos que se ten constancia en cada concello, no número de efectivos de emerxencia, tanto policía local, en concellos que a teñan, como efectivos de protección civil e grupos de emerxencia supramunicipal, e tamén un criterio creo que importante: o número de horas de SAF (servizo de axuda no fogar) que se prestan en cada concello, porque os profesionais que traballan no SAF necesitan estes materiais de protección.

O martes 24 e o xoves 26 de marzo fixéronse as primeiras entregas, chegamos a douscentos cincuenta e un municipios. Naquel momento era necesario ir recoller o material ás delegacións. Pensamos que isto había que intentar cambialo canto antes para evitar desprazamentos non innecesarios, naquel momento necesarios, pero que, se había outra maneira de poder evitalos, loxicamente isto entra en coherencia con todas as medidas que se están aplicando do máximo confinamento e intentar evitar desprazamentos. Por tanto, montouse esa plataforma loxística que está permitindo que a día de hoxe os envíos cheguen directamente a cada concello. Xa se fixeron reparticións o 30 e 31 de marzo. Ao final con esas dúas reparticións chegou a todos os concellos, exceptuando as sete cidades, e no día de hoxe, sobre todo no día de onte, eu creo que no día de onte xa se completou a repartición ás sete cidades, que eran os concellos que faltaban. Dixemos dende o principio que cando estiveran mini-



mamente atendidos o resto dos concellos de menor tamaño tamén sería necesario auxiliar as cidades; foi unha petición da Fegamp, reiterada esta mesma semana, e a día de hoxe os trescentos trece concellos de Galicia están recibindo material EPI dende a Xunta de Galicia.

Por darlles cifras, son catrocentas oitenta e oito mil luvas, duascentas trinta mil mascarillas (cirúrxicas basicamente), xel hidroalcohólico (case tres mil botes), traxes antisalpicaduras (doce mil quiñentos), batas (dezaseis mil), garrafas de desinfectante (cento vinte, de cinco litros) e lixivia (dous mil douscentos litros); todo isto en paralelo á subministración que está facendo a Xunta de Galicia aos centros sanitarios —loxicamente é a nosa responsabilidade e é o primeiro que hai que atender— e tamén aos centros de servizos sociais, que tamén é responsabilidade da Xunta de Galicia, agora tamén á maioría dos centros privados, que están de acordo en que sexa a Xunta de Galicia a que lles subministre, loxicamente despois dos acordos aos que haxa que chegar, pero agora mesmo é necesario que chegue a subministración canto antes, e tamén imos centralizar esta subministración aos centros de servizos sociais nesta plataforma para permitir entregas regulares e que a falta de material non sexa un problema engadido aos moitos problemas que agora temos enriba da mesa.

Polo tanto, señorías, imos seguir facendo todo o que estea na nosa man na Xunta de Galicia non só para prover deste material necesario, senón para intentar maximizar a máxima colaboración entre administracións. Cento oitenta e nove reunións a día de hoxe son as que se teñen mantido, por videoconferencia a súa inmensa maioría, con distintos axentes para traballar en emerxencias, sesenta e nove delas coa Administración xeral do estado, por proposta en case todos os casos —e é lóxico entender que sexa así— da propia Administración xeral do Estado, que segue mantendo reunións sectoriais, ás veces bilaterais e a maioría das veces co conxunto das comunidades autónomas, ás que por suposto sempre asiste a Xunta de Galicia e sempre asistirá, porque cremos —insisto— que a coordinación nestes momentos é fundamental.

Imos seguir reclamando esta coordinación, imos seguir reclamando loxicamente a chegada de material sanitario, que segue sendo importantísimo e que foi un compromiso do Goberno central coas comunidades autónomas. E, mentres, imos seguir cumprindo os nosos compromisos coas galegas e cos galegos, que é o compromiso fundamental que ten a Xunta de Galicia, e seguirilles pedindo que fagan todo o posible para gañar esta batalla contra o coronavirus.

Temos en primeira liña os profesionais sanitarios, os traballadores da alimentación, os transportistas, todos os que traballan no sector da limpeza, os que nos garanten as subministracións de todo tipo, os que seguen traballando en industrias que teñen sido consideradas esenciais, os que traballan dende a súa casa, os docentes, os operadores xurídicos e administrativos, todos os empregados públicos que están teletraballando, en definitiva, toda esa xente. Eles son os primeiros que seguen traballando e que seguen sendo fundamentais para gañar esta batalla.

Eu creo que a cidadanía —e estaremos todos de acordo—, que está tendo a nivel xeral un comportamento exemplar, está respectando as medidas de prevención. Todos aqueles que teñen que seguir traballando estano facendo con pleno convencemento.



En definitiva, creo que Galicia e o pobo galego está demostrando unha solidariedade que se pon ademais de manifesto —e creo que tamén é xusto dicilo aquí— nas doazóns de material que se están recibindo de diferentes empresas e organismos, sanitarios tamén, e que nos fai sentirnos orgullosos da sociedade e do pobo que temos.

Polo tanto, estamos todos construíndo a loita contra o coronavirus co exemplo de moitísima xente, con moitísimos exemplos anónimos. Eu creo que o temos que facer é estar á altura de todos eles e, de momento, estamos traballando dende a Xunta de Galicia —e creo que todo o mundo está facendo o mesmo— para intentar conseguilo.

Polo tanto, nada máis, moitas grazas e moito ánimo dende aquí a toda a xente que nos pode estar vendo para seguir traballando unidos.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a limpar o estrado.)

Agora imos pasar á rolda dos grupos parlamentarios.

Grupo Parlamentario Mixto, señor Rodríguez Estévez.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: Grazas, presidente.

Bo día a todos e a todas.

A situación que vivimos pola pandemia do coronavirus é o maior problema de saúde pública nestes tempos modernos aos que se enfrontou este país. Ten unha importante repercusión social, unha importante repercusión económica, alén da emerxencia sanitaria, debido ás restricións acordadas nun intento de conter a propagación do virus.

Cómpre volver a vista atrás para valorar cuestións como se se minusvalorou o calado do problema ou se tardou demasiado en adoptar medidas preventivas, porque esta crise, alén de non estar aínda concluída, apunta para un novo escenario aínda máis preocupante, e é que van poder repetirse periodicamente durante os vindeiros anos estes episodios.

Nesta situación entendemos que a responsabilidade e transparencia na xestión é esencial. En canto á responsabilidade, como xa lle indicamos aquí ao señor presidente da Xunta a semana pasada, nunha situación de excepcionalidade precísanse medidas valentes, precisamos dotarnos de mecanismos que suplan as carencias que veñen dadas dende Madrid, e precisamos autogoberno, pois o autogoberno é responsabilidade, responsabilidade que o Goberno actual non está a exercer.

E repetimos o que dixemos a semana pasada: os recortes, a privatización nos servizos públicos galegos polo actual Goberno non é un problema de Madrid, foi e é unha acción do ac-



tual presidente da Xunta. Vostede hoxe volveu botarlles a culpa aos outros porque se esgotou ese stock de emerxencia; se cadra temos que pensar que era insuficiente o stock que tiñamos aquí para unha emerxencia.

Entendemos que é precisa unha coordinación e a cooperación do Executivo central, pero, por suposto, Galiza ten as súas peculiaridades —xa o dixemos o outro día— poboacionais, de dispersión xeográfica, de tecidos produtivos, etc. Por iso Galiza precisa de solucións diferentes, e aí é onde temos que amosar o noso autogoberno.

A Xunta, en vez de reclamar e de exercer as súas competencias fronte á centralización imposta coa declaración do estado de alarma, asume un papel subsidiario. É esencial protexer e coidar os colectivos máis vulnerables ao contaxio. Debemos protexer e coidar os nosos maiores, o persoal sanitario, o persoal de atención social ou o persoal de actividades esenciais. A xestión dende a proximidade amósase máis eficaz para detectar problemas, incluso para confinar e protexer a poboación. De aí a insistencia na necesidade dese autogoberno.

En canto á transparencia, a Administración pública galega debe ser coherente e debe ofrecerlle á cidadanía a información que lle demanda, pois cando aumenta a información na sociedade, ao xeneralizar o acceso á mesma, propíciase un mellor coñecemento das oportunidades, circunstancias e procedementos que existen, así como se abren novas perspectivas para a toma de decisións.

Nesta situación de incerteza, a poboación debe estar informada de xeito transparente, non só a medias. As medidas que levou a cabo o Goberno galego neste eido moitas veces non foron as adecuadas.

E podemos falar de datos. Eu non quixera pensar que están vostedes enganando a cidadanía galega. Digo isto porque están a computarse por separado os datos da Consellería de Sanidade e os dos Servizos Sociais, e non cadran as cifras. Facendo un seguimento dos de Política Social non pode ser que dun día para outro diminúan os positivos nalgunhas comarcas sen aumentar persoas falecidas ou recuperadas. Entón, exixímoslle transparencia na información, xa que os datos son contraditorios no día de hoxe.

Falou vostede aquí do Cecop, no acordo do Consello da Xunta dese 13 de marzo que declaraba a situación de emerxencia sanitaria de interese galego e activaba ese Plan de emerxencias de Galicia, o Platerga, coa seguinte asunción de todas as actividades de emerxencia. A activación do Platerga implicou a constitución deste centro de coordinación operativa, o Cecop, para garantir o funcionamento e a operatividade do plan. É certo que neste acordo se prevé para o desenvolvemento que se diten ordes e que se diten instrucións que afecten dereitos da cidadanía nos termos establecidos pola lei, pero vemos algúns acordos que poden chegar a ser cuestionables dentro deste plan.

E tamén temos que partir da base de que o Platerga se amosou insuficiente na súa concepción de situacións coma esta. Pero iso é algo que vimos denunciando, que denunciemos xa cando foi na vaga de lumes que houbo no ano 2017, pois a lei e os plans de emerxencia de Galicia están a medio desenrolar, e entón agora pasa o que pasa.



Acordos cuestionables. Pois nalgúns puntos, como poder ser no punto 5.1.1, en relación coas medidas de vivenda, vemos insuficientes as medias tomadas por vostedes, pois non se resolve o pago de arrendamentos que teñen como cobrador o Instituto Galego da Vivenda. Referido ao mes de marzo, debería ser como mínimo rateado. E tampouco se aportan solucións para os vindeiros meses, para estes arrendatarios. Aluden vostedes aquí só ao mes de abril, cando as repercusións económicas nesta crise van ir moito máis alá desta data.

No relativo á sanidade, criticamos a pouca transparencia nos datos sobre as contratacións ás que se fai referencia no acordo, pois non se sabe nin que se contratou, nin a quen, nin que cantidades, nin en que condicións laborais. Non sabemos con que recursos conta o sistema sanitario de Galiza e cales fan falla. Neste punto plantéxansenos tamén cuestións relativas a se temos que remitir doentes fóra de Galicia, e se están contempladas estas situacións e os problemas que poderían acontecer durante o traslado. E igual se temos que acoller doentes que veñen doutras comunidades ou incluso doutros países.

Gustaríanos saber se hai relación entre as necesidades e as cantidades contratadas, así como se hai EPI —equipos de protección individual— no día de hoxe suficientes.

No acordo tamén se establece como unha das funcións dos postos de mandos avanzados provinciais ser punto de información para os concellos e recadar información sobre funcións vinculadas coa actividade do covid-19 que se están realizando nos diferentes concellos. Vostede mesmo xunto co conselleiro de Sanidade mantiveron xuntanzas cos representantes da Fegamp para reforzar a coordinación e para manter informados os concellos sobre o seguimento do coronavirus. Nunha destas xuntanzas, vostede afirmou que moitas das medidas adoptadas inciden directamente nas persoas e nos concellos, como administración máis próxima á cidadanía, que teñen en moitos casos que implementalas, polo que é preciso facilitarlles de primeira man e resolverlles as dúbidas que lles xurdan.

Para nós esa transparencia debe garantirse non só para os concellos, que tamén, senón para toda a cidadanía, pois sabemos que hai concellos moi responsabilizados que se encargan de difundir toda a información á veciñanza, pero tamén hai concellos que non o fan e que están xerando incerteza e desasosego na poboación.

E a vostedes cos concellos colleunos o toro. Vostede acaba de afirmar aquí que entregaron o material o día 30-31 de marzo. ¡Home!, mire o día 30 e 31 de marzo que estado de avance tiña xa a enfermidade no noso país. Chegaron tarde co material que lles entregaron, chegaron tarde coas medias, xa que moitas alcaldesas e alcaldes xa as implementaran ante a falla de resposta da propia Xunta de Galicia.

Entendemos que, dada a situación, a Xunta debería habilitar na súa páxina web un mapeo actualizado por concellos, onde consten os datos positivos, pois esa información é relevante. E é relevante tanto para os propios concellos afectados como para os concellos que están na contorna, os concellos dos arredores, así como para a propia poboación en xeral. Pois é un medio de reducir riscos de contaxio ao extremar as precaucións nos concellos onde máis focos se detecten. E voulles poñerlles un exemplo: os concellos de onde eu vivo, de Manzaneda, Chandrexa de Queixa e A Pobra de Trives, comunican todos os días, a través de bandos



nas redes sociais, os casos positivos dos concellos que pertencen ao PAC de Trives —xesto que a veciñanza agradece fondamente—, mentres que noutros concellos do Macizo apenas se coñecen eses datos.

No relativo á intervención das residencias, gustaríanos saber se teñen un plan de dotación de equipos de prevención e subministración dabondo para os citados centros. Polo que se coñeceu estes días, as súas estimacións de ocupación deses centros quedaron moi pequenas, ao encherse dous deles case ao día seguinte de habilitalos, e agora mesmo temos persoal suficiente para atendelos. De ser así, pódese garantir a seguridade do persoal que vai implementar o protocolo do anexo II do Cecop.

No tocante ao servizo de prevención e defensa contra incendios forestais, este é un servizo de emerxencia —por fin, recoñéceno—, está recollido na lexislación. Sabemos de primeira man que houbo algunha formación específica en prevención de riscos biolóxicos ao respecto e que lle fixeron dotación de EPI. ¿Que pasa? Que o tivemos que facer agora á présa e correndo, e tivémolo que facer coa UME. ¿Por que? Porque a Lei de emerxencias está sen desenvolver. Isto xa o tiñan que ter feito antes.

Falou vostede de que regularon a venda directa de produtos agrogandeiros. Non, señor presidente, vostedes pechárona; non digan que a regularon porque a pecharon. E, ademais, iso xa o recoñeceu aquí o presidente da Xunta.

E temos que falar da Lei de emerxencias e facer unha crítica ao escaso grao de desenvolvemento dela. No seu artigo 1, «Obxecto e ámbito de aplicación», a propia lei dinos que vai dirixida a adoptar medidas preventivas que eviten situacións de risco,...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: ...de risco ordinario, a protexer a integridade das persoas e dos bens de titularidade pública ou privada; di que a protección civil é un servizo público esencial; para os efectos da presente lei, que se entende por emerxencia unha situación que vén sobrevida, de carácter inesperado, e que a lei é de aplicación en todo o territorio. Entón, coa introdución, só co artigo 1, do obxecto e ámbito de aplicación da Lei de emerxencias de Galicia, tiña que ser suficiente para que todos os mecanismos que se recollen nesta lei estivesen dotados de material e de formación específica antes de que viñese esta pandemia.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: Grazas, presidente.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a limpar o estrado.)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Pontón.



A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Estamos vivindo tempos de adversidade, mais é precisamente na adversidade cando unha persoa, unha sociedade ou un país demostra do que é capaz. E unha vez máis nós vemos con orgullo que Galiza é un gran país, que planta cara á adversidade e que os galegos e as galegas van por diante dos gobernos. Van por diante e plantan cara á adversidade cando se autoorganizan para facer máscaras, traxes e pantallas para quen os precisa. Van por diante e plantan cara á adversidade cando cumpren con enteiraza as medidas de confinamento. Van por diante e plantan cara á adversidade cando se organizan para facerlle a compra a ese veciño que vive só. Van por diante e plantan cara á adversidade cando espallan cultura de xeito altruísta. Van por diante e plantan cara á adversidade todas as persoas que cada día, aínda con temor, porque moitas seguen sen ter os medios de protección, acoden ao seu posto de traballo para garantir que poidamos adquirir alimentos, medicinas, atención telefónica, que teñamos xornais, radios ou televisión informando, ou outros servizos básicos.

É obrigado facer unha mención especial á profesionalidade, á entrega e á humanidade que está a ter o persoal sanitario. Desde logo, a mellor maneira de devolverlles un pouco do que nos dan é defender unha sanidade pública, libre de recortes, de precariedade e privatizacións.

E quero, ¿como non?, trasladar en nome propio e do BNG un abrazo a todas as persoas que perderon un ser querido e que teñen que sumar á dor desa perda non poder compartila cos seus. Teñen que saber que a súa dor é a nosa dor.

E permítanme tamén enviar todo o ánimo e forza ás persoas que loitan contra o virus, desde as súas casas, desde os hospitais, desde as residencias ou desde as UCI. A todos e a todas elas hoxe tamén unha mensaxe de esperanza, pois cada vez son máis as altas e as persoas que superan a enfermidade. Estamos convencidos e convencidas de que imos superar esta crise entre todos e entre todas.

Mais tamén quixera hoxe lamentar que ao mesmo tempo que no Parlamento de Galiza, sede da soberanía galega, se fala sobre a pandemia, teñamos uns medios públicos que en vez de retransmitir este pleno, pois están retransmitindo un programa como *A revista* ou que empezaron retransmitindo un programa de cociña. Desde logo, non se entende que gastemos cen millóns de euros nos medios públicos deste país sen nin tan sequera no medio dunha pandemia son capaces de modificar ese guiión de manipulación da TVG, que segue estando ao servizo dos intereses de Feijóo e non ao servizo dos intereses dos galegos e das galegas.

Señor Rueda, eu hoxe quero reiterarlle toda a vontade do BNG de traballar con lealdade, de colaborar, para construír unha posición de país para facerlle fronte á grave emerxencia sanitaria e social en que vivimos. Nós aquí estamos para colaborar en todo o que sexa necesario. Entendemos que hai unha prioridade que nos une, que é salvar vidas, coidar a saúde das persoas e facerlle fronte a unha crise económica e social da que xa estamos vendo as primeiras consecuencias. Hai un incremento do paro, hai máis de 157.000 persoas en Galiza cun ERTE, e xa sabemos que isto só é a punta do iceberg, porque vai haber un impacto económico



moi forte. Polo tanto, nesta situación de emerxencia, vontade clara e man tendida ao Goberno para traballar polo ben de Galiza, porque esa é a nosa prioridade.

E a nosa lealdade con Galiza é total, e, desde logo, debémonos aos galegos e ás galegas. E por lealdade poñemos sobre a mesa de xeito construtivo as medidas necesarias para conseguir eses obxectivos, para conseguir salvar vidas e para conseguir evitar que caian os traballadores e as traballadoras e o tecido empresarial galego. Pero lealdade non é mirar para outro lado cando as cousas non se fan ben.

Precisamente por lealdade dixemos desde o primeiro momento que había que pechar os focos de contaxio e blindar as zonas menos afectadas. Hoxe, todo o mundo reconece que foi un erro non pechar Madrid e blindar Galiza.

Tamén dixemos que era necesario parar toda a actividade non esencial. Esa medida chegou, aínda que tarde e con problemas na súa materialización.

E tamén dixemos e seguimos insistindo en que é necesario e urxente facer test masivos a toda a poboación, porque é a mellor maneira de localizar focos e previr contaxios. E esta medida aínda se pode adoptar.

E poden crerme que cando sinalamos erros facémolo con vontade construtiva e por lealdade, porque é evidente que hai moitas cousas na xestión desta crise nas que non se acertou. E poden crerme que nós o que máis queremos é que os gobernos acerten polo ben de todos e de todas.

Porque se hoxe todo se fixera ben non teríamos o Estado español superando a Italia en número de persoas contaxiadas e falecidas. É evidente que algo está fallando. E temos a obriga de dar o mellor de nós mesmos, de poñer sobre a mesa todas as medidas que sexan necesarias, para facerlle fronte a esta crise e, desde logo, actuar con humildade, fuxindo de triunfalismos e de autocompracencia. Porque é evidente que tanto a Xunta como o Goberno central infravaloraron a alerta da Organización Mundial da Saúde, que non houbo anticipación e que as medidas se están tomando de xeito tardío, que algunhas son erróneas e que son insuficientes.

Un exemplo desas decisións tardías, erróneas e insuficientes é o que está acontecendo nas residencias de maiores. Unha situación que fai que nos salten todas as alarmas e que tamén se nos rompa algo por dentro cando vemos o que está pasando nesas residencias, porque as persoas maiores deste país merecen respecto e servizos dignos. Desde logo, é desgarrador, pártese algo por dentro escoitando a chamada desesperada que facían as traballadoras de Celanova, ou as testemuñas de familias que están preocupadas polo que pasa dentro das residencias, porque non teñen información. E nós cremos que isto é intolerable, que non pode volver pasar e que, por desgraza, non se teñen tomado as medidas precisas para evitar que se poida dar no futuro. E isto, señorías, non mo tomen como unha crítica, senón como unha crónica do que está pasando.

Por iso nós insistimos en que é necesario un plan de choque nas residencias para que a Xunta interveña todas as residencias privadas, anticipándose aos problemas, que ten que haber



garantías de material de protección necesario, que hai que facer test masivos con celeridade a residentes e persoal. Non pode ser que o presidente da Xunta anuncie esta medida cando xa vai haber dúas semanas que a situación é dramática. Hai que permitir que aquelas familias que queiran coidar neste momento os seus familiares o poidan facer e, polo tanto, permitirles que poidan sacar os seus familiares das residencias, garantindo que nin residentes nin familias están infectadas.

E, desde logo, tamén hai que anticiparse a outros problemas que se poden dar, por exemplo, nos centros de persoas con discapacidade, para evitar que se repita o mesmo drama, tendo xa en conta que hai positivos en Sarria, Redondela, A Coruña. Ou noutros segmentos onde pode haber problemas, como é no ámbito psiquiátrico.

E nós, hoxe, señor Rueda, queremos facer un recoñecemento ao labor dos concellos, que, evidentemente, en moitos casos sen medios, están facendo un labor moi importante, que hai que recoñecerlles en ámbitos como o de atención ás persoas sen teito, con poucos recursos, e en atención ás persoas maiores, así como un recoñecemento tamén a todas as deputacións. Eu creo que vostede, cando enviou unha carta aos concellos hai uns días, se esqueceu de facer un recoñecemento a todas as institucións. Porque non só hai unha deputación que estea actuando, senón que hai que recoñecer que, por exemplo, deputacións como a da Coruña están facendo un esforzo extraordinario por poñer recursos a favor dos concellos; tamén na Deputación de Pontevedra e tamén na Deputación de Lugo, onde están mobilizando moitos recursos e poñendo todas as infraestruturas ao seu servizo. Desde logo, non hai unha soa que sexa un exemplo.

En todo caso, señor Rueda, nós o que lle pedimos é un esforzo maior á hora de enviar material, sobre todo nun servizo tan sensible como é o de axuda ao fogar, que hai que recordar que é unha competencia delegada da Xunta, que neste momento o material que hai non chega e que, desde logo, o que está chegando faino dunha maneira tardía, como vostede mesmo recoñece, porque empezaron estes días a enviar material. Se houbera previsión, esta situación sería outra.

Tamén queríamos facerlle algunhas preguntas e algunhas propostas. As preguntas:

¿A cantas persoas se lles fixo a proba de coronavirus? Queremos saber o número de persoas e non o número de test que se realizaron, se chegan as UCI para atender o pico previsto, se teñen previsto usar todas as infraestruturas sanitarias públicas e privadas antes de ir ao recurso dos hospitais de campaña.

Queremos saber, señor Rueda, por que non se está actuando con transparencia en relación coas oposicións. Hai miles de persoas pendentes que teñen dereito a saber cal é a decisión da Xunta.

E, por último, ¿por que non consensúan co sector escolar unha saída a como vai acabar este curso?

Por último, as propostas. Un país necesita sempre impulso do Goberno, moito máis nunha crise, e por iso nós lle pedimos lideralo como goberno e que deixen de botar balóns fóra. Desde o BNG propoñemos que hoxe neste pleno cheguemos a catro grandes acordos de país:



O primeiro, reforzar a sanidade pública e os dereitos, con condicións dignas para as contratacións que se están facendo nesta crise, non á precariedade, intervir a sanidade pública para poñer todos os recursos para atallar esta crise, e igual atención sanitaria a estranxeiros e emigrantes sen papeis.

En segundo lugar, garantir o material de protección necesario para minimizar contaxios e test masivos. Para iso, ademais das compras, hai que poñer en marcha un plan real de autoabastecemento para poder dotarnos de todo ese material que se necesita...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...—xa remato— Esta vai ser unha medida clave, non só agora, senón de cara ao futuro.

En terceiro lugar, un fondo extraordinario para facerlles fronte ás consecuencias económicas e sociais da crise do coronavirus, que ten que dotarse con todos os fondos da Xunta que se poidan reestruturar para esta finalidade, captando fondos europeos e reclamando os 60.000 millóns de euros do rescate bancario, e que unha parte diso sexa transferida a Galiza.

Por último —e remato, presidente—, hai que recuperar e fortalecer o autogoberno. Está claro que se algo nos ensinou esta crise é que a centralización de competencias e as receitas únicas foron ineficaces, como vimos no caso da sanidade. É o momento de propoñer a recuperación e o reforzo do autogoberno, porque nós cremos que hai que cooperar, pero unha cousa é cooperar e outra centralizar...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PONTÓN MONDELO: ...e porque se algo sabemos é que necesitamos respostas propias...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PONTÓN MONDELO: ...ante unha crise na que non vale o café para todos.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PONTÓN MONDELO: Se a afectación é diferente, non uniformemos a saída e deamos respostas axeitadas á evolución do virus en Galicia e tamén..

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas, grazas.

A señora PONTÓN MONDELO: ...ás súas consecuencias económicas.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas.



(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a limpar o estrado.)

Polo Grupo Común da Esquerda, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Bos días a todas e a todos.

Dicía o señor vicepresidente que moito ánimo á xente que nos está vendo a través da web do Parlamento, e súmome ao que dixo Ana Pontón, pois creo que non é de recibo que este tipo de debates non estean sendo retransmitidos pola televisión pública galega, que polo que se ve, cando comparecen outros, sempre ten espazo para que interveñan e que fagan propaganda.

A comparecencia, señor Rueda, foi un pouco decepcionante no sentido de que se transmitiu pouca información e de pouco calado nalgúns casos. Non é que non coincidamos en moitas das medidas que vostede puxo sobre a mesa, pero botamos en falta moitas outras. Non sabemos se é porque non quixo dar a información ou porque non hai máis medidas, e máis ambiciosas, dentro da actividade do Goberno.

Por exemplo, o outro día dixémolo: cando se está a facer propaganda e anunciando hospitais de campaña en Compostela, na Coruña e posiblemente en Vigo, ¿cal é a utilización que se está a facer das posibilidades que o marco do estado de alarma dá de utilizar os recursos da sanidade privada en Galicia? Queremos datos, porque cando a vostedes lles convén, dan datos. E queremos saber cales son os datos de utilización da sanidade privada, dos seus recursos. É a segunda vez que os pedimos na sede parlamentaria, e non os temos. Polo tanto, cremos que é de recibo que as cidadás e os cidadáns saiban que esa sanidade privada con vostedes acadou cotas de mercado históricas, ata o 26,5 % de cota de mercado na sanidade deste país nos peores anos da crise; nunca tanto negocio fixo a sanidade privada neste país como nos anos do seu goberno. Pois agora, polo menos, que arrimen o ombreiro algo, que dean só unha mínima parte á sociedade, ao interese xeral, e que non fagan como estiveron facendo, convidando os traballadores e as traballadoras a colleren vacacións forzosas ou a despedilos.

Botamos en falta tamén medidas no eido económico e social. Xa o dixemos a semana pasada: autónomos. Galicia é unha das catro ou cinco comunidades autónomas que non habilitou axudas directas para autónomos. Euskadi, máis de 3.000 euros de axudas directas a autónomos para os vindeiros tres meses; Cataluña, 2.000 euros; Valencia, entre 3.000 e 7.000 euros de axudas directas a eses autónomos que quedaron dun día para outro sen ingresos, que tiveron que pechar cafeterías e diversos locais. A Xunta ten competencias, ¿por que non tomou ningunha medida de axuda directa aos autónomos?

Por exemplo, vivenda. Aquí vostede dixo: bono alugueiro social. Supoño que será para todos os beneficiarios, para as vítimas de violencia de xénero. Creo que son para todos os beneficiarios; iso está ben, pero é moi insuficiente. Porque vostede sabe o que se necesita para ter acceso ás axudas do bono alugueiro social, que son moi limitadas. Unha persoa que dun día para outro queda sen ingresos non pode xustificar ser beneficiaria de bono alugueiro social, e vai ter que pagar igual o seu alugueiro. Polo tanto, queremos saber que medidas se van



tomar para esa xente que queda sen ningún ingreso e que ten que pagar o seu alugueiro. Por agora non coñecemos ningunha, nin sequera no parque público de vivendas de Galiza.

Onte no *Boletín Oficial de Euskadi* publicábase unha medida onde o Goberno vasco exoneraba durante tres meses o pago das rendas do parque público de vivendas vasco. ¿A que espera a Xunta de Galicia para anunciar unha medida similar? Que a xente que quedou sen ingresos, que ten que pagarlle unha renda ao IGVS deixe de pagar, e non pague se non ten os ingresos, evidentemente.

Ou, por exemplo, hoxe, Valencia anuncia unha moratoria para os locais comerciais de tres meses, con posibilidade de que sexa exención total. Botamos en falta ese tipo de medidas, porque os comerciantes galegos e as comerciantes galegas teñen as mesmas necesidades e están sufrindo a mesma dureza da situación que os valencianos, que os vascos e que os cataláns. E merecen un Goberno que se preocupe por eles. E non escoitamos ningunha medida, polo que sabemos non se publicou ningunha medida.

Neste caso, non é que vostede non quixera dar información, é que non hai información que dar porque vostedes non tomaron medidas neste sentido. Hai moita xente que o vai pasar moi mal, que o está pasando moi mal, máis alá do sanitario, senón tamén polo económico. O Goberno galego ten que tomar medidas, e non está tomando medidas, non está tomando a dianteira, vai na cola das comunidades autónomas que toman medidas económicas de apoio á xente.

¿Que pensa a Xunta de Galicia dun ingreso mínimo vital para quen quede sen ingresos nin prestacións, que tamén hai casos, máis alá da Risga, e que non sexa a Risga, que ten un trámite de máis de tres meses de media, por exemplo?

Tamén para iso queremos empezar a saber se o Goberno galego ten pensada unha saída económica e social a esta crise. Dixemos o outro día que había que facer uns novos orzamentos. E neses novos orzamentos teñen que estar pensadas as medidas de apoio á xente, pero tamén os ingresos de onde se van sacar.

O outro día o señor Feijóo anunciou como medida económica neste parlamento o aprazamento dos impostos autonómicos. Eu creo que se equivocou de ámbito, pois non é unha medida económica; en tal caso será unha medida sanitaria para que a xente non os pague. Porque non pode ser unha medida económica que, coa que está caendo, o Goberno galego decida como medida fiscal aprazarlles o pago ás persoas que teñen máis dun millón de euros de patrimonio. Xusto esas persoas que van ter que contribuír máis nos tempos que veñen. Teñen vostedes que darlle unha volta de 180 graos á súa política fiscal, de beneficios fiscais aos grandes patrimonios.

Non poden seguir vostedes e Madrid co modelo de exencións fiscais aos ricos, porque veñen tempos duros. E se a saída da crise ten que ser xusta, vai ser porque haxa políticas fiscais xustas.

Insisto: novo orzamento, nada escoitamos.



Vostede tamén dixo que no Cecop adaptaban os decretos estatais á realidade galega. Pero o certo é que aquí non regularon os mercados de venda directa; aquí prohibiron os mercados de venda directa. Estes non se poden celebrar. Cremos que é un erro e que non se sostén. O señor Feijóo dixo aquí que era porque o Goberno do Estado así o impoñía, pero soubemos despois que Baleares, en cambio, si aplicou unha regulación para que se puidesen celebrar uns mercados, que son máis importantes que nunca, porque se dura esta pandemia en situación de confinamento é fundamental ter acceso aos alimentos dos mercados locais.

Vostede non dixo nada sobre se atenderon as demandas das traballadoras e dos traballadores do 112 de medidas de seguridade ante a pandemia, que están pedindo unha serie de cuestións para diminuír os riscos.

Tamén é importante sacar conclusións para o futuro desta crise. A xente do 061 está dando o callo nesta situación, nunha situación tan difícil despois de meses sen cobrar por parte da empresa. Nós reclamamos a xestión pública do 061 durante os últimos anos. Cobra máis sentido que nunca que eses servizos os dea directamente a xestión pública. Levan meses sen cobrar e están dando o callo.

Hai que sacar —insisto— conclusións das políticas de recortes contra da xente que se viñeron desenvolvendo neste país polo seu goberno. Vostedes teñen que sacar a conclusión de que os recortes en sanidade levan consigo maiores dificultades para afrontar crises coma esta; custan sufrimento, dor e mortes.

Neste momento, se Galicia tivese as mesmas camas que tiña cando vostedes chegaran ao goberno, teriamos oitocentas camas máis. Se Galicia tivese a media de médicos por cen mil habitantes que ten a media estatal, teriamos setecentos trinta médicos máis, e teriamos novecentos corenta e cinco enfermeiras máis.

Ben, iso agora é un recordatorio para o que vén despois. Temos que abandonar esas políticas, temos que apostar polo público, polo colectivo, e temos que apostar por políticas que o reforcen.

Tamén queremos salientar unha vez máis que é o momento de traballar, de coordinar. Nós comprendemos perfectamente todas as dificultades que dun día para outro ten xestionar esta pandemia; sabémolo. O que é difícil tamén de explicar —e falarémolo na seguinte intervención— son cuestións concretas, como é o caso das residencias de maiores. Cando en Italia, cando en Madrid, o 6 de marzo, hai a primeira morte por coronavirus nunha residencia de maiores, ¿como o Goberno da Xunta non se anticipou? Cremos que é fundamental tomar leccións do acontecido. As medidas despois de moitos anos de precariedade laboral e de escaseza de recursos son moi difíciles de tomar en semanas.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a limpar o estrado.)



Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, señor Caballero.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: Bos días.

Grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados.

Seguimos en momento de alta complexidade para a sociedade e para o país no que vivimos. Unha crise sen precedentes que afecta o conxunto da economía global, o conxunto dos países, con distintos niveis de incidencia, e nos que a fraternidade e a loita da cidadanía supoñen o mellor baluarte para conseguir afrontar os retos de futuro.

Queremos, en primeiro lugar, trasladar toda a nosa fraternidade, o noso apoio, o noso agarimo ás familias galegas que perderon ao longo desta crise un dos seus membros. O noso pésame, o noso acompañamento, todo o noso agarimo e proximidade a cada unha das familias que sufriron a perda dun ser querido en circunstancias tan excepcionais.

E xunto a iso, dende logo, o apoio a todos aqueles cidadáns galegos e galegas que están hoxe afectados polo virus, con distintos niveis de gravidade; moitos deles sen síntomas nas súas casas, cunha vida dentro do confinamento máis ou menos normal. Pero, especialmente, esa fraternidade tamén para os que teñen situacións de maior gravidade, para aqueles que están ingresados e especialmente para aqueles que están nas unidades de coidados intensivos.

Trasladamos o orgullo do comportamento dos galegos e das galegas, que están amosando ser unha cidadanía madura, serea, que asume unha situación imprevista hai uns meses e de altos riscos con maiores garantías que nunca, con maior capacidade de responder de forma solidaria.

O confinamento fainos pensar nos maiores, en máis de cen mil galegos, cento vinte mil maiores, que viven na soidade das súas casas. Tamén naquelas familias con nenos e con nenas, que levan xa varias semanas sen poder saír ás rúas e que están vivindo a súa infancia cun feito excepcional que, dende logo, non van esquecer.

Toda a fraternidade a medida que vai transcorrendo esta crise, sen dúbida, tan grave, e co noso agradecemento a todos aqueles que permiten que o país poida seguir funcionando no básico. Ao persoal sanitario, en primeiro lugar, heroes e heroínas dunha situación de loita na que en moitas ocasións, con mecanismos de protección insuficientes, afrontan a necesidade de salvar a saúde da cidadanía; aos profesionais dos servizos sociais que axudan os nosos maiores, os dependentes; ás forzas de seguridade; á cadea alimentaria; tamén aos servizos de loita contra incendios, que están facendo tarefas vinculadas á limpeza, ás que fixo referencia o señor vicepresidente.

A saúde é o primeiro. Sen saúde non conseguiremos ter tampouco economía: Polo tanto, queremos sinalar que respaldamos tamén a situación de paralización que se dá ao longo destas dúas semanas de toda actividade económica non esencial. A cidadanía está asustada,



preocupada, sabe da gravidade dos momentos en que vivimos, sabe que hai que estar á altura das circunstancias, e recoñece tamén a decisión de frear esa actividade económica non esencial durante dúas semanas.

Existen xa informes que amosan como as medidas que estamos adoptando están permitindo que non empeore a situación a niveis que podería ter ido. Un informe do Imperial College recoñecía estes días que se poden estimar en 16.000 os falecidos evitados en España coas medidas de confinamento. E, sen dúbida, falar de cifras é sinxelo, pero cando as cifras amosan persoas, é da maior complexidade e é da maior responsabilidade.

Esta é unha crise na que nos tivera gustado estar a ningún de nós. Unha crise que ningunha institución pública, nin de orde internacional nin dos distintos gobernos, puido prever hai uns meses. Ninguén anticipou o que estaba ocorrendo. E, sen dúbida, as voces que así avisaron hai algunhas semanas non tiveron a capacidade de conectar, de influír os centros políticos de decisións para que así fose.

Esa é a realidade dun país que vive nunha situación que non se deu no conxunto da economía global dende hai un século, probablemente dende a gran gripe do ano 2018, hai máis dun século. Polo tanto, temos que adaptarnos a un novo tempo e a unhas circunstancias que non sabemos como van transcourir. Estamos nun túnel que vai ter saída, pero non sabemos como de longo vai ser o túnel e como van ser as distintas vías para saír deste túnel.

E por iso é o momento tamén da lealdade. Nós somos un partido de estado, de goberno, a carón da cidadanía, que cremos na boa política e na responsabilidade da política. Por iso sabemos que ante unha situación coma esta hai que tomar decisións complexas. E o Goberno de España está tomando decisións complexas en momentos moi difíciles para conseguir frear a curva de contaxios. Esa é a prioridade de todos: defender a saúde con lealdade, defender a saúde e frear unha curva de contaxios que pode levar os sistemas sanitarios ao colapso e ao límite.

E por iso temos unha circunstancia na que todos os países están pasando terribles dificultades. Tamén outros que tiñan outras estratexias. E penso nos Estados Unidos ou penso no Reino Unido, e como ao final o escenario está sendo cada vez máis preocupante, e como aínda noutros continentes temos niveis de incidencia menor.

Este é o momento no que estamos. Para frear a curva de contaxios houbo que tomar medidas de moito calado sen precedentes; medidas que supoñen un escudo protector. Nunca se tomaron medidas de tanto calado.

Pero a crise económica que se está dando é unha crise tamén que nos preocupa a todos. En Galicia, dende logo, o Goberno de Galicia vai ter a man tendida do PSdeG-PSOE. A man tendida con responsabilidade, tamén para amosar aquilo que non se fai ben e aquelas debilidades que hai. Porque o que nos preocupa é estar solucionando unha crise tan grave. E en momentos de tormenta non se pode desestabilizar o patrón que leva o barco. Hai que apoiar e hai que respaldar. Tempo haberá para logo facer análise de todas as cuestións.



Desgraciadamente, ninguén se anticipou dende as institucións públicas de España nin de ningunha das comunidades autónomas a unha situación tan complexa coma esta. E cando alguén fala da súa capacidade de anticipación, está asumindo unha responsabilidade que é preocupante, porque o que está ocorrendo nas residencias de maiores e nos centros de discapacitados, cando non teñen protección os profesionais sanitarios ou de servizos sociais, amosa que non houbo esa anticipación, porque se alguén tivese tido esa anticipación, a situación sería aínda moito máis grave.

Polo tanto, é o momento de colaborar e de sumar, é o momento de sumar porque toca sumar para conseguir superar estes escenarios.

A curva de crecemento en Galicia probablemente aínda non chegou ao ritmo de crecementos máis avanzados; probablemente a curva de crecemento en Galicia chegou rezagada con respecto a outros niveis de España. O confinamento impedirá que chegue a taxas de crecemento e de contaxios tan altos coma noutros lugares.

Pero claro que nos preocupa e hai que colaborar. Hai que colaborar co Goberno de España e hai que colaborar co conxunto dos concellos de Galicia. Porque aí nos concellos os alcaldes e alcaldesas son os que están primeiro a pé de terra, a carón da cidadanía, os que puxeron a funcionar mecanismos para axudar os nenos e nenas que deixaron de ter comedores escolares ao longo destes quince días e non houbo outros mecanismos, os que están a carón da cidadanía buscando protección, os que responden.

E iso é o que hai que facer dende a Xunta de Galicia: colaborar con lealdade co Goberno de España. Non con estratexias de intentar plantexar de que aquilo que pode ir ben é grazas á Xunta de Galicia, pero botar balóns fóra cara ao Goberno de España en todo aquilo que non está funcionando. E tamén cos concellos, cos que hai falar, cos que hai que traballar.

Porque a Xunta de Galicia ten a responsabilidade no ámbito sanitario. Ninguén interveu os orzamentos da Xunta; ninguén quitou os responsables políticos da Xunta en materia sanitaria; ninguén lle quitou á Xunta a responsabilidade do que ten que facer, nin tampouco do acopio de material que houbo ao longo de todo este tempo. Chega unha emerxencia, e a Xunta de Galicia tiña as competencias, podía ter todo o material necesario acopiado para unha pandemia ou unha epidemia deste calibre.

É necesario tamén que a Xunta colabore e amose aos responsables municipais os plans de continxencia das áreas sanitarias. Todo ese escenario que vostedes sinalan teñen que compartilo. Porque un plan de continxencia é algo moito máis que unha cuestión sanitaria, é unha estrutura de mobilización de todos os recursos, tamén dos municipais se hai que formar, por exemplo, hospitais de campaña.

Evidentemente, hai que mobilizar todos os recursos da sanidade privada e poñelos dende xa á disposición da sanidade pública. O primeiro é a saúde. E todas as camas hospitalarias que están en mans privadas en Galicia están á disposición das autoridades competentes para traballar.



É evidente que houbo dificultades de material, e que as vai haber ao longo destas semanas en España, en Galicia e en todo o mundo, porque estamos ante unha demanda sen precedentes dun material que neste momento é algo que demandan todas as economías. Empeza a chegar material de moitos lugares. Dende o Goberno de España chegou material a Galicia, chegou material na medida das posibilidades, claro que si: 640.000 máscaras, 680.000 guantes, buzos, batas, gafas de protección.

Ese mecanismo do que agora xa non se fala, nun momento no que se dicía que non había material para os primeiros días, e de repente amosouse que había medio millón de máscaras. Temos que seguir acopiando. E fai ben a Xunta en buscar todos os mecanismos para ter ese material.

Tamén cando o presidente da Xunta anunciou que tiña eses oito millóns de unidades comprometidas. É o que hai que facer; hai que traballar porque os concellos non teñen cubertas as súas necesidades, e hai que dotalos dende a Xunta de Galicia, que ten as competencias en sanidade. Porque, ao final, os concellos están cubrindo as deficiencias da Xunta en materia de políticas sociais, desta Xunta e doutra; están contribuindo en competencias que tiñan que ser propias da Comunidade Autónoma galega. E alí onde hai axudas de servizos sociais dos concellos hai que darlles protección.

Temos problemas evidentes en materia de residencias, como logo se vai a falar. As residencias, dende o primeiro momento, anunciamos que eran o maior punto de preocupación. Con máis de catrocentos cidadáns contaxiados en residencias de maiores, ese nivel de contaxios é preocupante pola dignidade dos maiores, e é preocupante porque se eses maiores necesitan hospitalización, ou poden necesitar entrar nunha cama dunha unidade de coidados intensivos, os límites do sistema sanitario van estar enriba da mesa. Polo tanto, temos que conseguir manter todo o freo da curva de contaxios nas residencias de maiores.

É evidente que algo fallou. Fallou cando houbo contaxios masivos. Fallou cando as previsións de facer dúas residencias integradas quedaron desbordadas en poucos días.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: Fallou na liña de que se prevía un escenario e estamos noutro. Na nosa man estará colaborar, colaborar coa necesidade de fortalecer a sanidade pública galega, que foi unha bandeira que temos reclamado de forma constante. E agora non é o momento de facer análise do que se fixo —tempo haberá—, agora é o momento de paliar a crise que estamos vivindo, fortalecéndose cun plan urxente de atención sanitaria e tamén de servizos sociais dende a Xunta de Galicia, con máis persoal, máis infraestruturas, con máis material e poñendo todos os recursos dispoñibles da Xunta de Galicia para a resposta á crise no eido sanitario, no eido social e no eido económico.

Para todo iso, este Goberno da Xunta de Galicia, que é o goberno que goberna o país nun momento en que non hai vida parlamentaria, que non é o goberno das nosas siglas pero é o goberno ao que lle corresponde gobernar para todos os galegos, contará coa man tendida e coa lealdade do Partido Socialista de Galicia, cunha lealdade crítica e responsable porque a



nosa contribución e lealdade é a lealdade coa cidadanía de Galicia, que quere ver superada esta crise.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Caballero.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a limpar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, bos días a todos.

Eu o primeiro que quero é expresar o noso pesar ás familias das persoas falecidas por esta pandemia, ás familias galegas que están sufrindo, nunhas circunstancias extraordinariamente duras, a perda de familiares. E tamén loxicamente quero reiterar o noso agradecemento a todo o persoal público e privado que está a desenvolver con responsabilidade as tarefas esenciais para que todos poidamos saír a adiante no medio dunha situación certamente difícil. Tamén queremos agradecerlle a toda a sociedade galega que en liñas xerais se estea comportando cunha responsabilidade admirable nunha situación especialmente dura. Porque estamos nunha situación certamente extraordinaria. Non debemos deixar de pensar, mentres falamos nesta Cámara, que xa temos en Galicia máis de 4.000 persoas contaxiadas, que faleceron máis de 130 e que tamén hai máis de 160.000 persoas que están cun ERTE xunto con aquelas que engrosan a lista do paro, que esta crise lles vai deixar unha profunda mella. Certamente as peores son as perdas persoais, pero todos eles están a necesitar a tranquilidade e a seguridade de que hai apoio das institucións e que ese apoio, ademais, en liñas xerais, é coordinado, é conxunto e é compartido.

A segunda cuestión que eu creo que debemos de dicir é que estamos nun momento de moita responsabilidade. Cando vemos que todo o persoal médico das residencias de persoas maiores ou discapacitadas está cumprindo por riba do que marca o senso do deber as súas obrigacións, pois nós cremos que tamén desde o Parlamento debemos de dar —no noso caso desde as institucións— a mellor resposta posible. E é certo que o estamos a facer. Eu creo que a propia convocatoria desta Deputación Permanente é moi estraña mesmo en relación cos parlamentos que non están disoltos como consecuencia das eleccións. A maioría dos parlamentos —como saben— estanse pechando —algúns literalmente—, e este, que dalgunha maneira estaba pechado, estámolo abrindo tanto para coñecer o que está facendo o Goberno como para que os grupos da oposición poidan opinar e facer suxestións, que é o que creo que máis valoraría ou apreciaría a sociedade neste momento. E ademais é unha mostra de transparencia que está a facer o Goberno, explicando todas as decisións e como as vai adoptando conforme as circunstancias as reclaman.

Diciamos na comparecencia do presidente que o fundamental nestas situacións é anticiparse na medida do posible, respostar con axilidade e facer todo iso con transparencia; sempre



sen perder a situación de fondo, que nos exige, loxicamente, altura de miras. Eu por iso hoxe —xa que comparece o vicepresidente— quero mandar tamén unha aperta e unha mensaxe de ánimo aos xestores que en Galicia, na Administración pública autonómica, están a traballar o mellor que saben e con todas as súas forzas para minimizar os efectos desta pandemia e para poder superala canto antes. Baixo os comités que se mencionaron, baixo as actuacións dos responsables, hai moitas persoas que están traballando, cumprindo co seu deber, cumprindo co seu deber de funcionarios e de empregados públicos, e facendo todo o que poden para darlles medios a aqueles que están na primeira fronte de batalla. Eu creo que o mínimo que podemos facer tamén aquí é mandarlles unha mensaxe de ánimo.

Ben, eu creo que a Xunta está a dar —e as explicacións do conselleiro foron importantes— un exemplo de colaboración e lealdade institucional dificilmente comparable con calquera goberno autonómico; e non só pola colaboración material que se detallou por parte do vicepresidente, en forma de envíos a corporacións locais, etc., senón —e isto é o que eu quereda destacar— polo modelo de gobernanza da situación. Primeiro, porque é certo que con este modelo se anticiparon. E eu quero recordar que o 27 de febreiro —só tres días despois de que se descubrise na Gomera unha persoa contaxiada en territorio español, que era alemán, polo coronavirus— en Galicia xa se constituíu unha comisión interdepartamental na que, entre outras cousas, se creou un comité científico para empezar a analizar as consecuencias desta pandemia no caso de chegar a Galicia. E creouse, tan pronto como o día 14 de marzo, un centro de coordinación operativo —o chamado Cecop— no que se materializa a cooperación. Esta cooperación é posible, en primeiro lugar, porque aquí o Goberno está traballando unido, está traballando cun único obxectivo e con políticas compartidas, o cal facilita o proceso de adopción de decisións, como estamos vendo, respecto doutros gobernos autonómicos ou mesmo o central, no que non hai esa homoxeneidade en canto aos obxectivos e ás decisións que hai que adoptar. En segundo lugar, é un órgano de cooperación coas demais administracións, porque é transversal, e isto é peculiar porque ningunha comunidade autónoma o fixo. E mesmo escoitamos dicir ao Goberno central que ten que empezar a facer algo semellante, falar con outras administracións antes de tomar as decisións ou facer que participen nas decisións, que é o que permite a presenza no Cecop do delegado do Goberno e do presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias. Eu creo que tamén é de xustiza agradecerlles a ambos os dous a súa actitude cooperativa, porque ese é o camiño para superar a crise canto antes. Hai que agradecerlles a súa actitude cooperativa e agradecerlles que estean facendo todo o posible no ámbito das súas competencias para que, coa Xunta, cos concellos e coa Administración do Estado en Galicia, poidamos —insisto— superar esta crise.

O Cecop é un organismo que ademais é transparente. Eu quero recordar que hai poucas comunidades autónomas nas que as decisións como as do Cecop —que hoxe o conselleiro nos enumerou— sexan adoptadas e publicadas no diario oficial correspondente. Na inmensa maioría delas así é. E todos deberíamos congratularnos de que isto sexa así en Galicia no ámbito dunha crise desta magnitude e de que ademais —como tamén sabemos— estea tendo boa correspondencia nas conexións que ten coa Administración do Estado. Así foi posible adoptar instrucións para o teletraballo do persoal público, actuacións para atender persoas sen fogar e todas aquelas que enumerou o conselleiro sobre as que eu non me vou deter. Si quixera destacar, por exemplo, que en relación cos alugueiros foi aí, no Cecop, onde se tomou



a decisión de que as 3.500 familias que teñen alugueiros sociais non reciban a factura, porque non se lles vai cobrar desde o primeiro de abril ata que se levante o estado de alarma.

E tamén quixera dicir que isto é un exemplo. A señora Pontón sacou catro propostas, e hai unha delas que, dalgunha maneira, chama poderosamente a atención. Esta crise —como outras que sufriu o noso país— o que demostra non é que haxa que illarse, o que demostra é que hai que cooperar, que o que temos é que traballar todos xuntos —as administracións locais, a Administración autonómica, o Estado e a Unión Europea— en superar aquilo que é unha ameaza conxunta para todos os países. Certamente o Estado autonómico está demostrando unha vez máis que o problema non son os niveis de autogoberno, o problema é a falta de coordinación entre distintos niveis de goberno. E moitas das eivas que vimos na xestión da crise —e que agora non cómpre comentar— teñen a súa orixe precisamente na incapacidade por parte dalgunhas administracións de entender que o Estado son todas as administracións —a central, a autonómica e tamén as locais— e que, polo tanto, unha saída ou unha solución a un problema grave só se pode combater se todas traballan conxuntamente.

Ben, eu quixera tamén facer un comentario respecto doutra cousa que se dixo. Críticase, por unha banda, que a Xunta non se anticipa ás cuestións e, por outra banda, críticase algunha decisión que se está a adoptar e que certamente implica moita anticipación. Refírome obviamente aos hospitais de campaña. Xa explicou o presidente por activa e por pasiva en varias ocasións que toda a sanidade privada está á disposición da Xunta, e tamén ten feito o mesmo coa pública, ao suspender calquera tipo de operación non urxente para permitir liberar espazos para que se poida atender os que sofren o coronavirus. Evidentemente, no momento en que faga falta, toda esa rede sanitaria está á disposición da Xunta. Pero no caso —e aquí vén a anticipación— de que o pico provoque que sexa necesario facer algún tipo de asistencia nalgún outro local, o que se está a facer é prepararse para esa eventual circunstancia. Oxalá non faga falta, pero desde logo non se trata de propaganda. E, claro, vexa vostede o que están facendo en Asturias —o Exército acaba de montar un hospital de campaña en Oviedo—; ou en Valencia, onde están montando tres hospitais de campaña; ou en Aragón, onde acaban de montar dous hospitais de campaña; ou en Castela-A Mancha, cun hospital de campaña de 200 camas en Albacete. E cito comunidades autónomas todas elas gobernadas maioritariamente pola esquerda durante os últimos anos para que se dean conta de que iso non ten que ver con outras cuestións que ás veces se sacan tamén á palestra. En calquera caso, solicitar a toma de medidas e despois criticalas pois non nos parece de recibo, e moito menos nas actuais circunstancias.

Ben, eu creo que hai que felicitar tamén a Xunta polo labor que está a facer de subministrar aos concellos o material que non se lles entrega por parte doutras administracións —nomeadamente por aquela que asumiu no Decreto de alarma a competencia de distribuír todo o material necesario para combater a crise, que foi a Administración do Estado—. Eu quero recordarlles que a propia Lei de bases local establece claramente quen ten que auxiliar os concellos cando non teñen medios para facer fronte a unha crise dun carácter, ademais, como esta, que ten moita incidencia social, que son as deputacións

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.



O señor PUY FRAGA: A Xunta está abrindo vías de colaboración coas deputacións, pero non esquezan que ese é o principal chanzo de colaboración que teñen as entidades locais.

En definitiva, señor vicepresidente e señorías, creo que Galicia está, en liñas xerais, a dar un exemplo de actuación leal e de colaboración institucional continua. Non direi que sexamos un exemplo, porque cada Goberno estou seguro de que o está a facer o mellor que pode. Houbo mesmo quen pediu desculpas por non buscar esta cooperación e prometeu rectificar, cousa que o honra. Pero, en todo caso, cremos que efectivamente en Galicia se está traballando con anticipación e respondendo ás necesidades. E facémolo con transparencia, porque é verdade que colaborando todos xuntos é como poderemos superar isto, do mesmo xeito que superaremos a dor pola irrecuperable perda de vidas humanas que moitas familias están a sufrir.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Puy.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a limpar o estrado.)

O señor PRESIDENTE: Réplica do señor vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, en primeiro lugar quero agradecer o voto xeral, que creo que é o que todo o mundo espera de todos nós nesta comparencia e, en xeral, sobre todo nesta situación; polo tanto, teño que agradecerlo. Aludiron varios de vostedes a un mesmo tema, e vou intentar ir respondendo ao que plantexou cada un dos portavoces que interviñeron, pero houbo unha reflexión xeral sobre unha suposta censura e intención deste Goberno de que non haxa transparencia informativa. Primeiro, non é así en absoluto. Xa non é só a nosa presenza aquí hoxe con dous membros do Goberno, co presidente, nun parlamento —recordábo o portavoz do Partido Popular— que está disolto pero que funciona a través da Deputación Permanente. As comparencias —tres no prazo dunha semana— creo que falan ben claro da transparencia que exercemos e que, dende logo, queremos transmitir. E as comparencias do presidente, admitindo todas as preguntas que se lle fan nas súas roldas de prensa, vendo o que está sucedendo e o que din moitos profesionais dos medios de comunicación respecto das competencias que se levan dende o Goberno do Estado, creo que falan ben ás claras da transparencia deste Goberno; sobre todo se facemos algunhas comparacións.

Dito isto, e por ir contestando, como dicía, ao que vostedes plantexaron, empezo polo señor David Rodríguez. Dicía que hai que suplir as carencias que veñen —dicía el— desde Madrid, desde o Goberno central. Ben, non sei se carencias, pero desde logo si que hai cousas que non se están facendo como se deberían facer. Non vou facer aquí unha crítica salvo puntuar algunha cousa. Xa dixemos que agora o que toca é arrimar o ombro e que xa haberá tempo para iso. E haberá moitas cousas que dicir. Pero, mentres, o que temos que facer, efectiva-



mente, é intentar que as cousas, que teñen que saír moito mellor, saian; porque ao final estamos falando de atender unha emerxencia sanitaria, atender persoas. Temos que facelo, e para iso estamos, efectivamente, señor Rodríguez, para suplir moitas carencias en moitas cousas que ao mellor se tiñan que estar facendo ou ao mellor non, seguro. Pero o que non imos facer nunca é o que vostede —creo que apuntei ben a palabra— pedía: que nos rebelásemos contra a coordinación xeral do Estado. Creo que non procede en absoluto, todo o contrario, e quixen insistir moito en que o mesmo Cecop é unha proba desa esencia que queremos buscar de coordinarnos e de que hai que xuntar esforzos. Hai que corraxir cousas que habería que facer doutra maneira, como lle dicía, pero nunca rebelarse. Isto non leva a ningunha parte, e moitísimo menos nesta situación. E, dende logo, Galicia vai ser leal dende o principio ata o final.

O Goberno é o que ten que coordinar, o que ten a responsabilidade de facer a coordinación, o que ten a responsabilidade de dar directrices xerais para todo o Estado. Despois estará nas nosas responsabilidades e nas nosas habilidades aterralas —como dicía na miña primeira intervención— para que aquí sexan realmente efectivas. Pero, dende logo, nós imos seguir mantendo a coordinación e en ningún caso a rebelión, aínda que vostede pense que ese é un papel subsidiario. Se subsidiario é coidar da xente, cubrir a falta de subministracións, atender cousas que son inaprazables e que temos que atender dende a Xunta de Galicia, ben, pero eu, desde logo, creo que iso non é ser subsidiario senón todo o contrario.

Dicíame que hai acordos cuestionables no Cecop. Ben, é que esta é unha situación na que, dende logo, intentamos acertar, e loxicamente non imos dicir que en todo o que facemos, nunha situación que está cambiando dun xeito tan tremendo día a día, non haxa que adaptarse e non haxa que modificar algunha cousa. Facémolo sen ningún problema. E, se hai que matizar e hai que reconverter calquera medida, somos os primeiros dispostos a facelo. Aquí do que se trata é de acertar, por iso pedimos coordinación e por iso pedimos lealdade.

Vostede citaba algunha medida, e fixérono algúns intervinientes máis. Algunhas intervinientes dicían que as medidas respecto dos alugueiros de vivendas eran insuficientes. Ben, por agora fixemos un adiamento ata o de abril. Falaba de ratear o mes de marzo, os días do estado de alarma. Esa é unha medida que, por suposto, se pode estudar. Por agora está adiado, non hai que pagar nada e, por suposto, vaise seguir adiando o tempo que dure o estado de alarma. Por tanto, esta é unha medida dinámica que tomamos primeiro respecto das vivendas do IGVS, tamén despois respecto de todo o que ten que ver con Xestur, que tamén ten moitos alugamentos, e, por suposto, estamos dispostos a ir estudando, porque aquí do que se trata é de axudar a xente, sobre todo a xente que máis o necesita. Loxicamente hai moitísima xente que está pagando regularmente, en situación normal, alugueiros e arrendamentos. As do IGVS foron as primeiras que foron obxecto desa medida de adiamento polo tempo que faga falta, e xa veremos todo o demais que haxa que facer.

Preguntaba tamén se os EPI son abondos, son suficientes. Non, dende logo que non; se non, a Xunta de Galicia non estaría suplindo a falla de EPI que levamos sufrindo dende o primeiro día. Por iso estamos colaborando coa Fegamp e por iso estamos facendo o que facemos dende o primeiro día. Primeiro, ter un stock, que é o que nos permitiu non ter a carestía que se observou noutras comunidades autónomas. Vostedes, por un lado, din que non nos anticipamos



nada, e despois denuncian que tiñamos medio millón de mascarillas e outro material de protección en stock. Pois probablemente será porque tomamos esas medidas que eran necesarias para que non pasase o que estaba pasando noutras comunidades autónomas, que tampouco tería pasado se o Estado dende o principio fixese estas previsións. É que, se facemos a previsión de medio millón en Galicia —con 2,7 millóns de habitantes—, nun Estado de 47 millóns estaríamos falando de moitos millóns de mascarillas que dende o primeiro momento estarían fluíndo cara ás comunidades autónomas, como dixo o ministro de Sanidade e como despois non ocorreu. E isto hai que dicilo, e, sobre todo, hai que suplilo e hai que actuar. E despois, ao final, falarei das cifras reais para que se saiba exactamente; non só para que o saiban vostedes, que tamén, por suposto, senón para que saiba toda a cidadanía o que realmente temos, o que realmente necesitamos e como estamos suplindo estas carencias, porque, ao final, todo isto cómprase con recursos públicos.

Falábame vostede, señor Rodríguez, de que había que difundir información. A transparencia, a difusión de información, por suposto, é unha arma positiva e fundamental nestes momentos. Díciame que había responsables municipais que non estaban difundindo a información como debían. ¡Oia, alá eles! Eu en xeral teño que dicir, en nome do Goberno galego, que estamos moi satisfeitos de como están respostando. Díxose aquí tamén que os responsables municipais son os que están en primeira liña. Sempre dicimos que os concellos son a administración máis próxima ao cidadán e ás veces tamén teñen que demostralo sobre a práctica. Esta é unha ocasión na que a ninguén nos gustaría ter que demostrar nada, pero están demostrando, efectivamente, que a primeira atención e a primeira canle para coordinar moita da axuda que lles chega da Xunta de Galicia son eles, e estano facendo, en liñas xerais, creo que dun xeito impecable.

Díciame que a demostración de que non nos anticipamos en que había que axudar os concellos é que as primeiras entregas foron o 30 e o 31. Aí teño que rectificalo. O 30 e o 31 foron as primeiras entregas nas que non era necesario que se desprazaran. Empezamos a axudar os concellos o 24 e o 26, foron as primeiras entregas despois de recompilar o material que estaba dispoñible naqueles momentos do xeito máis rápido que puidemos, despois de que o presidente da Fegamp, a través da súa presenza no Cecop, nos demandara esa axuda. Porque realmente, cando lle estaban pedindo axuda e subministración —igual ca nós— a quen dixo que se ía encargarse de adquirila e distribuila, que era o Estado, o Estado o que dicía era que falasen con nós e a ver o que lles podíamos facer. Por iso viñeron falar coa Administración da Xunta. A Xunta de Galicia reaccionou, fixo unha mínima intendencia e o 24 e o 26 xa estaba entregando material, que a día de hoxe son as cifras que lle dei: 230.000 mascarillas, 30.000 traxes e batas e case 500.000 luvas, que xa están en poder dos concellos.

Tamén falaba de subministración de EPI a centros sociais, sobre todo a centros privados. Xa lle dixen que tamén se vai centralizar todo iso nesta plataforma loxística e que se van facer entregas —que xa se están facendo dende o principio e que está asumindo a Xunta de Galicia— aos públicos, por suposto, pero tamén a moitos privados. E despois falarei tamén desas cifras e do que supoñen respecto do que estamos recibindo do Estado.

Do tema dos mercados tradicionais, que o plantexou vostede e algún outro portavoz máis que interveu, eu non dixen que os abrimos, dixen que regularamos o seu funcionamento.



Regular o seu funcionamento foi —unha vez que se determinou que tiñan que estar pechados inicialmente— que houbera canles alternativas de comercialización. Iso foi o que dixemos. E adiántolle que a nosa intención é que volvesen abrir o 31 de marzo, porque estamos de acordo con que era bo que estivesen abertos. Pero fixemos unha consulta —despois de que se ampliases as medidas de confinamento e que, polo tanto, se estreitaron as medidas restritivas— ao ministerio correspondente, a través da Delegación do Goberno, sobre se podíamos proceder a esta apertura. E díxosenos que non. A nosa intención era facelo e díxosenos que non. Polo tanto, como lle dicía antes, creo que non ten ningún obxecto rebelarse, e hai que entender que hai certas medidas que, se se deciden a nivel nacional, dende logo Galicia as vai respectar, aínda que pensemos que si podían estar abertos nestes momentos coas debidas garantías. Iso pásanos con outras medidas que cremos que hai que aterralas aquí. Pero cando o Goberno do Estado nos di, pola coordinación global, que temos que respectar, que non pode ser, podémolas discutir, e xa discutiremos máis adiante se era bo ou non era bo tomalas, pero dende logo aquí —demandando información e, iso si, expoñendo os nosos argumentos—, se ao final nos din unha cousa, nós imos acatala. E outro xeito de funcionar nestes momentos non se entendería; ou, desde logo, nós non o entendemos así.

Falábame de que as agrupacións de Protección Civil tiñan que ter material específico. ¡Oia!, se de algo estou especialmente orgulloso, é dos 12 millóns de euros que se investiron en material para as agrupacións de Protección Civil —e vostede coñéceo perfectamente— nos últimos tres anos. Iso permite que agora vexamos moitas imaxes de moitas agrupacións ás que me refería na miña primeira comparecencia manexando materiais móbiles, material de emerxencias, e iso é porque estes tres anos as dotamos e, polo tanto, agora poden utilizalos. E agora dámonos conta do que dicimos sempre, de que o investimento en emerxencias sempre é rendible porque chega un momento en que é absolutamente imprescindible. Polo tanto, todo ese material estase utilizando agora mesmo. E, por certo, moitos dos elementos de protección que lles estamos dando aos concellos —dicíao tamén sobre os criterios que estamos utilizando— faise primando aqueles concellos que teñan agrupacións de Protección Civil e que, polo tanto, necesitan ese material. Polo tanto, esas agrupacións están recibindo ese material da Xunta de Galicia e é un dos criterios de distribución preferente.

Respecto da anticipación, e tamén seguindo con Protección Civil —que é un tema que vostede tamén coñece perfectamente—, nos últimos dous anos déronse 15.000 horas de formación para a actuación en emerxencias, e tamén para este tipo de emerxencias. Polo tanto —e iso é unha tranquilidade para a cidadanía galega—, os voluntarios e o persoal de emerxencias están tamén formados para actuar en situacións deste tipo porque levan dous anos recibindo unha cantidade importante de horas de formación.

Respecto do que dicía a señora Pontón, de que os galegos van por diante dos gobernos, estamos moi orgullosos, e creo que o dicimos todos, non o di só o Goberno da Xunta de Galicia, de como está actuando a cidadanía galega, non só os profesionais que teñen que seguir traballando senón tamén a xente que dende as súas casas está colaborando co confinamento dun xeito fundamental para intentar cortar a vía de contaxios e, polo tanto, acabar canto antes con este pesadelo. Nós para o que estamos é para acompañar e tamén para tomar medidas para contribuír a que o esforzo da cidadanía sexa o máis efectivo posible.



¿Están cubrindo as carencias das administracións? Eu volvo dicir que estamos facendo o posible para cumprir co noso deber e creo que o estamos cumprindo. Aquí non é cuestión de facer outra cousa que dicir que nos corresponde cumprir co noso deber, aínda que o noso deber sexan cousas, moitas veces, ás que non nos enfrontamos nunca e que, polo tanto, teñamos que seguir evolucionando no día a día. Pero creo que a cidadanía está facendo o que ten que facer e que as administracións, dende logo a Xunta de Galicia, tamén o estamos intentando.

Facía vostede unha defensa da sanidade pública. Nós tamén, por suposto. É que da sanidade pública galega dicíamos en tempos normais que é unha das mellores, desde logo, de España, probablemente de Europa e probablemente tamén do mundo. A sanidade española e dende logo a sanidade galega nestes momentos está sendo o pilar fundamental e a primeira liña da loita contra o coronavirus. Por suposto vai seguir sendo así, non podía ser doutra maneira. Falouse aquí da sanidade privada, e, como dicía o portavoz do Partido Popular, está absolutamente á disposición da sanidade pública, complementándose e baixo a nosa dirección. Polo tanto, eu creo que desa discusión aí pode haber pouca. O pilar fundamental é a sanidade pública, con cifras de investimento durante estes anos —pódoo dicir na miña última intervención se así o desexan— que demostran ben ás claras que non só —incluso en épocas de crise— non se fixeron recortes senón que se fixo todo o posible para chegar neste momento a unha sanidade pública consolidada que ten que facer fronte, iso si, a unha situación tremenda. Creo que está respostando, non á altura senón moito máis, a aquilo ao que se ten que enfrontar.

Dicía a señora Pontón que lle tende a man ao Goberno. Nós agradecemosllo, dende logo. O BNG é certo que fixo propostas nos primeiros momentos do estado de alarma, unha serie de aportacións, que agradecemos; porque de todo se aprende, todas son ideas que poden ser útiles e, dende logo, todo o que sexa construtivo hai que agradecerlo. Nós agradecémolo. Vostedes teñen a postura de que foi un erro non ter pechado a comunidade autónoma, non ter pechado Madrid; en definitiva, non ter feito cousas que irían contra a coordinación que ten que seguir exercendo o Ministerio de Sanidade. Volvo insistir en que o que temos que facer é adaptar aquí esas decisións, intentar que sexan o máis efectivas, dicir, polas canles de lealdade institucional axeitadas, aquilo co que non estamos de acordo, esperar a que finalice todo isto para exixir as responsabilidades que procedan e, mentres, seguir funcionando con lealdade. Estamos de acordo con que moitas cousas non se fixeron ben, pero tamén estamos de acordo con que é o momento da lealdade.

Diciame que non nos anticipamos a moitas cousas e poñía o exemplo das residencias. Vostede sabe dende o principio —agora vai comparecer a conselleira de Política Social e daralles cumprida conta de todo o que estamos facendo—, e iso, por desgraza, non é ningunha sorpresa, que as residencias ían ser un dos focos principais de contaxios, un dos puntos máis sensibles. E, polo tanto, foi dende o principio unha das principais preocupacións e un dos principais focos do esforzo de todo o que está facendo a Xunta de Galicia. Creo que se están facendo moitísimas cousas e —insisto— hai unha comparecencia específica da conselleira de Política Social para dar conta de todo iso. Pero creo que todos estamos de acordo en que é un lugar especialmente difícil, especialmente sensible. É un lugar no que temos que actuar con especial responsabilidade de todos.



Falaba tamén a señora Pontón do recoñecemento ao labor dos concellos. Xa fixen alusión a iso cando falaba das manifestacións do señor Rodríguez. Vostede introducía o tema das deputacións. ¡Todo o respecto para as deputacións! A Xunta de Galicia fixo un recoñecemento específico dunha actuación concreta da Deputación de Ourense. Creo que hai que seguir facéndoo e creo que hai que explicalo. Creo que se entende perfectamente. Vamos ver, se o problema, que segue sendo un problema fundamental —e vostedes mesmos xa o recoñecían—, é a falta de subministracións, que os concellos tamén necesitan, se o problema é que necesitan ser axudados pola Xunta de Galicia —que o está facendo e que o vai ter que seguir facendo, porque xa lles dixemos a todos, porque aquí estamos intentando actuar coa máxima transparencia e coa máxima anticipación e información, que os envíos van seguir sendo periódicos mentres sexa necesario, é dicir, que sempre seguirán recibindo o material necesario—, se o problema é que todos temos que dedicarnos a buscar este material, loxicamente eu creo que as administracións provinciais, catro en toda Galicia, teñen a potencia suficiente para intentar botar unha man. Eu xa sei que están tomando moitas medias, eu xa sei que intentan facer todo o que poden, pero este tema concreto era un tema urxente, era un tema que era necesario. Todo se agradece, e moito máis nas primeiras semanas. E, polo tanto, se tamén fixesen iso —e estou seguro de que os concellos das respectivas provincias estarán totalmente de acordo comigo con independencia das cores políticas—, cantas máis institucións e administracións haxa intentando conseguir material, mellor, porque ese material chegará antes. Era ao que me refería. E volvo dicir, e isto é fundamental —onte tiveron ocasión de falar tamén co presidente da Deputación da Coruña—, que as deputacións neste momento, á parte de todo o que poidan estar facendo, intenten axudar sobre todo aos concellos máis pequenos, que son os que máis material necesitan e son os que máis dependen doutras administracións para adquirir este material.

Dicía vostede que o servizo de asistencia domiciliaria temos a obriga de atendela porque é unha competencia delegada da Xunta. Eu creo que entrar no debate competencial neste momento ten pouco sentido. Todo o mundo ten moitas necesidades, todo o mundo ten moitas responsabilidades e todas as administracións estamos obrigadas, con independencia das competencias, a intentar solucionarlas. Iso é o que estamos facendo. E volvo insistir en que outro dos criterios fundamentais para repartir material entre os concellos é o número de horas de asistencia domiciliaria que están prestando, porque somos perfectamente conscientes de que os profesionais que están indo aos domicilios das persoas nos concellos necesitan material de protección. Polo tanto, ese é un dos criterios para dotalos.

Acusábanos de triunfalismo, señora Pontón. Oxalá houberse motivos para ser triunfalista e dicir que neste momento estamos moi contentos. Todo o contrario, o presidente da Xunta de Galicia hai tres días comparecía para contar a verdade. E a verdade é que o mes de abril vai ser peor que o mes de marzo. Diciao así ás claras. Tamén explicaba o que estamos facendo e o que imos facer para intentar contribuír a que isto acabe canto antes, pero triunfalismos, por desgraza, absolutamente ningún. Creo que se algo non está sendo a Xunta de Galicia é triunfalista, en absoluto, senón todo o contrario. Está sendo responsable intentando contar o que hai e intentando mentalizar a todo o mundo para que nos preparemos para os días duros que por desgraza nos quedan aínda. E sobre eses días duros vostede dicía textualmente —apunteino— que «non vale o café para todos», no sentido de que Galicia ten que facer a guerra pola súa conta e ten que tomar medidas en descoordinación con todo o que se está



facendo a nivel nacional. Entendín iso, eu creo que é o que quería dicir. Desculpe, pero, en todo caso, se iso é o que quería dicir, ou, cando menos, en parte, teño que dicirille que isto é unha crise nacional. Volvo dicir que a nosa responsabilidade é intentar adaptar a Galicia o que nos vén a nivel nacional para que sexa o máis efectivo posible. Pero nós non imos romper a lealdade e o principio de actuación a nivel global do que lle corresponde, do que está decidindo o Goberno de España —cos seus erros, que os hai, e creo que algúns moi evidentes e á vista de toda a cidadanía—. Creo que nestes momentos manter esa lealdade institucional é fundamental. E para iso está o Cecop, que era o obxecto desta comparecencia —cando menos, en principio—, para intentar adaptar todo iso sen romper a unidade e mantendo a lealdade institucional.

O señor Sánchez dicía que botaba en falta máis información. Preguntaba se era porque non a quería dar ou porque non a tiña. Creo que se algo estamos intentando todos os días, señor Sánchez, é dar a máxima información nos medios de comunicación e contar todo o que estamos facendo, admitindo todas as propostas de mellora e admitindo —creo que vostede tamén o fai— que esta é unha crise dinámica en todo o que está pasando, que nos enfrontamos a situacións novas cada día, a situacións tremendas, e, polo tanto, non pasa nada por rectificar e non pasa nada por escoitar a todo o mundo e ir cambiando as cousas. Pero se algo intentamos —porque ademais é a maneira de que estas medidas funcionen, xa que son novas para todo o mundo— é dar a máxima información posible, tanto respecto das medidas sanitarias como das medidas económicas. Vostede dicíame que non hai medidas para os autónomos. Creo que era vostede o que mo dicía. Hai moitas medidas. Téñoas aí no escano e despois podo facilitarllas sen ningún problema. Son medidas de axuda, medidas de indemnización, medidas de avais; porque reconece perfectamente todo o mundo que os autónomos agora mesmo van ser moi golpeados por esta situación. A situación económica no día despois vai ser tremenda, pero sabemos perfectamente que os autónomos, en primeiro lugar, a van sufrir máis directamente. E pódolle asegurar que hai moitísimas medidas, e haberá moitas máis, destinadas a eles. Sen ningunha dúbida pódollas dar aí, no mesmo formato de información que está manexando a Xunta de Galicia e coas explicacións posteriores —faltaría máis— que vostede necesite.

Nas vivendas dicíame que agora están adiadas, pero só ata o mes de abril. Creo que era o que vostede dicía tamén. Explíqueino antes: será o tempo que faga falta e coas medidas e coa intensidade que faga falta. De momento o pagamento de recibos non hai que facelo —dende logo, mentres dure o estado de alarma non haberá que facelo—, e en función do que dure e dos resultados, que xa sabemos que van ser tremendos, tomaremos as medidas —respecto de todos os arrendamentos que teñan que ver con institucións públicas da Xunta de Galicia— que procedan.

Volveu falar das medidas que estamos tomando respecto dos impostos autonómicos. Xa o dixoo cando compareceu o presidente da Xunta de Galicia e volveumo dicir agora. Vostede non está de acordo con que a Xunta de Galicia manexe a súa capacidade, respecto dos tributos autonómicos, para intentar axudar a todo o mundo. Pois nós cremos que é o que hai que facer. E encantaríanos que o Goberno do Estado, do cal vostedes forman parte, fixera exactamente o mesmo. Creo que pode facer moitísimo máis respecto da súa capacidade tributaria. Recórdolle que acaban de empezar agora mesmo uns períodos tributarios, empezando polo



imposto da renda, onde se dixo que non ía haber ningunha modificación e que todo segue igual. ¡Oia!, a capacidade que temos nós estámola usando, e estaría ben que toda esa capacidade a puidese utilizar tamén o Goberno do Estado.

Dos mercados de venda directa creo que xa o expliquei antes en contestación ao señor Rodríguez. Vostede falaba tamén do 112 e do 061, dúas institucións fundamentais sempre pero moitísimo máis agora. É outra demostración do que dicía antes, de que os servizos de emerxencia sempre son importantes pero hai situacións en que son fundamentais. E hai moita xente que se dá conta por primeira vez. Nós creo que non, e, polo tanto, as modificacións, as adaptacións e os traslados que se fixeron —e son o primeiro consciente dos problemas que tiveron— creo que ao final demostraron que nos permitiron estar mellor preparados para esta situación agora mesmo.

E falaba de se tomamos medias para diminuír o risco. ¡Oia!, todo o persoal do 061 e do 112 ten EPI á súa disposición agora mesmo para traballar. Algunha compañeira súa fixo unha manifestación en redes sociais respecto de que están mesturados nunha mesma sala. O que están é, agora mesmo, traballando coordinadamente nunha sala moito máis ampla que permite nestes momentos gardar todas as distancias de seguridade. Esa é a razón. Creo que todo o mundo está de acordo e, polo tanto, creo que antes de facer ese tipo de manifestacións hai que saber por que se toman ese tipo de medidas, que son para todo o contrario do que algunha compañeira súa —insisto— parece denunciar.

Dicía que, cando vimos o de Italia, como empezaba a crise en Italia, a Xunta de Galicia tería que ter tomado medidas. ¡Oia! formamos parte dun país cun goberno, do cal vostedes forman parte, que, cando a finais de xaneiro a Organización Mundial da Saúde o avisou do que viña enriba, dixo que había material dabondo e que non había que facer nada, que había que estar tranquilos. Non lle vou recordar outras manifestacións que se fixeron respecto de que isto non ía ser nada. Polo tanto, que me diga vostede que Galicia non fixo nada cando viu o de Italia ao principio, e cando dependemos a nivel sanitario, dende finais de xaneiro, da coordinación que está en mans do Ministerio, creo que é moito dicir; sobre todo tendo en conta o que si fixemos. Voulle dicir que ese stock que tiñamos de material de protección e esas medidas que se tomaron ao principio foi porque empezamos a tomar medidas cando vimos que era necesario tomalas, a pesar de que quen tiña que coordinar a todo o mundo certamente non andaba con tanta anticipación.

E, por último, o señor Caballero fixo unha defensa pechada, e está, por suposto, no seu dereito —non sei se é exactamente o seu labor—, de todo o que está facendo o Goberno de España. O que teño que dicir, señor Caballero, é que non era necesaria. Nós non vimos aquí atacar a ningún goberno. Loxicamente, a nosa responsabilidade como executores de moitas medidas, e como responsables da Administración sanitaria —non da coordinación da emerxencia pero si da execución e da prestación sanitaria—, é que temos que dicir as cousas que non están funcionando ben para intentar emendalas. Pero creo que lle estamos dando dende o principio mostras dabondo da nosa lealdade institucional. Non podo estar de acordo en que ninguén anticipou esta crise. É o que lle dicía agora. A Organización Mundial da Saúde díxolle ao señor Sánchez o que lle dixo no momento en que o dixo. E o Ministerio tiña que asumir o control dende o momento en que se declarou esta pandemia a nivel global. E xa



sabemos as manifestacións que se fixeron dende ese momento dende o Ministerio respecto de que non había que tomar certas medidas de anticipación. Polo tanto, iso de que ninguén anticipou non é exactamente certo. E digo que imos ofrecer lealdade mentres dure toda esta crise, non podemos facer outra cousa nin creo que a xente espere outra cousa.

Polo tanto, tampouco é necesario, creo eu —vostede está no seu papel—, atacar ao mesmo tempo medidas que está tomando a Xunta de Galicia. Dicía que non había material nas privadas. Insisto, e repítooo outra vez máis, en que estamos asumindo tamén a centralización da subministración das residencias privadas. Fálame dos EPI, e dime que temos que colaborar con lealdade cos concellos. É o que estamos facendo: a máxima colaboración. Algún representante do seu partido dicía que non se estaba colaborando coa Fegamp. Creo que os propios responsables da Fegamp poden desmentir isto. Dende o primeiro momento integrouse no Cecop, e aí están todas as medidas que se están tomando coordinadamente para atender o máis urxente agora mesmo nos concellos, que é a subministración de material. E creo que nunca vai ser dabondo, loxicamente. Tamén creo que todos os responsables municipais entenden perfectamente que o fundamental é atender os centros sanitarios e residencias de maiores, pero tamén estamos distribuíndo o material da Xunta de Galicia entre os concellos.

Vostede dicíame que ninguén lle quitou a responsabilidade á Xunta de Galicia de adquirir material sanitario. Eu espero que non mo diga absolutamente en serio. Se quere, vólvolle ler o que lin na miña primeira intervención, ese acordo publicado no BOE respecto da asunción da adquisición e distribución do material sanitario, e dígolle o que pasou nos primeiros días cando intentabamos adquirir material. Despois, loxicamente, o que fixo o Goberno de España, vendo que non era capaz de cumprir ese deber autoasumido, foi dicir que as comunidades autónomas se buscasen a vida como puidesen. E é o que estamos facendo, o que vimos facendo dende o primeiro momento; sobre todo dende que constatamos que, se esperabamos esa subministración de material dende o Estado, ía ser moi complicado poder facer un abastecemento mínimo.

Isto é o que hai, e discutir isto non leva a demasiado, señor Caballero. Mire, voulle dicir as subministracións que recibimos do Estado dende o principio —case tres semanas de estado de alarma—: 714.000 luvas, 380.000 mascarillas, 5.500 litros de solución alcohólica e 30.500 batas impermeables. Isto é o que agora mesmo, como di o presidente da Xunta de Galicia, temos para distribuír. Todo o que anda de camiño, todo o que nos din que vai vir, serve pouco para que a xente se poña unha mascarilla como sistema de protección, para que unha persoa nunha residencia ou para que un profesional do servizo de axuda no fogar nun concello teña unha mascarilla —que está anunciada nun telediario ou que está aínda de camiño—. Isto é o que recibimos durante tres semanas. E as necesidades sanitarias e sociosanitarias —a iso poderíalle engadir as dos concellos, que non llas engado, simplemente as sanitarias e sociosanitarias, por darlle o fundamental— son 524.000 luvas ao día. Polo tanto, as que recibimos do Estado agora mesmo, as 714.000, darían para 1,14 días. Levamos tres semanas —mínimo—. Son 165.000 mascarillas diarias, e recibimos 380.000. Dan para 1,9 días —os outros dezaioito días, co material da Xunta—. En solución alcohólica son 2.000 litros. Daría para 2,6 días a subministración que recibimos do Estado dende o principio. E batas son 15.400. Darían para dous días do que se gasta —simplemente no sanitario e no sociosanitario— pola Xunta de Galicia.



Estas son as realidades, señor Caballero. Polo tanto, por iso facemos esa insistencia en que nos chegue o material canto antes. É que é urxente, é que é necesario, que o necesitamos. Polo tanto, estes anuncios de que vai chegar un montón de material están moi ben o día que chegue. E o día que chegue reconecerémolo. Diremos —xa nos gustaría non ter que dicilo— que chegou moito máis tarde e, polo tanto —igual que o están dicindo todas as comunidades autónomas, non só as do Partido Popular—, que ese material xa tiña que estar e que as comunidades autónomas se están buscando a vida. E imos seguir facéndoos. Está chegando, afortunadamente, material adquirido pola Xunta de Galicia. Ese material, afortunadamente, estámolo repartindo. Unha gran parte está indo aos concellos. É o que imos seguir facendo porque non queda outra, e porque nesta situación hai que dicir as cifras para que non se engane ninguén e se saiba o que hai e se aprecien os esforzos de todo o mundo, incluídos os do Goberno de España en intentar conseguir material —cun éxito francamente mellorable, pero que ninguén nega nin deixa de reconecer que están facendo esforzos nun momento moi difícil no que os mercados pois están funcionando como están funcionando e non saen as cousas como nos gustaría—.

Dicía vostede —e remato xa, señor presidente— que non hai vida parlamentaria en Galicia e que non se dan as contas suficientes. ¡Oia!, eu creo que cun Parlamento disolto, como dicía ao principio desta réplica, está comparecendo o Goberno da Xunta de Galicia, e creo que, como mínimo, coa mesma intensidade —creo que máis— coa que está comparecendo o Goberno de España nun parlamento plenamente operativo. Polo tanto, ¡alá cadaquén! Nós cremos que o noso deber —e aquí especialmente— tamén é dar contas, escoitar todo o que se ten que dicir e sobre todo agradecer as críticas construtivas e intentar acertar entre todos. Creo que a lealdade institucional ten que ser recíproca. A Xunta de Galicia vaina seguir ofrecendo e agardamos que, salvo as cousas que acabo de comentar, por parte do Goberno de España e por parte dos representantes parlamentarios siga sendo exactamente a mesma desde o principio ata o final.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a limpar o estrado.)

Rolda de aclaracións.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, o señor Rodríguez.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: Grazas, presidente.

Ben, ao fío do que falaba o señor vicepresidente do que foi o motivo da comparecencia de hoxe, da Cecop, nós pensamos que unha das facianas da propia seguridade pública é a configuración dun sistema de protección da poboación ante calquera clase de incidente. Pode ser unha emerxencia, pode ser unha catástrofe ou unha calamidade pública. Pero, bueno, o que pensamos é que o que temos que facer é tratar de evitar, reducir ou corrixir os danos que se poidan ocasionar ás persoas e aos bens. Neste senso insistimos tamén na necesidade



de aproveitar a crise para non volver cometer os mesmos erros. Hai que insistir na necesidade de recuperar e de reactivar a capacidade da xestión autonómica neste senso. Isto, aprender dos erros que cometemos, pode ser máis ca nunca un factor chave. Deberíamos de valorar a necesidade dun decreto de alerta propio que atenda á nosa especial maneira de nos asentar no territorio, aos distintos graos de perigo por concellos e criterios de sanidade —e non políticos—. Insistimos nisto, pois a xestión desde a proximidade é moito máis eficaz para detectar problemas, incluso para confinar a poboación.

Botamos en falta neste eido durante estas semanas unha proposta da Xunta de Galicia para canalizar e para regular o voluntariado, que moitas persoas están desenvolvendo dun xeito informal nas súas comunidades de veciños. E non estou falando nin de Protección Civil nin dos GES, senón de voluntariado, que se está desenvolvendo en aldeas, en vilas ou barrios para axudar as persoas máis vulnerables nesta crise —persoas maiores que están soas, persoas con dependencia, etc., que se atopan nas súas casas e non saen por saúde, por precaución ou por ser un colectivo de risco, pero que deben cubrir a súas necesidades básicas, como alimentación ou medicinas—.

Esta crise constatou a necesidade deses coidados e da atención ás persoas máis vulnerables. E por iso, ante a pasividade da Xunta, que durante moito tempo —aínda a día de hoxe— non proveu de material de protección necesario para evitar os contaxios a todas as auxiliares dos servizos de axuda no fogar dos concellos, asociacións de veciños e organizacións que están a traballar, e mesmo os propios concellos pola súa conta, pois non houbo un protocolo específico unificado para as administracións locais ata hai pouco. E estas son as que están dando un mínimo de soporte a estas persoas.

Dende En Marea cremos que a Xunta debería pór máis énfase. Sabemos que é algo que se está facendo, que é algo que se fixo tamén no pasado, pero hai que poñer máis énfase en facer protocolos para este voluntariado e para os grupos de Protección Civil, para os GES, que nesta emerxencia sanitaria está levando a cabo tarefas de abastecemento á poboación máis vulnerable, funcións para as que tamén precisan protocolos de actuación, formación e información sobre a prevención de riscos biolóxicos. Pouca formación se ten dado neste eido, señor vicepresidente, sendo esenciais estes protocolos para todo o persoal de emerxencias. Un servizo de voluntariado debería coordinarse a nivel civil, mediante os Grupos de Emerxencias Supramunicipais e outras entidades especiais de coordinación que ao abeiro do Cecop se constituíron durante esta crise, para un funcionamento máis eficiente.

Gustaríanos —reiteramos isto— que esta crise servise de exemplo para, unha vez rematada, desenvolver a Lei de emerxencias tal e como está redactada —ou melloralas, pero xa tal e como está redactada nos valería— para que sexan os profesionais civís tamén os que nos socorran nun futuro.

Diciase que é o momento da responsabilidade. Por suposto, pero iso é o que estamos demandando aquí todos os grupos que estamos na oposición, estamos demandando responsabilidade. E non é responsable vender a bombo e prato que nos anticipamos. Iso é verdade que o fixemos, pero fixémoslo nun papel. Asinamos antes que calquera outro, si. Pero, despois, as medidas que tomamos creo que son nunha comisión o 27 de febreiro e creo que no



propio Cecop o 14 de marzo. E aos concellos chegou o material o 24 de marzo. Xa estabamos nun grao de avance da enfermidade moi grande.

Tamén é irresponsable mentir, como se dixo. Despois vostede mandouno, pero é irresponsable, porque o punto 1 do punto 5 pon: «O Instituto Galego da Vivenda e Solo non presentará o cobramento mediante domiciliación bancaria nin exixirá o pagamento inmediato do recibo do alugamento das vivendas de titularidade de Xestur Galicia no mes de abril». Iso é o que pon. Agora, se vostede nos asegura aquí que iso se vai prolongar, benvido sexa. E ademais así o apoiaremos. Tamén nos gustaría que se ratease o mes de marzo, xa que hai moitas familias que perderon o seu emprego. Hai moitos membros da unidade familiar que perderon o seu emprego durante este mes e que agora non van ter cartos para pagar o mes de marzo.

E cando falabamos de facer un verdadeiro corpo de protección que sexa civil preguntámonos tamén cantas investigadoras e recursos poderíamos xerar cos cartos que gastamos en armamento e que mercamos a países que moitas veces vulneran os dereitos humanos.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: A nós, desde En Marea, á colación do que foi a súa comparecencia en si, gustaríanos que se potencien as emerxencias civís fronte á militarización — neste caso dunha crise sanitaria, aínda que, claro, xa estamos acostumbrados a que pase—; que se desenvolvan integramente a lei e os plans de emerxencia que están vixentes a día de hoxe, e que lles dean resposta ás necesidades esenciais das profesionais que están a traballar arreo así como as daqueles colectivos vulnerables que están a sufrir, xa non só no económico senón no social, esta crise sanitaria.

Grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rodríguez.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a limpar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, señor presidente.

Eu quería hoxe, en primeiro lugar, agradecerlle a José Manuel, que é a persoa que está limpando este atril, o seu traballo, e quería facer un recoñecemento público a el e a todas as traballadoras e traballadores deste Parlamento, ao persoal de limpeza, dos servizos xurídicos e a todo o persoal administrativo que está facendo un labor importante para que este Parlamento poida reunirse.

Eu tamén quería facer unha mención a que me parece incríbel que o vicepresidente da Xunta poida dicirnos que non hai manipulación na CRTVG e que se está cumprindo con esa función de servizo público. Eu creo que lle debería preocupar que hoxe a TVG oculte o papel deste



Parlamento pero que conecten en directo cunha rolda de prensa que se dá desde Madrid e que retransmiten Televisión Española e todas as privadas. Se a TVG non informa do que pasa en Galiza e se non cumpre coa súa función de servizo público, non se xustifica que gastemos cen millóns de euros de todos os galegos e as galegas.

Tampouco creo que haxa ningún labor excepcional que estea realizando a Xunta de Galicia por comparecer no Parlamento. E digo isto porque ¡fíxense que dobre vara de medir ten o Partido Popular! Voulles ler o que lle dicía o presidente do seu partido, o señor Casado, a Sánchez hai uns días. Dicialle: «*Debe rendir cuentas todas las semanas en la sede de la soberanía nacional. En los regímenes bananeros se estila la propaganda pública en televisión para culto del líder. Pero en las democracias parlamentarias, los mensajes a la nación se dirigen desde los congresos*». Creo que podemos ver todos os días o señor Feijóo na TVG, pero non o podemos ver todos os días comparecendo no Parlamento.

E, desde logo —diciallo na miña intervención—, estamos nun momento moi duro, moi difícil. E, co que está pasando e co que levamos vendo, non creo que o Goberno poida vir aquí a dicirnos que se anticipou. Porque, de verdade, está moi ben que lle critique ao Goberno central que non se anticipase cando a OMS a final de xaneiro alertaba de que podía darse unha situación crítica pola situación do coronavirus, pero é que nese momento eu quero lembrar que o que estaba facendo o Partido Popular, o que estaba facendo o señor Feijóo, era anticipar as eleccións. Non se estaba anticipando na loita contra o coronavirus. Se hoxe temos un Parlamento disolto, é, efectivamente, por unha situación que o propio presidente da Xunta provocou. E o mínimo que podemos facer, porque non é lóxico que se restituía o Goberno pero que non se restituía o Parlamento, é ter un labor no que se intensifique o papel que pode xogar esta Deputación Permanente, porque é o mínimo que desde o punto de vista democrático se pode exixir.

Desde logo, nós non queremos que o Goberno poida vir aquí a dicir que houbo anticipación. Non houbo anticipación, porque, se a houbese, habería os equipos de protección que se necesitan. Se houbese anticipación, non teríamos a situación tan grave que hai nas residencias. E o que me parece grave é que vostede veña dicir aquí que sabían que iso se podía producir, porque, se o sabían e non fixeron nada, é moito máis grave a responsabilidade que teñen. Porque se houbese un plan de choque como o que nós pedimos, non se terían dado os casos que se produciron nas residencias —como falaremos—. Se houbese anticipación, a sanidade pública non tería os problemas que ten. Está moi ben defender os profesionais da sanidade e recoñecerlles o seu labor. Hai que facelo porque é de xustiza, e nesta situación de crise estamos vendo o importante que é ter unha sanidade pública potente. O que non lle aceptamos é que veña aquí a seguir coa compañía e coa propaganda, porque a Xunta de Galiza non reforzou o sistema sanitario público. O que fixo foi recortar.

E, miren, hoxe están tomando unha decisión, que é montar dous hospitais de campaña. Neses hospitais de campaña van dotarse en torno a catrocentas camas de hospital. ¿Quere saber, segundo Instituto Galego de Estatística, cantas camas recortou o Goberno, do que vostede é vicepresidente, nestes anos? Hai 671 camas menos. Non farían falta eses hospitais de campaña se non se recortasen camas nos hospitais públicos do noso país. Polo tanto, claro que ten unha responsabilidade.



Pero, como dixemos sempre, o importante agora é sacar este país da crise, sacalo co menor impacto posible e, desde logo, priorizar a loita contra a crise do coronavirus. E nós fixémoslle unhas preguntas que non nos respondeu. Fala de transparencia pero non nos responde. Queremos saber a cantas persoas —non cantos test— se lles fixo a proba do coronavirus. Queremos saber se as UCI que hai previstas son suficientes para o pico ou se se necesitan máis. Queremos saber se realmente se van usar as infraestruturas privadas antes que os hospitais de campaña. E tamén queremos saber que medidas se van adoptar para evitar que se eses hospitais de campaña que teñen que poñerse en marcha non repitan as situacións dramáticas que se están vivindo en Madrid. ¿Canto persoal máis se vai contratar para atender eses hospitais no caso de que sexa necesario? E tamén queremos saber o que pasa coas oposicións da Xunta —nós e os opositores, que aínda non teñen unha solución clara— e por que neste momento non se está consensuando co sector educativo cal vai ser o horizonte do curso escolar.

E mire, nós fixémoslles catro propostas de país, catro grandes acordos. Pois nin *mu*, non nos dixo absolutamente nada. E estamos tendendo a man e facendo propostas para sacar a adiante este país.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: E remato cunha última reflexión.

O que me preocupa é que nos ataquen por dicir que hai que recuperar e fortalecer o autogoberno. Porque, se un critica que centralizar o sistema sanitario foi peor, o que terá que dicir é que neste momento urxe recuperar a capacidade plena. E non se pode criticar e demandar que, por exemplo, fronte á paralización da actividade, hai que atender a realidade específica de Galiza pero logo non querer ter competencias para facelo.

Nós, señor vicepresidente, o que dicimos é que unha cousa é cooperar e outra cousa é centralizar; son dous conceptos totalmente distintos. Non manipule as miñas palabras nin a miña intervención.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: E, desde logo, imos seguir traballando e colaborando coa man tendida desde todos os ámbitos para sacar adiante Galiza, porque neste momento a nós o que nos preocupa é a saúde da xente deste país e o que nos preocupa é que haxa unha resposta económica ante o gran problemón que vai vir aí cunha crise que xa estamos vendo que é brutal.

Moitísimas grazas, señor presidente, pola súa benevolencia.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a limpar o estrado.)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, señor Sánchez.



O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Ben, pois é de xustiza agradecer o traballo ao persoal do Parlamento, que posibilita que poidamos desenvolver a sesión con normalidade, ou case.

Comezando por esa xustificación do señor Rueda de que hoxe non se estea retransmitindo esta comparecencia pola Televisión pública e a Televisión Galega, non é casualidade que hoxe sexa o noventa e oito venres negro da Televisión de Galicia, a reivindicación que durante noventa e oito semanas levan facendo as profesionais e os profesionais dos medios públicos galegos contra a utilización partidista da Televisión pública galega por parte do Partido Popular; se era así nunha situación ordinaria, nesta situación aínda peor, e así o estamos vendo.

Por outro lado, non interprete as miñas palabras cando veño aquí. Vostede veu aquí e dixo: «Vostede, señor Sánchez, dixo que non había medidas para os autónomos.» Non, non dixen iso. Ben sei as medidas que vostedes tomaron para os autónomos: avais e préstamos ponte ata que entren en vigor as axudas do Estado. O que eu dixen, textualmente, é que Galicia era das catro ou cinco comunidades autónomas que aínda non habilitou axudas directas aos autónomos, que é moi diferente, e vostede o que ten que contestar é por que aínda a Xunta de Galicia non aprobou axudas directas aos autónomos. E púxenlle casos: Euskadi, Cataluña, Valencia, publicados nos boletíns oficias respectivos de cada comunidade autónoma. Polo tanto, se queremos ter un debate honesto, conteste ao que se lle pregunta.

Por outro lado, vivenda. Non pasa nada —vostede mesmo o dixo— por recoñecer que non se tomaron medidas suficientes. Tamén lle puxen exemplos: Valencia, moratoria de tres meses aos locais comerciais; Euskadi, tres meses de exoneración de pagar o alugueiro ás vivendas públicas e posibilidade de exención. ¿Cales son as medidas en Galicia? O adiamento do prazo do alugueiro ata abril —iso é o que hai agora— e o cento por cento da renda do bono de alugueiro, que xa dixemos que é insuficiente, porque hai xente que non é beneficiaria do bono de alugueiro que queda sen ningún ingreso e que ten que pagar o alugueiro. ¿Vai haber axudas para esa xente? Por favor, conteste.

Por outro lado, sobre o 061 e o 112, non é a miña compañeira a que di en redes sociais que están os traballadores na mesma sala e que iso é un perigo; é o comité de empresa do 112 o que denuncia esa situación e o que demanda solucións, que vostedes, unha vez máis, desprezan. Como desprezaron durante todos estes anos as demandas das traballadoras e das familias, dos familiares das residencias da terceira idade, de que non se cumprían os ratios, de que non había persoal, de que non había condicións, de que se precarizaba a situación laboral do persoal e que iso se traducía nunha peor atención aos maiores, e vostedes desprezaron iso. E agora tamén desprezan o que lles di o comité de empresa, que está pedindo medidas de sentido común para evitar un contaxio a todos. E volvo dicir: no 061, a xente dando o callo despois de meses sen cobrar a nómina por parte da empresa concesionaria. ¡Xestión pública e directa xa!

Nós non falamos con respecto a Italia e a Madrid a nivel xeral de anticipación. Falamos das residencias da terceira idade, das que despois falaremos. Xa se sabía que era un colectivo vulnerable e un foco de perigo as residencias da terceira idade e non se adoptou ningunha medida de reforzo de persoal a tempo nestas residencias, que xa de por si viñan con moita precariedade.



Por outra banda, os mercados de venda directa en Baleares están funcionando. ¿Por que aquí non funcionan, se a prohibición era ata o 31 de marzo? ¿Ata cando se van prorrogar? ¿Por que razón se van prorrogar?

Por outro lado, vostede dixo: a mellor sanidade pública de Europa. Mire, menos demagogia, menos dar agora apoios e aplausos aos profesionais cando levan anos desoíndo as súas peticións de mellora. As sanidades, mellores ou peores, xúlganse en función dos datos, e os datos dinnos que dende que vostedes gobernan hai oitocentas camas menos, e os datos dinnos que, se tiveramos a media estatal de médicos e enfermeiras, contaríamos hoxe con setecentos médicos máis e con novecentas enfermeiras máis, que virían moi ben para esas residencias de maiores que precisan reforzo e medicalización das instalacións.

E, por último —que non me queda máis tempo—, seguen sen dar datos sobre a utilización da sanidade privada, e témonos que enterar pola prensa, xa que presume tanto de transparencia, do que está a facer a sanidade privada nesta situación de crise. Xa o dixo o presidente da patronal: nada. Denuncia que está sendo infrautilizada, que teñen dúas mil camas á disposición e que están baleiras e que teñen oitenta e catro camas UCI que están baleiras e sen utilizar.

¿Por que non dan datos? ¿Por que non hai utilización da sanidade privada? Iso é o que lle pedimos nada máis. Non estamos falando nin dos hospitais de campaña nin da fase 3 nin da fase 4; haberá que prever todas as fases; non é esa a discusión. A discusión é que pedimos que se está utilizando da sanidade pública e da sanidade privada e négansenos eses datos. Cando hai un dato que prexudica outras administracións, si que se reiteran un día e outro.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a limpar o estrado.)

Grupo Parlamentario dos Socialistas, señor Caballero.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: Grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados.

Señores do Goberno da Xunta de Galicia, señor vicepresidente, van seguir tendo a man tendida do Partido Socialista de Galicia, da nosa lealdade por responsabilidade, do apoio a todas aquelas medidas que sexan positivas para loitar contra a crise en todos os ámbitos, pero tamén esa lealdade mantenos na obriga de recoñecer e de trasladar á opinión pública os problemas que hai e aquilo que non se fai e se deixa de facer.

Hoxe, o presidente da Xunta podía estar aquí, e debía estar aquí, e non está aquí porque está retransmitindo unha rolda de prensa neste mesmo momento na Televisión de Galicia, e, polo tanto, na manipulación e no control político que fan da TVG vostedes non van contar



co noso apoio. Queren converter a Televisión de todos os galegos na Televisión de Feijóo. Non é que saia moito máis que ninguén, que é razoable, porque é o presidente da Xunta de Galicia; non é que saia dúas, tres, catro, dez veces, trinta veces máis que calquera outro representante político de Galicia, é normal; é que nesta crise saíu en tempo seiscentas veces máis que todos os líderes políticos da oposición na Televisión pública de todos os galegos, e agora mesmo, en vez de estar na Deputación Permanente falando da crise que máis preocupa os galegos e as galegas, está dando a súa versión, de forma unidireccional, neste mesmo momento, na Televisión de Galicia. E os galegos queren ter información contrastada, debate crítico, con lealdade, porque vostedes teñen unha oposición moi leal aquí en Galicia, e quérollo dicir con total claridade, e imos dicir o que non nos gusta.

O presidente da Xunta plantexou que cada semana ía haber un encontro cos membros políticos da oposición; esta semana estaba previsto o luns, non o houbo. Entendo que a situación é moi grave, e por iso somos comprensivos cos seus erros, pero vostedes teñen responsabilidades e teñen que cumprir con elas.

A situación é moi grave, e non podemos trasladar unha situación idílica, como se quere trasladar a través dese control unidireccional dos medios públicos de comunicación; é moi grave. O persoal sanitario está traballando e está moi preocupado, en moitos casos pola falla de protección, por exemplo en atención primaria. Os servizos sociais están moi preocupados, non hai máis que lelo e que escoitar os traballadores dos servizos sociais dos concellos tamén pedindo máis protección.

Os concellos de Galicia séntense abandonados, esa é a realidade. E nas residencias de maiores temos unha situación terriblemente dura, con máis de catrocentos contaxios, con decenas de persoas traballadoras que están contaxiadas, e —a verdade— cunha liña de acción na que dende logo queremos contribuír e apoiar, pero é que a verdade é que vemos que está dando certos cambios en distintos días, distintas instrucións ás residencias de maiores en protocolos. O propio presidente da Xunta, na última xuntanza que tivemos cos líderes da oposición por vía telemática, dicíanos que non había un protocolo claro, cando xa había unhas instrucións dun comité técnico dende o mes de marzo por parte do ministerio.

Vostedes teñen a responsabilidade de conquistar todas as necesidades de servizos sociais e de sanidade en Galicia, é competencia da Xunta, tamén en material. Non sigan coa determinada matraca que están repetindo de forma repetitiva, conforme a que hai un real decreto que impide que a Xunta de Galicia poida comprar material. ¿Como vai impedir se o están agora tentando comprar todas as comunidades? Eu así llo dixen ao presidente da Xunta nunha desas reunións telemáticas, estaban todos os líderes. E el dixo: ben, iso non está claro, temos que velo porque igual, se o compramos, nolo incautan. Pero imos ver, hai orzamentos, hai cargos políticos, hai conselleiros, hai goberno.

O Goberno de España ten remitido máis material ao conxunto das comunidades, na medida do posible, e vostedes teñen que facer todo o posible, e teño sen dúbida a confianza de que están tentando comprar todo o material posible nun escenario de dificultade para todos. Pero non intenten escaquear responsabilidades que lles corresponden.



E claro que hai dificultades cando vostedes intentan trasladar esa colaboración mutua e tan eficaz con todo o mundo. Hai problemas coa Fegamp. Vostede, señor Rueda, no seu tuit escribiuno con moita claridade o 25 de marzo. «Hoxe recibín unha carta do presidente da Fegamp, con quen houbera unha colaboración leal e á altura da situación ata o día de hoxe» —dille vostede o 25 de marzo ao presidente da Fegamp—.

Cos presidentes das deputacións, ¿reuniuse vostede con eles? ¿Reuniuse o señor Feijóo por vía telemática cos presidentes das deputacións? ¿Falou o señor Feijóo ou falou vostede, señor Rueda, cos alcaldes das grandes cidades galegas, que son as referencias das áreas sanitarias, nas que teñen vostedes que amosar os plans de continxencia para o servizo sanitario e non os coñecen?

Vostede, señor Rueda, está traballando —eu concédolle a mellor vontade—, pero sen dúbida hai moitos erros e hai moitas cousas que non se están facendo. ¿Por que Feijóo non conta cando dá os números de camas e de UCI aquelas da sanidade privada? ¿Que contratos estables fixeron vostedes ás listas de agarda do Sergas, do sistema de saúde? ¿Que contratación a maiores fixeron vostedes para os servizos sociais? ¿Que plan económico de choque teñen vostedes á altura dunhas circunstancias tan graves?

Mire, señor Rueda, vostedes teñen unha oposición que é moi leal, que posibilitou que haxa goberno sen Parlamento. Se vostedes tivesen unha oposición en Galicia como a que ten o Goberno de España co Partido Popular, a situación sería moi distinta. ¿Imaxina vostede o señor Casado facéndolle oposición a vostede cun goberno por exemplo que enviou o 24 e o 26 de marzo a concellos de Galicia material caducado? Pero é que non soamente foi a semana pasada, é que aínda onte e antonte volveron remitir ás cidades galegas material caducado, non hai seis meses, no 2014. E eu sei que é un erro, e non estamos demonizando a Xunta de Galicia, porque iso é o que dicimos que é lealdade, pero se tivera sido o Partido Popular, que fai oposición ao Goberno de España sen ningunha lealdade, vostedes estarían nesta situación nun ataque furibundo por parte desa liña política.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: Nós temos responsabilidade, porque tempo haberá e porque a cidadanía galega o que quere agora, como queremos todos, é solucionar unha situación moi crítica e despois tempo haberá para falar de quen defende a sanidade pública, de quen defende a protección social da cidadanía, de quen defende un plan de acción pública para apoiar os máis desfavorecidos e os traballadores que non están traballando.

Contará vostede coa man tendida, crítica pero con lealdade, do PSdeG-PSOE.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Caballero.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a limpar o estrado.)

O señor PRESIDENTE: Grupo Parlamentario Popular, señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Moitas grazas, señor presidente.



Diversos portavoces aludiron á cuestión da transparencia e mesmo puxeron os medios públicos de comunicación en Galicia, que creo que están a facer un labor encomiable no que é a difusión das decisións que se están a adoptar. Eu quero salientar, por exemplo, o bo traballo que se está a facer. Desde a Televisión de Galicia estase permitindo que os informativos teñan unha cota de pantalla do 21 %, e subindo, moito máis que todas as demais televisións privadas, pero desgraciadamente moito máis que a Televisión pública, que está no 11 %. E non quero, evidentemente, sinalar o que está a acontecer na Televisión pública española, porque non é o momento, pero o feito de que un centenar de periodistas protestaran, entre outras cousas, pola forma en que se está respostando nas roldas de prensa por parte dalgún responsable público, e que ademais, como castigo, cando volveron facer as preguntas, as súas foran excluídas, contrasta moi abertamente coa actitude que está a ter o presidente, que non só compareceu aquí —e díganme vostedes cantos compareceron das comunidades autónomas en Deputación Permanente— senón que, ademais, está a contestar aos medios plurais e libres de Galicia en directo e sen ningún tipo de filtro.

En segundo lugar, tamén quixera dicir que sobre a Televisión pública o señor Rueda xa dixo moitas veces aquí que certamente non é desde o Goberno onde se di que é o que teñen que transmitir, pero, se hai algún momento onde iso está claro, é precisamente nas actuais circunstancias. O Goberno está afortunadamente ao que ten que estar, que é a procurar bens, servizos e medios a todos aqueles que están a loitar en primeira fila e a acompañar as persoas que están a ter problemas como consecuencia da paralización da actividade económica e social.

Fálase tamén da cuestión da anticipación. Eu creo que, en primeiro lugar, o que hai que dicir ao respecto é que nós estamos comprobando que o Goberno se está a anticipar imos dicir que con máis interese que outros que tiñan máis responsabilidade, porque insisto en que non é o momento agora de abordar isto. O Centro Europeo de Control de Emerxencias pasou de risco medio a alto o día 2 de marzo e fixo unha recomendación, que coñecían as autoridades españolas, de que non houbera concentracións públicas. Vostedes saben perfectamente que aquí o 27 de febreiro, incluso antes, xa se fixo a Comisión interdepartamental. O día 1 de marzo —tamén antes disto— o Goberno anunciou a compra de dous millóns de euros de material sanitario, entre os que estaban respiradores, o cal deu unha marxe, entre outras cousas, para poder colaborar con outras comunidades autónomas onde o coronavirus golpeou con máis forza. O día 2 de marzo aprobouse o reforzo con sesenta profesionais de servizos, como os de recollida de mostras a domicilio. O 10 de marzo o presidente preside a Comisión interdepartamental e fixa as limitacións por visita aos pacientes ingresados, as visitas aos centros sanitarios —dous visitantes médicos—, suspende as actividades de voluntarios en centros sanitarios e limita os aforos. E saben vostedes que incluso o día 12 de marzo —porque fun eu persoalmente quen o comunicou ás forzas da oposición— foi o Partido Popular de Galicia o primeiro que suspendeu a campaña electoral, e tendo en conta como estaban evolucionando as cuestións; evidentemente, todos se engadiron a continuación pero despois de ter tamén algún outro comentario sobre a conveniencia ou non xa non só de adiar a campaña ou suspendela senón de celebrar ou non as eleccións.

Polo tanto, eu creo que podemos dicir que houbo unha certa anticipación, e probablemente xa hai algún estudo que empeza a dicir que esa anticipación —aínda que fose agora dunha



fin de semana de peche de colexios, de peche de restauración, etc.— pode ter incidido favorablemente neste caso para a cuestión de que houbera menos contaxios. Claro, e agora sobre a anticipación, se estamos na fase 2, na fase 3 ocúpanse os hospitais privados e na fase 4 —de non ser suficientes— móntanse hospitais de campaña, reúnese o presidente cos Médicos sen Fronteiras —que teñen moita experiencia de como se organizan hospitais de campaña— e aquí ao mesmo tempo dise que iso é propaganda, pois nós entendemos certamente que o Goberno está a traballar ben e a facelo ben.

Evidentemente, sobre o Partido Popular fálase de lealdade. Eu respondo polos actos loxicamente que se fan desde Galicia, non teño que defender a ninguén que non estea en Galicia. Pero eu insisto en que o Partido Popular apoiou todas as decisións que lle presentou o Goberno sen participar nelas, polo que agora se está intentando pedir desculpas. E isto choca abertamente co que se fixo en Galicia, onde vostedes foron informados de todo o que ía facendo o Goberno. E mesmo non minusvalore a súa propia contribución á cuestión, señora portavoz do Bloque, porque algunhas das suxestións que se fixeron por parte dos grupos da oposición foron tidas en conta na actuación do noso Goberno.

Certamente, o apoio ao Goberno non quere dicir que non digamos que nos parece mal que a repartición dos fondos sociais nos deixe con 17 millóns, cando, se se aplicase o criterio ata o de agora, pois serían 25. Tamén que —e isto é importante, e repítollo, porque xa llo dixen ao señor Caballero— o día 10 de marzo foi cando se publicou o real decreto que centraliza as compras e o día 15 de marzo hai unha orde do ministerio que di literalmente que é o ministerio o que se encarga da compra e da subministración do material na crise do coronavirus, o cal todos os presidentes autonómicos denunciaron porque paralizou as compras que estaban a facer e despois pois houbo efectivamente algunha distorsión.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PUY FRAGA: Pois ben, nós, señor vicepresidente, o que si quería dicirle é que imos seguir apoiando o Goberno pero sobre todo nestes momentos mostrándolles o apoio a todos os que traballan desde o máis alto sobre todo cara a abaixo, a todos os que dependen da Administración autonómica, porque están a facer —sabémolo, somos conscientes— un esforzo sobrehumano, un esforzo que o país lles agradecerá e un esforzo que, evidentemente, por moito que digamos, nunca seremos capaces de compensar.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Puy.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a limpar o estrado.)

Peche desta comparecencia, señor vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.



Señorías, igual que fixen na réplica anterior, agradecer o bo ton xeral, o ton construtivo que eu entendín das aportacións, exceptuando, se mo permite, e dito con todo respecto, o señor Caballero. Recomendolle que se sosegue un pouco. Este é un debate onde non fai falta demostrar que estamos defendendo a alguén, por se alguén despois nos di algo, señor Caballero. Eu creo que non vai diso, non ten vostede que vir defender aquí o Goberno de España fronte a unha comunidade autónoma que está sendo —visto o visto noutras comunidades autónomas que se supón que os apoian a vostedes no goberno do día a día— impecablemente leal, se me permite que llo diga.

O que non imos deixar de facer é cumprir co noso deber, e o noso deber é dicir que hai moitas cousas que hai que facer doutra maneira e as que haxa que arreglar agora sobre a marcha —non o que haxa que dicir despois cando todo isto remate, que haberá que dicir moitas cousas que están á vista de todo o mundo do que está facendo o Goberno central—, pero agora mesmo hai cousas que non podemos deixar de dicir que hai que arreglalas, adaptalas, porque a xente necesita que funcionen, e temos que arreglalas dende aquí. Polo tanto, non o tome como un ataque nin veña aquí defenderse fronte a ataques que non se están producindo.

E por seguir a mecánica de antes, señor Rodríguez, vostede falaba de regular o voluntariado —non é unha mala idea— e mesmo de artellar unha rede que agora mesmo cumpra funcións que eu creo que se están cumprindo. Volvo dicir outra vez que os máis de catro mil voluntarios e voluntarias de protección civil están facendo un labor encomiable, dotados de material durante estes anos anteriores, coa formación loxicamente non centrada en crises biolóxicas como a que estamos vivindo, pero tamén se dedicou formación a iso e loxicamente de todo se aprende para mellorar incluso nesa formación. Pero eu creo que están facendo un labor fundamental. E crear unha rede de voluntariado non é mala idea —insisto—. ¡Oia!, isto hai que velo moi ben, porque probablemente choque con ese deber de confinamento e esa insistencia en que canta menos xente circule pola rúa e canto máis esenciais sexan as súas tarefas, mesmo despois do endurecemento que se fixo dende este domingo, creo que con moitísima máis razón. Pero insisto en que non é unha mala recomendación e aquí de todo se aprende.

Loxicamente, cando temos unha emerxencia como esta, hai moitas cousas que se ve que se poden mellorar para o futuro e que, dende logo, faremos, pensando que creo que os profesionais de emerxencias e o sistema de emerxencias galego está funcionando nun momento crítico, nun momento de enorme tensión dun xeito creo que moi aceptable, sobre todo grazas aos profesionais.

Vostede falaba outra vez do material distribuído a través dos criterios da Cecop a primeira semana. ¡Oia!, volvo repetir o que xa dixen e repetía tamén o portavoz parlamentario e o que, por outra parte, se está dicindo en todos os medios de comunicación —é dicir, unha verdade sabida—: é que é o que hai. A nós, despois dos acopios que se fixeran, ese medio millón que nos permitiu surtir as necesidades máis básicas durante a primeira semana de crise, díxosenos —publicouse no BOE—, igual que a todas as comunidades autónomas, que tranquilos, que isto se centralizaba e xa nolo ían distribuír. E garantíase —é que o dicía o BOE— o abastecemento ás comunidades autónomas por un só subministrador, un só comprador, que representaba un país de corenta e sete millóns de persoas. O malo é que despois



ese goberno que representaba ese país, que nos representaba a todos, saíu aos mercados cun fracaso absoluto. E despois veu —o que o señor Caballero domina— a matraca, esa matraca de dicir que estamos inventando o que publicaba o BOE; e o BOE o que dicía era que: tranquilos, que nos ían subministrar a todos. Polo tanto, nesa primeira semana, onde mesmo moitos subministradores dicían que non lles podían vender ás comunidades autónomas porque todo estaba incautado por orde do Goberno —iso creo que non só nos pasaba a nós, pasaba en toda España—, ao final tivemos que reaccionar. E inmediatamente, con esa reacción e con eses primeiras subministracións, empezamos a atender as entidades locais. E por iso ao pouco tempo, despois de darnos conta de que non podíamos esperar na subministración de EPI nada excesivamente do Goberno central, empezamos a subministrarnos cos nosos recursos en gran parte as entidades locais neses días 24 e 26.

Falaba vostede de potenciar o civil fronte á militarización e, ¡oia!, é moi respectable o seu plantexamento ideolóxico —non é o noso—, pero, en todo caso, eu creo que hai recoñecer, e mesmo estano recoñecendo en sitios onde nunca pensaron que as Forzas Armadas —nós xa o sabíamos— podían ser tan necesarias tamén en momentos de paz pero si en momentos de emerxencia, que as Forzas Armadas están facendo un gran labor en Galicia. E, polo tanto, nós temos que recoñecerlle iso e a coordinación que estamos observando na súa actuación coa Delegación do Goberno.

Señora Pontón, vostede dicía —dixérono todos, en realidade— que non está de acordo con que haxa censura respecto da non retransmisión desta sesión nos medios públicos galegos. ¡Oia!, creo que, sinceramente, ¡falar disto, co Goberno que vostedes apoian, coa que está caendo, respecto do 90 % dos profesionais de comunicación, que din que hai censura evidente, que todos podemos ver na filtración de preguntas...! A min non me gustaría —e estou seguro de que nunca o direi— que o presidente da Xunta de Galicia, nin calquera membro da Xunta de Galicia, filtre as preguntas e diga que non lle fagan aquelas que non lle gustan ou lle resulten incómodas nunha rolda de prensa. Nunca faremos nós iso aquí e é o que se está facendo en directo en todas as roldas de prensa. Polo tanto, que vostedes critiquen os medios públicos galegos —que, como dicía o señor Pedro Puy, están tendo un índice de credibilidade, a non ser que considere que a xente é parva e, polo tanto, ve os medios que os enganan, e están subindo cada vez máis fronte aos medios públicos estatais— demostra que a censura aquí non se exerce e se exerce en vivo e en directo, e con todo o descaro —polo menos ata o día de hoxe, e esperemos que cambie—, coa presión dos propios profesionais a nivel estatal.

Vostede dicía que o presidente Feijóo tiña que vir todas as semanas ao Parlamento. Estivo aquí a semana pasada e estamos dous membros do Goberno para dar conta de todo o que se está facendo. Estaremos as veces que faga falta no Parlamento. ¡Oia!, que se adelantaron as eleccións —a vostede xa llo vou recordar, e pódolle recordar o mesmo ao señor Caballero— e dicía que non é que se criticase que se adelantaran as eleccións, que se pedía o adiamento; é que se dicía, cando xa estabamos nunha situación de emerxencia sanitaria, que había que facelas, igual que se facían noutros sitios, que se estaban facendo noutros países —iso dicíao vostede, señor Caballero—. Recórdolle que vostede dicía que, igual que se facían eleccións en Francia e en Israel, tamén había que facer eleccións en Galicia, cando a situación era crítica. Polo tanto, eu creo que disto non vostede, señora Pontón, pero si algúns outros, debían ser bastante máis prudentes.



Dicía que non nos anticipamos. Volvo dicir que, se non é anticipación da Xunta de Galicia e capacidade para comprar nos mercados, onde está sendo incapaz —e deille as cifras antes—, pois non chega en moitos casos para máis dun día e medio todo o que nos deu en vinte e un días o Goberno central, se a Xunta de Galicia non tivera capacidade de anticipación, agora mesmo non habería subministración nin nos hospitais nin nas residencias nin nos concellos. Afortunadamente si que hai e iso débese ao que estamos facendo.

Dicíame que das propostas de país non lle dixemos nada. Mire, díxenllo na intervención anterior: agradecemoslle moitísimo a vontade construtiva que amosa ao facerlle propostas ao Goberno. Outra cousa é que esteamos de acordo ou non esteamos de acordo ou que creamos que hai outras que poden funcionar mellor, que son as que estamos aplicando. Pero iso agrádecese sempre, é o seu plantexamento e nós temos que agradecelo.

Pero o seu plantexamento —vostede dicíao tamén cando dicía que o café para todos non funciona— é un plantexamento de autoxestión. E, de verdade, vostede non ten obviamente por que, non é a súa obriga; é a miña e a do Goberno galego, si. Pero se vostede vira neste momento o que supón xestionar esta crise, a cantidade de frontes que hai que atender, os esforzos que hai que facer —insisto—, cumprindo coa nosa obriga, daríase conta de que non é o momento para ningún debate ideolóxico, ningún debate de plantexamento de estruturas de Estado; é o momento para resolver problemas no día a día, que se plantexan hora a hora, e que hai que cumprir.

Polo tanto, sobre todos eses debates, señora Pontón, e dicir que todo doutra maneira funcionaría mellor, cambiando o modelo de Estado, pódolle asegurar que, se vostede estivera no meu lugar ou no lugar de calquera membro do Goberno da Xunta, se daría conta de que estamos para solucionar problemas e non para facer agora mesmo plantexamentos ideolóxicos, e estou seguro de que a poboación en xeral, que quere que cumpramos coa nosa obriga agora mesmo nunha emerxencia, non os entendería.

Señor Sánchez, dicíame que xa sabía que fixemos cousas para os autónomos pero que non era o que estaban facendo outras comunidades autónomas. Señor Sánchez, pódolle dicir unha cousa: isto non está, por desgraza, no seu final —xa nos gustaría—, e se a Administración da Xunta de Galicia se ten caracterizado por ser unha das comunidades autónomas que máis axuda e axudará os autónomos en tempos —imos dicir— normais, pódolle asegurar que moito máis o vai facer en momentos en que están pasando unha especial necesidade, e xa verá como o tempo vai demostrar que si. Polo tanto, polo pronto estamos facendo cousas e ímolas seguir facendo.

Nos alugueiros dicíame que outras comunidades autónomas faloron de tres meses. ¡Oia!, nós falamos dun, prorrogable. Vostede dicía que non manipule o que vostede di. Pódolle dicir o mesmo, con todo o respecto. Se é un mes prorrogable, dende logo, mentres dure o estado de alarma, iso prorrogarase; é máis, dependendo de como estea a situación, que vai estar moi mal, nós faremos exactamente o mesmo. Polo tanto, se hai comunidades autónomas que faloron de tres meses e nós dun, nós seguiremos prorrogando o tempo que faga falta e ao final vai ser o mesmo. Non temos ningunha outra intención nin ningunha outra animosidade que axudar a xente que, efectivamente —a que ten alugueiros do IGVS e alugueiros de Xestur—, en moitos casos o necesita.



No 112 e no 061, eu pido que se informe mellor. Dígoo porque, efectivamente, hai un tuit dunha compañeira súa, Eva Solla, onde denuncia o hacinamento. Todo o contrario, está na sala do 112 persoal do 061, primeiro para efectos de coordinación —agora somos todos un— nunha emerxencia que hai que xestionar desde as institucións da Xunta de Galicia de emerxencias, de xeito coordinado. Pero é que, ademais, hai máis espazo e os que traballan no 061 na planta de arriba —eu non sei se vostede coñece o edificio; se o coñece, non entendo moi ben o que me está dicindo—, sabe que agora mesmo están todos abaixo precisamente por esas medidas de evitar calquera risco de non gardar as distancias sanitarias, entre outras cousas pero tamén iso. Polo tanto, denunciar iso non ten moito sentido e é demostrar que non entende moi ben o que se está facendo, se é que a intención non é outra máis retorcida.

Falábame dos mercados. Di que funcionan en Baleares. ¡Oia!, pois eu non sei se os de Baleares actúan pola vía de feito, nós non o imos facer.

Díxenlle que o Cecop toma determinacións, indicacións, pero despois pregúntallas ao Goberno de España. ¡Oia!, se a chamada é á rebelión e a que non se lle faga caso ao Goberno de España, se cre que o Goberno de España non ten razón —cremos que non ten razón nunha serie de cousas, pero intentamos adaptarnos, e volvo dicir o que repetín moitas veces nesta comparecencia—, xa pediremos despois responsabilidades. Pero ignorar decisións ou indicacións que nos dá o Goberno de España en medidas adoptadas de xeito global en todo o país non o imos facer. Polo tanto, eu o que agardo é que non se lle dixera a Baleares que poden abrir os mercados tradicionais porque é dun signo político diferente ao que goberna na Xunta de Galicia. Supoño que non será por iso, porque se non outra razón non a entendo, salvo que Baleares non preguntara nada.

Nós dende logo imos actuar coordinadamente; para iso está a Delegación do Goberno e a Cecop e non imos facer esa serie de cousas. E se nos di que non poden abrir —nós cremos que si—, se nos di o Goberno de España que non pode ser, primeiro, que se saiba que non abren porque o Goberno de España di que non poden abrir, e, segundo, que se saiba que a Xunta de Galicia vai acatar esas decisións.

Volví insistir —non só vostede, pero vostede especialmente— co tema da sanidade privada. Mire, insisto e insistiremos: está á disposición da sanidade pública, aquí hai un único mando e aquí hai un plan de continxencia e, por suposto, esgotaranse os recursos da sanidade privada antes que pasar a outras fases e crear hospitais de campaña. Pero aquí actuamos con planificación e imos por diante dos acontecementos. E vostede non pretenderá que, cando nos encontremos diante con situacións moito peores —que oxalá que non, pero, dende logo, hai que previlas e veñen tempos duros—, empecemos a pensar qué temos que facer. Polo tanto, os anuncios que facemos son anuncios graduais e pensando que hai recursos que hai que esgotar antes, e non lle caiba a vostede ningunha dúbida de que o imos facer. Están á disposición, están baixo a dirección xeral do Servizo Galego de Saúde, e xa verá como llo imos demostrando, fóra de demagoxias de que todo está planificado para facer fronte a unha situación onde todos os recursos sanitarios, públicos e privados, poden chegar —esperemos que en Galicia non, estámolo vendo noutras comunidades— a non ser dabondo.

Señor Caballero, recomendáballe sosego e vólvollo recomendar. Eu comprendo que é difícil se vostede ten que vir aquí defender certas decisións e certas actuacións do Goberno de Es-



pañá, pero é o que hai. Isto é a Xunta de Galicia e este é un debate sobre o que está facendo a Xunta de Galicia.

Eu creo que fixen moita incidencia —e quero que quede claro— na lealdade, na actuación global fronte a cousas que nos poden gustar máis ou menos, pero somos un país fronte a unha emerxencia sanitaria nacional, e, polo tanto, imos actuar con esa lealdade intentando aterrar aquí —volvo dicir— cousas para que funcionen mellor e dicindo o que non funciona, e é necesario non esperar a que acabe todo isto para arreglalo, é que hai que arreglalo agora, e o tema do material é un tema fundamental; polo tanto, vouno dicir moitísimas veces, eu e o presidente da Xunta, e quen faga falta, as veces que veña.

Vostede di que o presidente da Xunta non está aquí e tiña que estar. Está nunha rolda de prensa. O presidente da Xunta de Galicia estaba hoxe presidindo o Consello da Xunta de Galicia, onde se toman decisións e se actúa para facer as cousas que vostede nos pide que fagamos. Polo tanto, o presidente da Xunta de Galicia estaba hoxe exercendo de presidente da Xunta de Galicia, que é o que esperan os galegos.

Por certo, debe ter moito tempo libre. Contou que apareceu seiscentas veces máis que vostede o presidente da Xunta de Galicia. Para iso hai que ter moito tempo libre. Se vostede estivera xestionando unha pandemia..., que xa lle digo: non ten por que, vostede mesmo o recordaba, non é o presidente da Xunta de Galicia, polo tanto non ten que estar no día a día, pero pódolle asegurar que o presidente da Xunta de Galicia está. E quen está xestionando isto non ten tempo, vostede si que o ten, o cal demostra que enfoca isto doutra maneira e ten tempo para facer ese tipo de cálculos. Noraboa e pódolle asegurar que a quen lle toca estar á fronte disto —e o Goberno da Xunta de Galicia está— non tería tempo para ese tipo de contas nin ese tipo de recriminacións. Pero ben, cada un vai demostrando o que está facendo.

E dime que nós temos todas as responsabilidades. Volvemos outra vez co debate competencial. É que isto non é un debate competencial, este é un debate de facer todo o mundo todo o que poida. E, de verdade, se entramos niso, é que non está vostede entendendo absolutamente nada. E volvo dicir unha cousa que toda España, dende logo toda Galicia, sabe que non é así— vostede chámalle matraca, eu chámolle tema fundamental—: volver dicir que en ningún momento se dixo que quen tiña que conseguir o material sanitario para todo o mundo era o Goberno; é que non o dixemos nós, díxoo o propio Goberno, publicouno no BOE, coa palabra «garantía de abastecemento». E todos cremos que era así e todos cremos que era o conveniente, porque compra con moita máis potencia un país que unha comunidade autónoma. E, de repente, cando non chegaba o material, ao principio non se nos daban explicacións e ao final non houbo máis remedio; díxoo o propio señor Sánchez nunha conferencia de presidentes virtual: estamos tendo moitos problemas, e inmediatamente saíron vostedes a dicir: non, cada comunidade autónoma que faga o que poida, que ten orzamento. ¡Oia!, claro que temos orzamento, tiverámolo posto á disposición de quen tiña que estar comprando e non foi capaz e fracasou, e non lle vou poñer os exemplos de fracasos e mesmo de ridículos que vostedes fixeron con algunhas subministracións. O malo é que son ridículos con moitísimo prexuízo para a xente que de verdade estaba esperando por exemplo esas probas. Entón, que vostede me fale agora do tema do material e que diga que en ningún mo-



mento se dixo que o Goberno de España era quen tiña que compralo, pois mire, díxose, ata que vimos que aquilo era imposible e empezamos nós; BOE 18 de marzo.

O seguinte foi: busquen vostedes a vida. E niso estamos. Deille as cifras, o que nos chega de Madrid —oxalá nos chegue moito máis— non dá nin para un día e medio, levamos vinte e un. Queremos que chegue máis. Xa sabemos que se vai comprar moitísimo, pero necesitamos, como dicía o presidente da Xunta, que estea nos almacéns para distribuílo. E o que está agora mesmo nos almacéns para distribuír é o material que compra a Xunta de Galicia, é o que chega aos centros de saúde e aos hospitais, é o que chega ás residencias e aos centros sociosanitarios e o que está chegando aos concellos.

Vostede dime que o seu partido é moi comprensible cos fallos que poidamos ter. ¡Oia!, pois «ridículo», «vergonzoso», «vergonzante», «paquetitos», «material caducado»... Eu recórdolle unha circular do propio ministerio onde se di que o material agora mesmo, se está en bo estado, hai que distribuílo; e, se quere, pódolle dicir quen está distribuíndo todo tipo de material que fai falta agora mesmo. E vólvolle dicir: se algún alcalde seu —e algún saíu nos medios de comunicación demostrando que é bastante menos leal e bastante menos intelixente que a maioría dos alcaldes e alcaldesas, que saben que ese material se necesita—, se algún non o quere, pódolle dicir que hai moitísima xente que, sabendo que ese material se pode utilizar —e volvo a esa circular—, o está utilizando e o necesita. Polo tanto, menos soberbia e máis arrimar o ombro entre todos ante unha situación así.

Vostede di que non temos colaboración coa Fegamp. Efectivamente, eu mandeille unha carta ao presidenta da Fegamp onde dicía que ata ese momento tivera a súa colaboración leal. E voulle dicir unha cousa: seguina tendo tamén dende ese día. E, polo tanto, quero dicir que a Fegamp está sendo bastante máis útil do que está sendo vostede e algún membro do seu partido.

E dime por que non nos reunimos coas deputacións e non nos reunimos cos representantes das sete cidades. ¿Por que desautorizan vostedes así o presidente da Fegamp? ¿Acaso na Federación Galega de Municipios e Provincias non están as sete cidades e non están as catro deputacións? ¿Quere dicir que cando falamos co presidente da Fegamp non estamos falando coas deputacións, que as deputacións van por outro lado e o presidente da Fegamp non está autorizado para representalas a todas? ¿Quere dicir que o presidente da Fegamp non xunta os trescentos trece concellos, senón que xunta só trescentos seis e que os outros non están autorizados para ser representados polo presidente da Fegamp? ¡Oia!, aquí non estamos para outra cousa que para ser operativos, para intentar buscar interlocutores válidos, e eu considero que a Fegamp está facendo un bo labor e que está sendo interlocutor válido de todo o mundo e a todo o mundo lle pedimos axuda. Polo tanto, non desautoricen vostedes os seus propios representantes, os que vostedes propuxeron por certo e que votaron todos os representantes municipais.

Creo que esta é unha boa recomendación —se mo permite— dende a súa óptica, que tamén ten moito que aportar, ten moito que facer, pero, señor Caballero, construtivo e non intentando defender a quen non é atacado. Se hai verdades que non lle gustan, isto é o que hai. Se vostede ten capacidade de interlocución para dicirlle ao seu Goberno que todas estas cou-



sas que son necesarias —xa, non cando acabe todo isto— non se están cumprindo e ten que mellorar, pídolle, por favor, que o faga; nós estámolo facendo e, se o fai vostede, é algo que lle agradecerán todos os galegos, igual que están esperando que o Goberno da Xunta o faga.

E remato xa, señor presidente.

Imos seguir traballando todo o ben que saibamos e con todos os nosos esforzos. Pódolle asegurar que isto —e está aquí a conselleira de Política Social— é un reto enorme, ao que a ninguén lle gustaría terse enfrontado, pero quen está nas responsabilidades de goberno ten que facelo, con acertos e con erros, pero con coordinación. Imos seguir coordinándonos institucionalmente, imos seguir sabendo que as administracións teñen que estar tamén en primeira liña pero que non serían nada sen a xente que está en primeira liña tamén. E volvemos nomear aquí —nunca será suficiente— os sanitarios, os transportistas, os distribuidores, todas as persoas que están na súa casa, todo o mundo que agora mesmo está traballando en cousas esenciais e que non se poden parar, e imos seguir pensando que todo isto, se se resolve, se resolve con unidade, con acertos, con erros e pensando que todas as responsabilidades que haxa que exixir haberá que exixilas por suposto cando todo isto pase, e pensando tamén que, cando pase a emerxencia sanitaria, quedará unha emerxencia tamén gravísima, na que xa non estaremos falando de vidas humanas, que é o máis importante agora mesmo, senón que estaremos falando de benestar para moitísimo tempo, que é a crise económica. E nese momento o Goberno da Xunta de Galicia, tamén con lealdade ao Goberno de España, intentará estar á altura, e espero que todos saibamos estar á altura, empezando polos grupos parlamentarios, incluído o do Partido Popular.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a limpar o estrado.)

Comparecencia da conselleira de Política Social co obxecto de analizar as medidas adoptadas nas residencias de maiores e persoas con discapacidade para facer fronte á pandemia do covid-19

O señor PRESIDENTE: Para formular a comparecencia, ten a palabra a conselleira de Política Social.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez): Presidente do Parlamento, señorías.

Galicia e o mundo enteiro están a vivir unha crise de proporcións aínda descoñecidas. Tocounos encarar unha situación que é novidosa para todos, contra un inimigo silencioso que se conseguiu colar en moitos espazos do noso día a día. Circunstancias como estas provocan sentimentos moi comprensibles de preocupación, de desasosiego e de incerteza. Ante un contexto así, o labor das institucións —e falo do Goberno galego, pero tamén deste Parlamento de Galicia e das distintas forzas políticas— é transmitir a confianza que a xente necesita.



Comparezo hoxe neste Parlamento de Galicia, por petición propia, para informar sobre as medidas que adoptou e que está a adoptar o Goberno galego no ámbito da política social para facer fronte á pandemia do covid-19.

No primeiro Consello de Goberno tras a declaración de emerxencia sanitaria, Galicia aprobou o Plan social de continxencia, dotado inicialmente de tres medidas. En primeiro lugar, o teléfono social, que recordo hoxe, 900 400 800, que está á disposición das persoas que teñan calquera tipo de dúbida básica, que necesiten acompañamento ou tamén daquelas que necesitan atención psicolóxica.

A segunda medida que puxemos en marcha foi un seguimento telefónico aos 14.400 usuarios dos centros de día e ocupacionais e tamén puxemos á disposición de todas as persoas que o necesiten repartición de comida a domicilio.

En terceiro lugar, puxemos en marcha un correo electrónico para a detección rápida e eficaz das situacións de risco. Recordo hoxe o correo electrónico, que é atenciónsocialemerxencia@xunta.gal para resolver todas estas dúbidas da man dos servizos sociais de base.

En cuarto lugar, a semana pasada, conxuntamente coa Consellería de Educación, aprobamos unha axuda económica para os nenos e as nenas que dispoñían dunha bolsa de comedor na súa escola infantil, no seu colexio e no seu instituto, da que se beneficiarán máis de 51.000 fogares galegos.

Hoxe mesmo, a maiores de todas estas medidas, o Consello da Xunta de Galicia vén de aprobar tres novas medidas para reforzar aínda máis o Plan social de continxencia de Galicia. Unha quinta medida é o servizo de axuda no fogar extraordinario para as persoas que necesitan coidados a domicilio, por un importe de 6 millóns de euros.

En sexto lugar, a sexta medida é a exención das cotas das escolas infantís, dos centros de día e dos centros ocupacionais con financiamento público; é dicir, dos centros públicos, dos centros de iniciativa social e dos centros concertados. Para a metade do mes de marzo compensaranse e para o mes de abril non se cobrarán.

En sétimo lugar, como sétima medida, acabamos de sacar adiante a maior orde de axudas da historia de Galicia destinada ás entidades sociais, ás entidades de inclusión social, por un importe de 18,3 millóns de euros.

As consecuencias sociais desta pandemia afectan duramente os fogares máis vulnerables, e por iso deseñamos este completo plan de axudas para darlle solucións reais á nosa xente. Somos, por suposto, conscientes tamén de que moitos galegos e de que moitas galegas están preocupados pola saúde dos seus maiores, aos que este virus, o coronavirus, afecta e ataca con especial fereza.

Unha das principais competencias da Consellería de Política Social é a atención ás persoas de máis idade, a todas elas, teñan a idade que teñan. É un dos cometidos máis importantes que existen, xa que un dos elementos que define o pobo galego é a veneración que sentimos



e que temos cara aos nosos maiores. A elas e a eles lles debemos todo o que somos, unha inmensa e impagable débeda de gratitude.

É comprensible que un virus destas características nos provoque desasosego. Se calquera de nós nalgún momento puidésemos premer un botón que fixese invulnerables os nosos pais ou os nosos avós pulsariámolo sen dudar nin sequera un segundo. Pero, moi ao pesar de todos, o que nos toca agora é aprender a convivir con esta nova situación, dotarnos do máximo nivel de protección e, sobre todo, darlles esta seguridade aos nosos maiores.

O risco non vai poder ser cero. Lamentablemente, aínda non dispoñemos dunha vacina, pero a tarefa que temos agora enriba da mesa é reducir os efectos desta pandemia. Algúns deses efectos xa son, desgraciadamente, irreversibles. Falo de todas as persoas que perderon a un familiar ou a un amigo nas últimas semanas e ás que lles quero transmitir dende aquí o meu máis sincero pésame. É moi duro, ademais, non poder darlles un último adeus ás persoas que queremos.

Ante a dor que provoca esta pandemia, as institucións debemos de afrontar a situación dende o realismo e a responsabilidade. Realismo significa asumir que nas residencias de maiores e de persoas con discapacidade hai e haberá casos diagnosticados, hai e haberá casos dentro e fóra das residencias, hai e haberá casos dentro e fóra de Galicia, hai e haberá casos dentro e fóra de España. Igual que hai casos de coronavirus en moitos domicilios de Galicia, en oficinas e incluso en institucións, hai e haberá casos de coronavirus nas residencias onde conviven moitas persoas e manteñen un contacto diario e directo cos seus cuidadores. Dicar o contrario sería mentir, dicir que hai xeito de que todos os contaxios se poidan evitar en todas as residencias cando hai contaxios en todas as partes sería mentir, pero responsabilidade significa medir ben as mensaxes que trasladamos sobre as residencias e procurar que reflectan fielmente a realidade. A realidade xa é, desgraciadamente, o suficientemente dura e dolorosa como para caer no amarelismo.

Segundo os últimos datos que pechamos onte á última hora, a radiografía actual da situación é a seguinte: en residencias de maiores, dos 19.500 usuarios, hai 441 casos detectados entre os residentes nos que xa se está actuando, e 168 traballadores que deron positivo e están illados nas súas casas.

En residencias de persoas con discapacidade, das 2.900 prazas, hai 46 casos detectados entre os residentes, nos que tamén se está actuando, e 38 traballadores que deron positivo e tamén están illados nas súas casas.

En definitiva, nestes momentos, contamos con 487 casos totais diagnosticados nas residencias de maiores e nas residencias de persoas con discapacidade de Galicia, que supoñen un 2 % do número total de prazas, que son 22.400.

Coñecendo isto, coñecendo que o virus é especialmente agresivo coas persoas maiores e coñecendo as noticias que se deron en residencias fóra de Galicia, é comprensible que todas as familias de residentes, tanto dos centros que teñen a día de hoxe algún caso diagnosticado como dos que non, queiran ter a certeza de que o seu familiar está ben.



Nós últimos anos eu persoalmente tiven a oportunidade de percorrer moitas residencias de maiores e de persoas con discapacidade en Galicia. Algunhas nas cidades e outras no rural, algunhas grandes e outras máis pequenas, algunhas públicas, outras privadas e moitas de iniciativa social. Eu pódolles asegurar que as persoas maiores e as persoas con discapacidade reciben alí uns coidados profesionais, co mesmo cariño que llelos prestarían os membros da súa propia familia. Pódolles asegurar que alí atopei traballadoras e traballadores con vocación e con dedicación, dispostos a dalo todo polo benestar das persoas. Por cada historia que escoitamos e polas que se nos estremece o corazón, existen centenaes delas que nos fan recordar por que confiamos a unha residencia o coidado das persoas que máis queremos.

Nestes mesmos momentos, na residencia do Carballiño os traballadores comezan a traballar dúas horas antes da súa quenda e practicamente teñen que botalos fóra para que marchen. Na residencia de Burela, onde os usuarios adoitaban saír cada tarde a polo café, a traballadora social organízalles un café que poden tomar dentro do propio centro. Na residencia Torrente Ballester, da Coruña, fan sempre dúas sesións de cinema cada día. Nestes momentos estaban acabando as películas e o Sergas deulles unha caixa con novas cintas.

En centros de toda Galicia cántase cada día o *Resistiré* e as persoas residentes aplauden o persoal sanitario e os profesionais que os están a coidar, a mimar e a protexer cada día.

Preocúpame que dende algúns sectores se estea intentando utilizar esta pandemia para emprender unha causa xeral contra as residencias de maiores. Preocúpame porque as profesionais e os profesionais destes centros non merecen ese trato, que ademais causa moita intranquilidade nos seus familiares cando a inmensa maioría dos maiores está nas mellores mans.

Fronte a unha situación inédita como é esta, creo que é responsable actuar con prevención e tamén con contundencia, e en Galicia fíxose.

O venres 13 de marzo aínda non había estado de alarma e rexistrábanse cero casos nas residencias de maiores de Galicia, pero ese mesmo día publicouse e remitiuse aos centros o primeiro protocolo con instrucións a seguir en todos os centros de servizos sociais. Suspendéronse as actividades en todos os centros sociocomunitarios, nos centros ocupacionais e tamén nos centros de día; suspendéronse as actividades en todas as escolas infantís de Galicia; limitáronse as visitas a todos os centros residenciais para as persoas de idade avanzada ou con algún tipo de patoloxía; e déronselles ás profesionais das residencias e do servizo de axuda no fogar —que tamén, por certo, están a facer un traballo imprescindible e fundamental nestes momentos— instrucións claras e precisas sobre como minimizar o risco de contaxio.

Esa fin de semana declarouse por fin o estado de alarma. O luns 16 elaborouse e difundíuse unha ampliación do protocolo que xa incluía unha medida que segue en vigor nestes mesmos momentos: a supresión total das visitas ás residencias, agás en casos extraordinarios e moi debidamente xustificadas.

O sábado seguinte, o día 21, oito días despois do primeiro protocolo da Xunta de Galicia, o Goberno de España publicou no *Boletín Oficial do Estado* o seu propio protocolo, idéntico en



moitos aspectos ao que xa tiña publicado Galicia oito días antes. Tamén foi, por suposto, trasladado a todos os centros residenciais da nosa comunidade.

Do mesmo xeito que digo que o nivel de coñecemento e de aplicación dos protocolos entre os profesionais das residencias é moi elevado, teño que dicir tamén que neses días os centros nos transmitiron unha preocupación constante pola subministración dos equipos de protección. Os cambios de opinión do Goberno central sobre este asunto tampouco axudaron moito. Unha fin de semana o ministro de Sanidade —así o dixon, hai uns minutos, o vicepresidente— asumiu a subministración centralizada do material, e a fin de semana seguinte o presidente do Goberno xustificou xusto o contrario. Un domingo, o vicepresidente de Dereitos Sociais informou a todas as comunidades e ademais publicou un tuit no que dicía que o exército acudiría ao rescate daquelas residencias con dificultades, e dous días despois díxosenos que non, que finalmente o exército se limitaría a desinfectar, algo que eu hoxe tamén lles quero agradecer pero que non era o que se nos comprometeu.

É certo que esta crise nos obrigou a todos a aprender sobre a marcha, pero tamén é certo que esta contradición-improvisación do Goberno central supuxo desvelos tamén para moitas residencias, ás que se lles crearon unhas expectativas que se desmentiron pouco despois, tanto a nivel de equipos de protección como de apoio técnico.

Dirán que as residencias son de competencia autonómica e que nun estado de alarma en España o Goberno ten dereito a desentenderse. Créanme que xa quedou claro que as residencias tan só son cousa da Xunta de Galicia, porque a colaboración co Goberno foi cero. O que si digo é que podían terse aforrado comprometerse en algo que, ao final, non fixeron e non cumpriron. En calquera caso, unha vez que quedou claro que o Goberno central se desentendía, grazas a un importante esforzo, moi importante esforzo da Xunta de Galicia e da sociedade civil galega, hoxe esta situación normalizouse un pouco. Ata o momento repartiúselles aos centros o seguinte material: 530.000 mascarillas, 12.000 botes de xel hidroalcolico, 354.000 guantes, 2.000 gafas e pantallas protectoras e 65.000 batas, mandís, gorros e calzas para completar os equipos de protección.

Señorías, a rápida evolución dos acontecementos obrigounos a todos a tomar decisións que nunca se tomaran e a facelo no menor prazo posible. Pero un rápido repaso polos acontecementos dos últimos días amósanos que Galicia actuou con contundencia, coa contundencia que requiría esta situación.

O martes 24 Galicia xa contaba cun plan de choque en residencias en vigor —estamos a falar dun momento no que había 78 casos rexistrados—; un plan de choque que habilitaba a tutela por parte da autoridade sanitaria de todas as residencias de Galicia, tanto as públicas como as privadas, e tamén a posta en marcha de dúas residencias integradas nas que ofrecer a mellor atención sociosanitaria a persoas maiores que se contagiaron do coronavirus na súa residencia de orixe.

Grazas á colaboración dos profesionais sanitarios e, por suposto, de moitos traballadores e traballadoras dos centros de día, aos que lles quero agradecer sempre o seu compromiso, puxéronse en marcha dende cero dúas residencias integradas: a dos Milagros, en Baños de Molgas, e a de Porta do Camiño, aquí, en Santiago de Compostela.



Esta decisión pioneira para romper a cadea de contaxios foi replicada despois por outras comunidades como o País Vasco, a Comunidade Valenciana ou Cantabria. Cando hai un caso de contaxio nunha residencia, a autoridade sanitaria, baseándose, obviamente, en criterios médicos, decide a forma de proceder. Se consideran que o mellor é illar a persoa na residencia, así se fai; se entenden que estaría mellor nunha residencia integrada, procédese ao traslado; e se o caso require hospitalización, lévaselles a un hospital. Son tres formas de proceder indicadas sempre pola autoridade sanitaria en función dos criterios médicos, que teñen unha única finalidade: garantir a mellor atención para que as persoas maiores que contraen a enfermidade poidan curar o antes posible. Desafortunadamente, houbo dúas residencias onde polo elevado número de casos detectados e diagnosticados se fíxo inviable o traslado destas persoas contaxiadas, falo da residencia de Barreiro, en Vigo, e falo doutra en Aldán, en Cangas.

O mesmo día que se obtiveron os resultados das probas destas últimas residencias, tomouse outra decisión pioneira en España: a intervención destes dous centros, que pasaron a ser residencias integradas. Conforme a norma do Ministerio de Sanidade, a nosa comunidade púxose ao mando destes dous centros para garantir a calidade asistencial, e, sobre todo, sanitaria, e tamén para garantir a súa permanente tutela por parte das autoridades sanitarias.

Non son días fáciles, nin serán decisións fáciles, o tempo é escaso e a presión é moi elevada; pero Galicia actuou, actúa e seguirá actuando sempre. En Galicia non vacilamos en tomar decisións pioneiras de intervir estes dous centros; unha decisión que despois foi imitada por outras comunidades, como a Comunidade de Madrid. Tampouco vacilaremos en facer todo o que sexa necesario para garantir a calidade asistencial e sanitaria en todos os centros da comunidade autónoma. Neste punto gustaríame tamén dicir algo.

Defendo o traballo responsable que se fai nas residencias, pero ás familias que teñen aos seus maiores nesas residencias quero deixarlles moi claro que se a Xunta de Galicia detecta algunha irregularidade en calquera centro, sexa do tipo que sexa, non dubidaremos en tomar todas as medias que sexan necesarias; todas, absolutamente todas.

Señorías, nas vindeiras semanas, desgraciadamente, van seguir rexistrándose novos casos en residencias. Quen diga que ten a fórmula máxica para reducir o risco a cero ou ten a vacina ou está mentindo. Detectaranse e diagnosticaranse novos casos porque a pandemia aínda se está estendendo, fóra da residencias e tamén dentro delas. E, sobre todo, detectaranse novos casos, porque cada día se farán de xeito prioritario centenaes e centenaes de probas, atreveríame a dicir que máis que en calquera outro lugar.

Cando ese número suba, pido a responsabilidade de todos, porque, lonxe de alarmarnos, este amplo diagnóstico da situación permitirá que sigamos facendo todo o que sexa necesario para protexer a saúde dos nosos maiores. E, insisto, todo o que sexa necesario.

Señorías, Galicia non vai dar xamais nin unha soa vida por perdida. Aquí en Galicia non se darán os debates que xa estamos a ver no estranxeiro ou incluso noutros lugares de España. Cando vemos a unha persoa maior non pensamos nunca en todo o que leva vivido, senón que pensamos en todo o que aínda lle queda por vivir.



Este virus entra en todas partes e en todos os lados fai estragos. Este virus ataca especialmente as persoas que son máis vulnerables, por iso é extremadamente difícil evitar que o virus penetre tamén nas residencias. Pero mentres haxa algo que se poida facer para reducir as súas consecuencias, farase. Mentres poidamos facer algo polos nosos maiores, non baixaremos os brazos.

A nosa comunidade, Galicia, fixo, fai e fará todo o que se poida facer para curar os doentes, teñan a idade que teñan. Pelexaremos con todos os nosos medios, pelexaremos con todos os nosos recursos e con todas as nosas forzas para protexer e para coidar a todos e cada un dos galegos, teñan a idade que teñan. Négame a que Galicia dea por perdidas as persoas maiores. Négame a que Galicia renuncie a coidar a xente que máis o necesita. Négame a que Galicia caia no derrotismo e na resignación que xa se percibe noutros lugares. Faremos todo o que sexa necesario para que ningunha persoa maior de Galicia marche antes de tempo. Seguiremos salvando vidas e seguiremos protexendo sempre as persoas maiores; esas persoas maiores que construíron a Galicia que coñecemos hoxe, e esa Galicia non lle vai dar xamais as súas costas.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira de Política Social.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a limpar o estrado.)

Rolda dos grupos parlamentarios.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, o señor Rodríguez Estévez.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: Grazas, presidente.

Bo día de novo a todas e a todos.

Benvida, señora conselleira.

A situación de emerxencia sanitaria que estamos vivindo agora pola pandemia do coronavirus constatou algo que levamos denunciando en repetidas ocasións neste Parlamento. Son as consecuencias de anos de desmantelamento de servizos públicos en Galicia. Non foi a crise, senón as políticas de austeridade aplicadas polo Goberno e o Partido Popular con esa escusa as que provocaron que se consolidara a desigualdade, adelgazando o sector público, recortando en políticas sociais e debilitando a protección social en beneficio do negocio privado. Fronte ao modelo público de servizo, o modelo privado, que dá beneficio; fronte ao dereito social garantido polos poderes públicos, os modelos de beneficencia.

Falaba vostede da vacina para paliar esta crise —desmantelamos o público para facer negocio co privado—. O que deixan de investir as administracións, os postos de traballo públicos que deixan sen cubrir, os recortes en prestacións e recursos fan que as tarefas de coidados pasen a ser asumidas, por unha banda, polas familias, maioritariamente polas mu-



lles e, por outra banda, por un persoal público cada vez máis saturado e máis precarizado. O Partido Popular maltrata a cidadanía coas súas políticas de recortes e privatizacións, desmantelando o público para beneficiar as empresas privadas.

Sempre defendemos dende En Marea unha política de servizos sociais con máis recursos, máis persoal, máis orzamento e que cumpra co compromiso de non deixar a ninguén atrás, algo que actualmente, coas políticas do Partido Popular, non está a suceder.

Atopámonos agora nun momento clave para definir o modelo social que queremos para as maiorías sociais. É urxente dende hai tempo poñer límites ao proceso de privatización no noso país, e debemos plantexarnos cuestións como cales son os límites da privatización dos servizos e a fin —xa por fin— do lucro dos servizos dentro do benestar social, que nivel de ganancias pode permitirse xa a atención á dependencia para o sector privado ou que límites debe ter a desigualdade social nunha sociedade democrática como a nosa.

Non nos serve en política social a escusa de que a culpa é de Madrid e das políticas de Sánchez. A Constitución, no seu artigo 148.1.20, establece que as comunidades autónomas poderán asumir competencias en materia de asistencia social. O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27.23, recolle a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de asistencia social e a competencia exclusiva de Galicia na materia desenvólvese mediante a propia lei do ano 2008, de servizos sociais de Galicia. Agora fala vostede de que se Pablo Iglesias ou o exército non lle viñeron desinfectar as residencias. ¡Home!, é competencia súa, ¡por favor!

A renda básica. Pasamos ás prestacións sociais. Antes da pandemia, o panorama social en Galicia xa era desalentador: empobrecemento das persoas maiores, intolerable nivel de pobreza, exclusión social, gran desigualdade nos coidados, unha Risga cunha renda de miseria, falta de persoal de atención directa, etc. Agora vén a covid-19 e fai saltar polos aires unha situación que xa de por si era insostible. En poucos días vimos como o propio esquema familiar, persoal, laboral e social se esnaquizaba por completo por culpa dun virus. Nesta situación somos conscientes de que as axudas do Goberno non chegarán a toda a poboación afectada, xa sexa por quedar excluída das propias normas ou por non cumprir requisitos pola existencia de mecanismos de activación, como a propia internet para persoas maiores ou a fenda dixital que temos no rural. Isto non vai facer posible acollerse a estas axudas. Dende En Marea pensamos que esta renda básica universal non vai rematar con todos os problemas sociais, pero si que plantexa unha importante distribución de riqueza nun momento no que a crise, esta crise sanitaria, pode levar tamén a un colapso económico; por iso pensamos que é unha medida necesaria e totalmente factible.

Fala vostede de transparencia. ¡Home!, sendo ambiciosas, eu penso que como sociedade en xeral tamén demandamos cada vez unha maior información sobre distintas actuacións que se realizan desde os poderes públicos, aspirando ao libre uso da información pública dunha forma sinxela e accesible. No día de hoxe é un indicador fundamental da calidade dos gobernos que aspiran a considerarse democráticos. Aquí xa falamos de transparencia hai un pouco co vicepresidente e coas canles públicas que temos de televisión e de radio.



Nesta situación de incerteza a poboación debe estar informada de xeito transparente. E voulle preguntar o mesmo que lle preguntei ao vicepresidente, porque el non me contestou: ¿están a computarse por separado os datos da Consellería de Sanidade e os da de Servizos Sociais? Porque non cadran as cifras. Facendo un seguimento, na de Política Social non pode ser que dun día para outro diminúan os casos de positivos nunha comarca sen que aumente o número de falecidos ou falecidas ou o número de recuperados. Entón, preguntámoslles se se están a computar por separado ou se se están a computar xuntos.

Xa dende o principio tamén nos xorden varias cuestións que lles queríamos preguntar hoxe, nas que nos gustaría que nos deran resposta: ¿tivo en conta esta consellería o criterio de concellos, residencias, persoal implicado, profesionais especializadas á hora de tomar as medidas que vostedes levaron a cabo? ¿Fixo previsións con tempo suficiente esta consellería do material de protección que se precisaría nos centros e residencias que dependen de vostedes? Sabemos que chegaron tarde a onde chegaron e que aínda agora hai falta de material. E tamén lle queríamos preguntar se habilitou vostede ou a súa consellería unha canle de comunicación con diversos centros para coñecer e dar resposta ás demandas plantexadas polo persoal, polos familiares e polas usuarias.

Sobre as residencias da terceira idade, se a transparencia das administracións públicas é importante, non o é menos a previsión. E nesta emerxencia sanitaria faltou previsión en moitos aspectos. A xestión improvisada desta crise é consecuencia dos recortes de todos estes anos. Preocupáballe que usemos esta situación para atacar o persoal que traballa nas residencias de maiores. ¡Home!, penso que iso é faltarlle ao respecto a esta Cámara e a toda a cidadanía. Non estamos atacando, non estamos atacando as traballadoras nin os traballadores de residencias nin públicas nin privadas; estamos atacando un sistema.

Hai uns días —isto vén a colación— Mar Peteira, a presidenta do Comité de Empresa da Residencia de Maiores Volta do Castro, aquí, en Santiago de Compostela, dicía: «Ao comezo de todo isto, cando o persoal pediamos por favor material para protexernos, a dirección ríase de nós, dicíanos que eramos histéricas, unhas tolas». Retrocede no tempo unhas poucas semanas, daquela o coronavirus aínda non golpeará os centros de persoas maiores, mais as traballadoras xa sabían o que lles viña enriba. As traballadoras xa avisaran do que lles viña enriba, e non se adoptaba unha actitude preventiva.

Tamén lle queríamos preguntar se vostede, sobre eses datos que nos deu de afectados e afectadas nas residencias de maiores, nos pode desgregar as que son públicas, privadas e concertadas. En Galicia o 80 % das residencias son privadas. No Parlamento sempre se nega isto por parte do Partido Popular, pero, bueno, é unha evidencia; a privatización e a falta de prazas públicas e de xestión directa están aí. Hoxe hai catro mil e pico prazas públicas e 17.000 de iniciativa privada ou concertada. A modo de exemplo, en Lugo, a última residencia pública que se creou foi no ano 1979. Tiña eu 1 ano cando se inaugurou a residencia das Gándaras. Partimos da base, polo tanto, dunha manifesta insuficiencia de prazas públicas, pero tamén do modelo de concentración en centros moi grandes, con persoal escaso, precarizado no material e moi explotado, tanto nas residencias da Xunta como aínda máis nas privadas.

Patronal e sindicatos, neste senso, difiren nas solucións, pero coinciden no diagnóstico dalgúns destes males: escaso financiamento que reverte en salarios escasos, rateos moi eleva-



dos de residentes e xornadas partidas, externalización de servizos, pouca retención do persoal e gran precariedade en xeral.

¿Como imos nós, as persoas que estamos dentro desta Cámara, atacar a xente que está a traballar nestes centros? ¿Como vostede é capaz de dicir iso? ¡Por favor! A privatización do sector é a gran culpable do masacre que vivimos estes días, cuxo balance final aínda non coñecemos. Aínda a día de hoxe en moitas residencias faltan os EPI, e isto conleva un maior risco de contaxios, tanto entre o persoal como entre as propias usuarias, como, lamentablemente, está habendo.

Falaba vostede das residencias de Cangas e de Barreiro. Alí tivo que ser persoal sanitario o que alertara do que estaba pasando: 10 persoas para atender a máis de 105 contaxiados, entran carros sucios nos vestiarios de carros de limpo, bolsas amontoadas polos pasillos e polas habitacións, non hai medios, non hai mascarillas, non hai protocolos... Entón, eu penso que diso é culpable a Consellería de Política Social, sen ningunha dúbida.

As mortes en residencias son a punta dun iceberg dun sistema de coidados que prioriza o económico sobre o dereito das persoas ao final da súa vida, e vostede debera explicar a situación. Primeiro, as familias de residentes están implorando información sobre os seus seres queridos entre bágoas en moitos casos. E logo debera explicar tamén os motivos polos cales as residencias escollidas como residencias integradas son privadas, carecendo moitas dos recursos necesarios, e incluso sen protocolos de actuación, como veñen denunciando diversos colectivos nestes días.

A estas alturas as residencias xa son o principal foco de mortes en Galicia, están acadando ao redor dun 25 % dos falecementos —corríxame se me equivoco—. Estas cifras poden aumentar drasticamente. Creo que onte estabamos en 420 persoas; hoxe estamos, segundo dixo vostede, en 460 ou 470. Esta porcentaxe amosa que os protocolos dos propios centros, a maioría deles privados, os protocolos da propia Xunta, non funcionaron axeitadamente neste tipo de residencias, especialmente nos primeiros momentos de difusión da pandemia.

Especial atención débese ter tamén nos centros de atención a persoas con discapacidade, sendo o de Redondela ou o de Sarria tamén os que presentan xa focos con contaxio.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: Dende En Marea preguntámonos por que non impediron antes do día 17 de marzo en moitos casos visitas de familiares a centros de maiores e por que non se adelantaron e nese momento se desinfectaron todas as estancias, sen esperar a que tiveran que vir o exército. ¿Por que non equiparon de material de protección o persoal e por que non realizaron probas masivas de detección aos residentes e persoal para saber a situación á que se enfrontaban e seguir tomando medidas?

Se en tempos de normalidade o funcionamento das residencias se mantén grazas ao sobre-esfuerzo do persoal, coa chegada desta crise pasouse dun escenario onde había unha precariedade e unha insuficiencia de persoal, consecuencia dunha mala xestión do servizo, a unha



cuestión de vida ou morte na que as traballadoras denuncian non ter nin os materiais para previr os contaxios, nin o tempo para dar cariño ou para tranquilizar as persoas que atenden e que viven en situacións illadas á espera e en medio do desconcerto.

Grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rodríguez Estévez.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a limpar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Moi bo día.

O BNG tenlle trasladado ao Goberno galego desde o comezo desta crise a plena disposición a colaborar e que este non era o momento de confrontar, que xa habería tempo. E volvemos facelo hoxe; fíxoo a nosa portavoz nacional Ana Pontón, porque é evidente que o primeiro é combater a crise sanitaria e salvar vidas.

Eu quero reiterar que temos plena confianza no bo facer dos profesionais de Galiza que teñen que coidarnos, desde os sanitarios aos dos servizos sociais; profesionais que levan anos sufrindo as políticas de privatización dos servizos esenciais; anos de recortes, precarización e falta de medios. Quero facer un enorme recoñecemento, dicirlles que estamos moi orgullosos da súa entrega e profesionalidades e mandarlles desde aquí todo o alento para a tarefa que teñen por diante.

Quero reiterar tamén o afecto e solidariedade con todas as persoas afectadas e desexarlles unha pronta recuperación, e especialmente quero referirme ás persoas que perderon algún familiar; se sempre é duro, nestas circunstancias moitísimo máis.

É evidente que ninguén tiña previsto no seu plan de acción como atallar unha pandemia como a que estamos vivindo, por iso o BNG lle ten trasladado ao Goberno da Xunta propostas e medidas que considerabamos fundamental levar a cabo, por responsabilidade cos galegos e coas galegas, desde a convicción de que estamos nun momento de actuar con lealdade fronte á situación adversa e complexa na que estamos. Porque en Galiza temos un nivel de poboación moi envellecida, dos maiores do Estado. O 25 % da nosa poboación ten máis de 65 anos, e, polo tanto, temos unha altísima porcentaxe de poboación potencialmente susceptible de ser contaxiada.

Por iso, un dos sectores máis afectados pola crise deste covid-19 é o das residencias de maiores e residencias de persoas con diversidade funcional e por iso presentamos e apoiamos que se levaran a cabo as medidas. Ao presidente da Xunta trasladámosllas na primeira semana da declaración do estado de alarma: a realización dun plan de choque nas residencias de maiores, tanto nas de titularidade pública como nas de titularidade privada, protocolos, dotación de equipos, medidas para detectar persoas infectadas e evitar a propagación do contaxio, a realización de test masivos ao cento por cento dos residentes e das residentes e



dos traballadores e das traballadoras, acondicionamento de espazos para descanso seguro para os profesionais e que non contaxiaran os seus contornos... Demandámoslle insistentemente intervir todas as residencias de Galiza, por ser este grupo o de maior risco de contaxio e taxa de mortalidade.

Todas estas propostas, que, desde logo, con toda a modestia, considerabamos precisas, urxentes e de sentido común, como dixen antes, enviámosllas ao presidente da Xunta na primeira semana do estado de alarma, e vostedes non tiveron absolutamente ningunha présea en poñelas en marcha.

Tiveron días de vantaxe, dado que en Galicia a crise sanitaria chega con atraso en relación cos principais focos do Estado, e perderon días valiosísimos sen actuar e sen anticiparse. Por moito que o repitan, non se converte nunha realidade: non se anticiparon, a pesar de ter tempo para facelo.

Eu quero preguntarlle, señora conselleira: ¿que plans de continxencia e cando os despregou a Xunta para reforzar a protección das residencias de maiores? Hoxe vostede aquí falou de toda unha relación de medidas a tomar, pero non anunciou absolutamente ningunha máis, ningunha para as residencias de maiores. Non anunciou absolutamente ningunha.

¿En que momento comezaron a dar instrucións ou directrices ás empresas a respecto de como afrontar esta crise nos centros? ¿Cando comezaron a facerse as inspeccións sanitarias? ¿Como é posible que estando a acontecer nas residencias de maiores esta situación de tantos infectados...? Porque Galicia segue tendo competencias, señora conselleira, e o estado de alarma non llas quitou, ao contrario, permítelle intervilas.

E, lonxe diso, a súa consellería —permítame dicirlllo, señora García— escúdase debaixo de Sanidade, e está sendo unha consellería ausente na asistencia aos nosos maiores. ¿En que consiste exactamente a tutela que presuntamente asumiron? Gustaríanos saber en que consiste esa tutela. Temos a impresión de que só están actuando cando os sobrepasan os feitos. Estanse producindo cousas que son de difícil explicación, se non é dende esa inacción e esa falta de actuación. ¿Como é posible o nivel de contaxio nas residencias de Barreiro, en Vigo, de Aldán, en Cangas ou na de Celanova? ¿Como é posible que na residencia de Aldán os datos oficiais deran pola mañá 6 contaxiados e pola noite deran 105 contaxiados? ¿Como é posible, señora conselleira, que iso aconteza?

Vostede veu aquí dicir que viña trasladar confianza. ¿Que confianza cre vostede que ten a poboación, os galegos e galegas, con este xeito de proceder? A min gustaríame saber se ten aberto algún expediente a estas empresas que se fan cargo, que levan estas residencias, onde hai, non o 2 % de contaxios, senón practicamente o 100 % de contaxios; neste momento unha elevadísima porcentaxe, e, desgraciadamente, tememos que vai ser maioritaria, tanto en residentes como nos profesionais que os atenden.

Gustaríanos saber que protocolos de actuación lles teñen exixido a estas residencias e que verificación teñen feito do cumprimento destes protocolos de actuación, que control están realizando das condicións nas que traballan os profesionais —xa de antes nunha situación



moi precaria— e cal é o protocolo para decidir trasladar a uns residentes positivos para as residencias integradas —no caso da de Porta do Camiño ou no caso da de Baños de Molgas— ou tomar unha decisión distinta no caso da de Panxón. Vostede dixo aquí que nestas residencias había tantos afectados que xa non procedía sacar os infectados, mais está habendo unha actuación certamente errática, señora conselleira.

Eu dígolle que é bo aprender dos erros, dos propios e dos que se cometeron noutros lugares, porque, xa lles dixen antes, puideron ver o que foi pasando noutros sitios para adiantarse. A nosa valoración, teño que dicir, é que as medidas que adoptaron non foron as axeitadas; tomáronas tarde e seguen sen tomar algunhas que consideramos, desde logo, fundamentais.

Non podemos permitir que as persoas máis vulnerables da nosa sociedade, os nosos maiores, estean neste nivel de desprotección que están. Eu non sei se da súa intervención, da súa primeira intervención, señora conselleira, temos que deducir que é inevitable o que está acontecendo nas residencias de maiores, porque vostede insistiu en que hai e haberá contaxios nas residencias de maiores, e volveu insistir, e eu quero pensar que vostede non está dicindo que é inevitable este polvorín no que se teñen convertido as residencias de maiores.

Vostede fai aquí un recoñecemento aos traballadores e traballadoras dicindo que o están dando todo; sabémolo. Sabemos que o están dando todo, que están facendo máis horas, con máis dedicación, pero o que non sabemos é de que medios e recursos os está dotando vostede, porque os traballadores e traballadoras están denunciando sistematicamente que seguen sen ter material suficiente.

Hai denuncias na Fiscalía, señora conselleira, de profesionais desbordados, conscientes de que non están prestando unha atención de calidade, de que non están facendo o traballo con garantías, e tamén de profesionais con medo a contaxiarse e a contaxiar, señora conselleira. E hai denuncias na Fiscalía de familiares, porque buscan aí amparo, o amparo que non topan na súa consellería, o amparo que non topan nas medidas que vostede pon en marcha. Denuncian que non teñen case materiais, que lle teñen suplicado —practicamente lle teñen suplicado— que actuara, que os dotara de materiais de protección, que fixera test. Denuncian caos organizativo, deixadez na toma de medidas de prevención, desesperación por falta de medios e información, neglixencia e falta de previsión.

Isto fano profesionais e fano as familias, señora conselleira. E, diante diso, vostede debería de reflexionar se realmente está facendo o axeitado nesta situación.

Eu hoxe vou volver trasladarlle propostas, porque o obxectivo do BNG é trasladarlle propostas para que as medidas que se tomen sexan as mellores e as que se necesitan.

Fágolle as seguintes propostas. Realice xa sen demora test a todos os residentes e a todo o persoal. En San Lázaro hai dezaseis días que hai positivos e aínda hoxe pola mañá lles están facendo test aos profesionais. Dote sen máis dilación de equipos de protección os profesionais. Interveña todas as residencias privadas; non espere a que aconteza nestas residencias o que nomeamos hai un pouco. Interveña xa de inmediato, de xeito real, poñéndose á fronte



e tomando as decisións e aportando recursos. Non vale de nada que vostede diga que se intervéñ se logo non se pon á fronte, porque a información que temos é que seguen sendo as empresas as que están tomando as decisións. Pedímoslle luz e taquígrafos sobre a situación das fronteas.

Un protocolo de atención ás familias. Estableza un sistema de información estábel, diario e fiábel. Non pode ser que haxa familias que hai máis dunha semana que non saben nada dos seus familiares, que non saben se os trasladaron, como están e en que condicións. O Comité de Bioética de Galiza, a semana pasada, emitiu un informe no que aconsellaba manter unha canle de información.

Propoñémoslle que de inmediato faga o reforzo do persoal sanitario, que segue sendo escaso ou inexistente; estamos falando de persoas doentes que precisan de atención sanitaria.

Medicalice de forma efectiva as residencias. Son precisos centros axeitados con criterios sanitarios na vez de residencias non adaptadas ou precarias sen os adecuados sistemas médicos para o tratamento das persoas infectadas. Medidas de hospitalización para as persoas das residencias que as precisen, medidas de hospitalización —repito, señora conselleira— para as persoas que precisen ir a un hospital.

Permita que as familias que queiran e poidan facerse cargo dos seus familiares no seu domicilio...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...o fagan, sen perder a praza, con todas as garantías, co criterio estrito de que estea confirmado que non son positivos nin o familiar nin o contorno familiar que o vai acoller. Arbitre medidas para axudar as familias que están pagando prazas privadas agardando por unha pública, que quedan sen recursos ou van ver moi minguados os seus, e que non poidan afrontar o pago destas residencias.

E estableza, por favor, señora conselleira, canles de comunicación cos profesionais; estableza espazos de descanso seguros e libres de infección para o persoal exposto. Infórmeos de forma clara...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO CORES: ...e transparente...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

A señora PRADO CORES: ...e súrtaos de material de inmediato.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO CORES: De momento, máis nada e moitas grazas.



O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a limpar o estrado.)

Grupo Común da Esquerda, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Bos días.

Bos días, señora conselleira.

Fálase moito de lealdade estes días, e eu quero aclarar que a miña lealdade por riba de todo está coa xente, coas persoas maiores e coas traballadoras, que levan sufrindo as súas políticas durante estes anos. Non, esa lealdade non implica calar ante un Goberno que utiliza o cinismo absoluto nesta crise. Será lealdade a un Goberno que traballe polas persoas, nunca lealdade a un Goberno que veña aquí practicar o cinismo.

Na última intervención do señor Rueda dixo textualmente, sobre a situación dos profesionais xornalistas no Estado español: «Agardo que xurda efecto a presión dos profesionais ante a política do Goberno». Cando leva noventa e oito Venres Negros ás costas este goberno de profesionais dos medios públicos que denuncian a manipulación, a utilización partidista dos medios públicos e incluso as represalias sobre os profesionais que ousan criticar esta política do Partido Popular. ¡Iso é cinismo!

Igual que é cinismo vir aquí e utilizar máis da metade da intervención en louvar e en alagar os profesionais das residencias da terceira idade, despois de estar once anos precarizándoos e sen escoitar as súas demandas.

Cinismo é acusar de amarelismo a quen está acusando. É o que estamos vivindo nestes días non é máis que a consecuencia lóxica, despois da aparición deste virus, das políticas de precarización e de mercantilización do benestar dos maiores. Utilizar o negocio por riba da saúde das persoas, iso non é amarelismo.

Amarelismo non é o que di o último informe do Consello de Contas, no que fiscaliza a súa política nas residencias da terceira idade, onde di que Galicia ten un 3,05 por cento de prazas sobre habitantes de maiores de sesenta e cinco anos, cando a media estatal é do 4 por cento. Amarelismo non é dicir que vostedes non construíron nin unha soa residencia pública en once anos de goberno, e que concertaron as prazas públicas con empresas privadas —algunhas delas moi ben relacionadas co Partido Popular, por suposto—.

Amarelismo é dicir aquí que, se se detecta algunha cuestión que non funcione ben, a Xunta non descansará ata facer e tomar as medidas necesarias para facelo. Cando neste mesmo informe se di textualmente que «algunhas das incidencias detectadas...» —isto é o Consello de Contas— «...nas actuacións de control nos centros residenciais, tamén recollidas nas actas de inspección dos servizos sociais, refírense a incumprimentos en materia de persoal, fundamentalmente da ratio do persoal de atención directa, a non-diferenciación de funcións por categorías profesionais, o uso inadecuado das instalacións, as deficiencias dos



protocolos de funcionamento, a falta de rigor dos rexistros e a non-actualización dos datos das webs». Apareciouse —di o Consello de Contas— que a pesar de todas estas irregularidades, de non cumprir coa legalidade —que detectaron os inspectores que foron por todas as residencias—, «a pesar de que nos casos nos que as irregularidades observadas non se corrixiron, non se iniciaron expedientes sancionadores». Ningún expediente sancionador contra esas residencias que incumprían a legalidade. ¡Non é amarelismo!

Nin sequera chegando este virus, nin sequera converténdose as residencias da terceira idade nun perigo para os nosos maiores, vostedes teñen a humildade de recoñecer que o que estaban pedindo as traballadoras durante todos estes anos de recursos, de material, de recursos de persoal e de mellora das súas condicións de traballo son xustas e necesarias. Nin sequera neste momento poden facer honra á verdade.

Veneración aos maiores. Menos palabrería e máis recursos públicos. Galicia está á cabeza da privatización deste sector no Estado español, onde máis privatizado está o sector, e iso nótese na atención aos maiores. Aquí vai haber un antes e un despois da crise do coronavirus na atención aos maiores, e teno que haber. Non pode ser que o negocio estea por riba do benestar das persoas. Non pode ser que durante once anos non se constrúan residencias públicas de xestión directa, que está demostrado con datos que teñen mellor calidade asistencial que as privadas, que están mirando polo beneficio empresarial. E pode ter a súa lóxica que busquen o beneficio empresarial, pero debe de haber unha administración pública que inspeccione para que cumpran a legalidade e non que mire para outro lado. Vostede fala de venerar os maiores unha vez máis, e a privada non deixou de medrar no seu goberno.

Fala dos protocolos, pero ¿os protocolos chegaron a aplicarse ben en todos os centros? Non, porque o que nos din as profesionais —esas que tanto alagamos todos— é que para cumprir os protocolos se precisa máis persoal e persoal formado, persoal sanitario e material de protección. E non había nin persoal suficiente porque moitas veces non chega nin á ratio legalmente exixida, nin o material. Non se poden cumprir eses protocolos.

Vostede dixo que se anticipou moito a Xunta e que tutelou —dende creo que era o 16 de marzo— todas as residencias. Entón, ¿que pasou coas de Barreiro e de Aldán? ¿Estaban tuteladas xa cando as tiveron que intervir, cando xa houbo unha situación gravísima como a que hai? ¿Que tipo de tutela é cando se descobre hai ben pouco que nesas residencias había unhas graves negligencias, testemuños de traballadoras que dan conta da situación que hai nesas residencias? ¿Que tipo de tutela se está facendo? ¿Que tipo de intervención da Xunta se está facendo?

Porque publicar un protocolo só é unha parte do traballo. Para aplicar os protocolos, que precisan de moita máis limpeza nos centros, de moita máis lentitude na aplicación das tarefas, precísase multiplicar o persoal; persoal que non hai. Tampouco se pode inventar dun día para outro; iso é certo, iso recoñécémolo, pero é que levan once anos recortando persoal. Levan once anos —como xa dixen antes— onde con respecto á media estatal Galicia está moi lonxe na presenza de médicos por 100.000 habitantes ou de persoal de enfermería por 100.000 habitantes. Se tivésemos —e repito— a media estatal de persoal médico e de persoal de enfermería, teríamos setecentos vinte e nove persoas de persoal médico e novecentas de



persoal de enfermería, que se poderían estar incorporando —se estivesen formadas tamén e tivesen procesos de formación— ás residencias.

Polo tanto, ante isto está habendo propostas. Vostedes chegan tarde, ¡claro que chegaron tarde a tomar moitas propostas! Porque, ademais, sañamos dunha situación moi difícil. Ante todas estas denuncias durante anos que fixeron as profesionais vostedes non tiñan actuado, pero si que hai propostas. ¿Que din os profesionais e que nós trasladamos aquí?

Hai que intervir as residencias afectadas, todas onde haxa afectados por coronavirus, e garantir que se poidan aplicar os protocolos. O persoal ten vontade de facer ben o seu traballo, de aplicar os protocolos, pero se non ten recursos, se non ten apoio, non se pode facer.

Inspección inmediata do resto das residencias para verificar que se están facendo ben as cousas, que se están cumprindo os protocolos.

Un mando único efectivo. Non pode ser que veñamos con explicacións da situación xeral bótandolle a culpa a que se o Exército só desinfectou e non fixo... nunha residencia; iso non é serio. O que, de verdade, se está demostrando é que non hai capacidade para que en todas as residencias se apliquen de igual xeito os protocolos e mais que non hai recursos suficientes.

Dar material suficiente na medida das posibilidades. ¡Claro que si!, pero hai que dar o material suficiente.

Reforzar os recursos de persoal e reforzar a formación do persoal.

Garantir que nas residencias haxa zonas de illamento. Non dubido, non sei se outras comunidades autónomas están imitando as residencias integradas, non o sei, non sei se é imitación ou se é unha actuación que recomendan os expertos. O que si que sei é que aos dous días xa estaban obsoletas esas medidas porque o crecemento dos afectados é moito maior.

Queremos tamén que nos diga cantas probas se fixeron. Vostede dixo: «vanse facer moitas probas, probablemente máis que en ningún outro lugar». Actualmente, Galicia, a nivel xeral, é a oitava comunidade autónoma que máis test fai, pero é a oitava —iso é o que nos din os datos—. Daquela, ¿cantos test se fixeron nas residencias da terceira idade tanto a usuarios como a profesionais? ¿E cantos se van facer e en que prazo?

E, por último, formar persoal sanitario; imprescindible para garantir a calidade asistencial nestes momentos.

Se traballan neste sentido e recoñecen que hai que darlle un xiro de cento oitenta graos ás políticas que se desenvolveron neste país e no Estado español nas residencias da terceira idade, que o negocio non pode estar por riba das persoas e se traballan realmente agora a curto prazo en solucionar ese problema terán a nosa lealdade, pero se non o fan así e utilizan isto para facer propaganda, para buscar chibos expiatorios, non van ter o noso silencio.

Moitas grazas.



O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a limpar o estrado.)

Grupo Parlamentario Socialista, señor Caballero.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: Señor presidente.

Señoras e señores deputados.

En primeiro lugar, vaia o noso apoio, o noso respaldo e tamén o noso agarimo a todas aquelas familias que perderon un dos seus membros estando nunha residencia de maiores, unha situación que nos preocupa, que se converte no escenario máis trágico do que estamos vivindo nesta crise do coronavirus, cando tantos familiares se atopan con que os seus maiores que estaban en residencias están contaxiados polo virus en idades críticas e, polo tanto, en situacións que poden acadar niveis de gravidade preocupantes.

E queremos trasladar o noso máis sentido pésame polos falecementos a todos aqueles maiores que estando en residencias foron contaxiados polo virus e que a situación de gravidade os levou ao peor escenario.

Tamén todo o noso agarimo e o noso acompañamento a aqueles maiores — neste momento máis de catrocentos — que están nas residencias galegas con virus e, ademais, xa detectados e contrastados polos test correspondentes. Catrocentos oitenta e sete maiores — se non me equivoco cos últimos datos que están publicados — que están coa súa idade sufrindo un virus nunha residencia; algúns deles supoño que xa tamén en hospitais.

É, polo tanto, a situación de maior gravidade desta crise, xa que afecta a poboación con máis vulnerabilidade pola súa idade, e preocúpanos especialmente que haxa un total de máis de seiscentos contaxiados entre usuarios de residencias e traballadores nelas. É unha situación grave con arredor de trinta e oito falecidos; se non, que a conselleira corrixa e poña os datos precisos na mesa.

Polo tanto, queremos trasladarlle a toda esa cidadanía galega que está sufrindo polos seus pais, polos seus avós e avoas, polos seus parentes máis próximos que están en residencias todo o agarimo e todo o acompañamento. Nós, desde logo, tamén veneramos os nosos maiores e cremos que temos que tomar todas as decisións para preservalos dos peores escenarios.

E imos seguir trasladando esa vontade de cooperar e de lealdade. E facémolo cunha intervención que cremos que foi insuficiente e unha intervención que non explicou as cuestións fundamentais que están enriba da mesa, nin deu a información detallada que nós esperabamos sobre a situación. E quero dicir con lealdade, sen levar ao escenario unha contenda de crítica contundente, pero, a verdade, é que nos preocupa a intervención que dende a Consellería de Política Social se fixo hoxe neste parlamento.

En primeiro lugar, quero aclarar dúas cuestións que sei que son as dúas liñas xerais nas que o Partido Popular, o Goberno de Galicia e o Grupo Parlamentario Popular están incidindo:



En primeiro lugar, esa idea de que o Partido Popular anticipou un escenario. Eu xa o recordei o outro día: o Partido Popular decretou en Galicia un estado de emerxencia despois de que o presidente do Goberno anunciara ante todos os cidadáns polas televisións que España ía ter o sábado un estado de alarma. E eu recoñézolle ao Goberno o que fixo: plantexou unha rolda de prensa o presidente da Xunta tres horas despois ou dúas horas despois que o presidente do Goberno, para sumarse nese escenario de preocupación. Non o critico, simplemente fago unha crónica dos feitos. Porque as posverdades non se poden relatar de forma reiterada para construír verdades falaces en tempos de crise. E xa o lembrei o outro día, como tamén se lembrou no Congreso dos Deputados, que dous días antes do estado de alarma o presidente da Xunta —e así o publica nas súas redes sociais, ademais de en toda a prensa—, o mércores día 11, estaba con máis de cincocentos cidadáns en Ferrol nun acto político —moitos deles tamén maiores— nun escenario previo, nunha semana na que xa ningún outro partido fixo actos desa dimensión, e todos os suspendemos e non mantivemos a actividade. O que quero dicir é que nin que estamos mellor nin de máis, simplemente quero dicir as cousas como son, que ninguén se queira poñer medallas que non corresponde.

E, polo tanto, agora claro que hai que tomar todas as medidas de anticipación. Desgraciadamente, cinco días antes do estado de emerxencia en Galicia, o conselleiro de Sanidade chamounos a todos os grupos para dicir que a situación en Galicia non era preocupante, que o nivel de contaxios estaba moi reducido e que non se prevía ningunha decisión a maiores; o luns día 9 de marzo chamaba a todos os voceiros e, no meu caso, ao presidente do PSdeG, o compañeiro Xoaquín Fernández Leiceaga. Dígoo para aclarar.

E quería aclarar tamén o tema da compra de material, que tanto se está repetindo en todas as intervencións. Miren vostedes: se a compra de material non se puidese facer de acordo con ese real decreto, non se podería estar facendo agora, e pódese facer. E aclarámosllo ao presidente da Xunta, e aclarouno a Delegación do Goberno e aclarárono os responsables ministeriais de forma continua. Dous días despois de decretar o estado de emerxencia e o estado de alarma, o presidente da Xunta xa nos dixo aos representantes políticos que non había material en Galicia, dous días despois na videoconferencia na que estabamos todos os voceiros; que non sabía para canto tempo podía dar, que había unha situación preocupante por eses datos de material. E foi unha semana despois cando xa recoñeceu que había medio millón de máscaras de sanidade.

Quero dicir que todos sabemos a complexidade que hai en toda esta cuestión do material, pero non podemos intentar trasladar verdades a medias. E, dende logo, que a TVG tiña que estar agora retransmitindo a comparecencia da conselleira de Política Social. Xustamente, eu non sabía o dato, como di o voceiro do Partido Popular, que é un home ben informado, porque se os informativos da TVG están seguíndose por un vinte por cento de audiencia, polo tanto, para esa audiencia, cando hai cincocentos cidadáns que están afectados en residencias de maiores, ¿que é o máis grave que está ocorrendo en Galicia neste momento? A posición que está ocorrendo nas residencias de maiores, con maiores que están neste momento confinados nas residencias en situación de contaxio e algúns deles graves, retransmitir nos medios públicos e darlle información.

Eu queredo saber algunhas cuestións. ¡Claro que me quedan moitísimas dúbidas!, porque non me quedou claro que é o que se fixo dende Política Social en Galicia. A información é



xusto a que aquí se deu, non se trasladou o número de contaxios, os focos de infección, as causas, non se fixo un diagnóstico. ¿Que precaucións se tomaron nas distintas residencias se houbo esa anticipación? ¿Que persoal a maiores se contratou para o conxunto das residencias galegas neste momento tan crítico? ¿Que persoal de reforzo se puxo para os servizos municipais?

Eu preguntaría tamén: ¿de que mecanismos de protección se dotaron as residencias? Porque o que a nós nos contan os traballadores e as traballadoras nas residencias de maiores é que durante moitas xornadas e aínda agora están nunha situación crítica, sen material suficiente, sen mecanismos suficientes.

¿Que fases de intervención asume a Consellería de Política Social, que anunciou dúas residencias integradas nunha primeira fase e que aos poucos días xa se tivo que anunciar a intervención e a integración doutras dúas residencias, e agora isto vai en crecente?

¿Hai informes das forzas de seguridade e dos militares que acudiron limpar algunhas desas residencias? ¿Ten a Consellería eses informes á súa disposición? ¿Hai información que se poida trasladar á Deputación Permanente e ao Parlamento do que se atoparon os militares cando entraron a limpar algunhas desas residencias? ¿Hai denuncias presentadas nalgunhas desas residencias por familiares ou por calquera cidadán involucrado nestas que teña detectado problemáticas?

¿Como se van contar os datos máis graves, porque hai unha contabilidade diferenciada no caso de residencias de maiores entre Política Social e Sanidade? Eu creo, señora conselleira, que sería positivo que a Consellería traslade con total carácter fidedigno á cidadanía todos aqueles escenarios que hai con total transparencia. Estou seguro que é a vocación que vostede ten e, polo tanto, solicitaríámoslle que sempre que se traslade esa información se clarifique con claridade, cando hai falecementos, de onde veñen eses cidadáns, se estaban en residencias de maiores, aínda que ao final teñan que estar en hospitais. É unha cuestión tamén de claridade e transparencia que todos merecemos e agradeceremos.

¿Que información teñen as familias dos cidadáns que están nesas residencias con tantos contaxios? ¿Por que nos están chamando tantos familiares que non saben, que non se lles puxeron en contacto?

¿Aínda están xuntos nesas residencias de contaxios masivos aqueles residentes que teñen detectado un contaxio daqueles que non? Porque aínda onte pola noite así era.

E, polo tanto, todas estas cuestións son cuestións fundamentais que fan referencia ao máis grave e ao máis preocupante que está ocorrendo nesta crise, que é esa situación de residencias, que están preocupadas, con protocolos que foron insuficientes.

O 5 de marzo, o Ministerio de Sanidade trasladou xa un documento técnico con todos os protocolos. E dinnos en moitas residencias que dende a Consellería se lles foron trasladando cada dous días distintas indicacións sobre os protocolos que tiñan que cumprir. Que ademais nalgún momento se mandou algún *email* ás propias residencias dicindo se necesitaban EPI



e que tiñan que contestar en cuestión de media hora, de tres cuartos de hora —temos o material ademais para ensinalo—, un tempo realmente reducido; hai dous días. E, polo tanto, queremos que todo iso se traslade con claridade.

Eu creo que neste escenario habería que revisar tamén todo o modelo de residencias. Un modelo de residencias que exige un novo tempo. Necesitamos revisar o sistema de residencias, necesitamos incrementar as prazas públicas, revisar os concertos, inspeccionar o control das privadas... Hai que verificar todo este sistema porque despois de once anos de goberno do Partido Popular non houbo prazas en residencias públicas. E houbo residencias do sistema privado con prazas concertadas nos que cada seis meses nalgunhas delas se rescindían os contratos de todas as auxiliares, cunha precarización e mobilización masiva. E algunhas desas empresas privadas prefiren pagar as multas ás que teñen que facer fronte por ese tipo de irregularidades ou de non cumprir todos os requisitos antes que asumir un cambio. Polo tanto, haberá que repensar o modelo.

Agora é o momento da crise e nós queremos contribuír. Polo tanto, sei que estou plantexando moitas cuestións, pero son moi importantes. Tamén moitas sociedades sen ánimo de lucro, das que están no terceiro sector, as que fan referencia á discapacidade, as de parálise cerebral, as de autismo, as de dano cerebral, as de alzhéimer, as de dano cerebral adquirido, están preocupadas por ter garantido con todo o mecanismo o financiamento dos seus centros; tanto daquela parte que é de prestación das administracións como daquela parte máis reducida, que é de aportación dos usuarios...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: ...e que non pode ser aboada agora e necesitan para resistir cos centros e co persoal todas as garantías. Noutras comunidades tomáronse decisións que foron suficientes. Pedímoslles non soamente que teñan a vontade de facelo, senón que dean todas as garantías de que se vai facer con axilidade.

E con todo isto —para rematar— a nosa preocupación especial tamén polos centros de atención a persoas con discapacidade: en Redondela, en Sarria, en Castro de Rei. Os cidadáns máis vulnerables que, ademais de teren un contaxio por este virus terrible, non teñen ás veces as capacidades de controlar os seu propio comportamento diario para poder resistir. E temos que tomar todos os mecanismos de dotar de protección, de recursos, de persoal todos estes centros de atención a persoas con discapacidade de distinto tipo,...

O señor PRESIDENTE: Grazas...

O señor CABALLERO MÍGUEZ: ...que son o sector máis vulnerable e para o cal necesitamos a política social máis activa.

Moitas grazas, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Caballero.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a limpar o estrado.)



Grupo Parlamentario Popular, señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Moitas grazas, presidente.

Quero comezar en nome do Grupo Popular mandando unha fonda e sentida mensaxe solidaria e de apoio, en primeiro lugar, ás familias de todas as persoas que neste momento están a sufrir as circunstancias das residencias, que teñen familiares, pais, avós nas residencias.

Desgraciadamente, este virus actúa diferente a outros. Por exemplo, o da gripe española atacaba o sistema inmunolóxico e a quen o tiña máis forte, que eran os novos; este, en cambio, é especialmente cruel coas persoas que o teñen máis debilitado e, polo tanto, coas persoas que teñen unha idade ou que teñen antecedentes de tipo respiratorio. Polo tanto, queremos mandar a nosa máis sincera e forte aperta pese ás dificultades de facelo neste ambiente tan frío.

E tamén unha mensaxe de ánimo e de agradecemento polo seu esforzo e todo o noso cariño ás persoas que están traballando nas residencias de maiores e de discapacitados. Sabemos que están a cumprir co seu deber, a facer un gran sacrificio, e ademais estano a facer con amor ás persoas que coidan.

Galicia é evidente que é un país que coida os seus maiores. Díxose nalgunha intervención anterior de que estabamos orgullosos de como se estaba comportando o noso país. É certo que Galicia coida os seus maiores con agarimo na casa; é certo que hai moitas entidades sociais nas que se coida os maiores cando as familias non poden, e fano con todo o agarimo, e tamén é certo que hai entidades públicas e privadas onde traballa xente que coida con amor e con agarimo todas as persoas maiores que están alí residenciais.

E sabemos que todas elas están traballando co obxectivo que o presidente dixo e que hoxe reiterou a conselleira: non dar unha soa vida por perdida, ningunha, e intentar achegar toda axuda a todos os centros residenciais para que esas vinte e dúas mil persoas teñan a menor afección posible dentro da vulnerabilidade que teñen, tanto polas súas circunstancias persoais como polo feito de estaren convivindo con outras persoas nunha residencia.

Grazas, conselleira, por estar aquí hoxe. Creo que novamente hai que recordar que isto é un exercicio de cumprimento do deber coa Cámara, unha cámara que se reúne e que ten este formato sen previo debate na Deputación Permanente sobre a conveniencia ou non de que veña unha conselleira. É a terceira de asuntos sociais en toda España que comparece ante o Parlamento, e a de Extremadura combina tamén as competencias de Sanidade. E veu hoxe falar dunha situación preocupante, sen dúbida, prioritaria, porque se o benestar sempre é unha prioridade, neste caso, nestas circunstancias, o benestar dos maiores aínda o é máis.

Certamente, isto non é un consolo, pero é certo que se dixo nalgún momento que se puido facer máis. Creo que se está a facer todo que se pode. É certo que incluso nalgún país que estaba sendo posto como exemplo estes días de bo confinamento, de bo trato e de boa anticipación mediante a realización de test do coronavirus, e vimos onte como mesmo en Alemaña se está a producir tamén, hai un caso nalgunha residencia alemá onde tamén



detectaron máis da metade dos cento sesenta e cinco anciáns internados nunha residencia tamén contaxiados polo coronavirus.

Porque tal e como dixo a conselleira é moi complicado. É certo que a Xunta fixo cousas e que as fixo antes que o Goberno de España. O 13 de marzo, antes de que o Goberno de España declarase o estado de alarma e puxese en marcha as iniciativas que o desenvolverían, xa se tiña elaborado o protocolo, e despois outros pediron a xestión de casos nos centros da terceira idade. O día 16 de marzo restrinxíronse totalmente as visitas. O día 20 de marzo foi cando se aprobaron as novas medidas por 380 millóns de euros, dos cales 33 millóns eran para o ámbito das políticas sociais. E o 21 de marzo —fíxense— é cando o Goberno de España publicou unha orde reguladora dos procedementos de illamento e limpeza destes centros, e habería que esperar ata o día 24 para ter un protocolo estatal no que se concretaban estas instrucións. É dicir, oito días antes de que se establecese o protocolo estatal xa estaba en vigor o aprobado en Galicia.

Polo medio houbo un incidente sobre o que eu quero que tamén vostedes reflexionen. Ese mesmo día, o 21 de marzo, fíxose pública unha información en varios medios de comunicación solventes, como *El País*, *La Sexta*, segundo os cales se anunciaba que fontes do Goberno ían mandar o Exército actuar nas residencias para cubrir a falta de persoal, que as residencias de maiores deberían de comunicar se non poden dar un servizo adecuado para ser auxiliadas pola UME. E ademais dicíase que os centros que sufran esta situación deberán de comunicalo á Delegación ou Subdelegación do Goberno, así como á Consellería de Servizos Sociais da Comunidade Autónoma correspondente, para que se active o protocolo de auxilio urxente. Neste sentido será a Vicepresidencia de Dereitos Sociais a encargada de indicar ao Ministerio de Defensa a que residencias deben de acudir os axentes da Unidade Militar de Emerxencias.

O día 22 hai unha conferencia de presidentes. Nesa conferencia de presidentes, o presidente non di nada destas actuacións. E, curiosamente, despois, na rolda de prensa que se publica o día 23, o que se fai é atribuírlles ás comunidades autónomas a competencia de intervir nas residencias da terceira idade.

Señor Sánchez, a min paréceme curioso que nun momento no que se está por parte do Goberno do Estado é asumir competencias para garantir o bo funcionamento, neste caso das residencias, sexa precisamente a Vicepresidencia terceira, a de Asuntos Sociais, á que lle correspondería asumir todo isto que se avanzou, pois, curiosamente, renuncie á súa capacidade de actuación.

Todo isto, ademais, coincide —fíxense— no momento en que en Celanova se detecta o día 19 pola tarde o primeiro positivo en Galicia; coincide xustamente no tempo. E pese a todo iso o que fai a Xunta —como explicou a conselleira— é asumir a responsabilidade e inmediatamente poñerse a actuar. O primeiro adscribindo as residencias galegas ás respectivas áreas sanitarias, para facer unha tutelaxe constante. Fomos das primeiras comunidades en habilitar residencias integradas; onte facíao Valencia, onde a conselleira de Asuntos Sociais é de Podemos, por certo. Utilizáronse todos os recursos tanto propios como externos para garantir a seguridade. Tanto o Servizo de Prevención e Loita contra os



Incendios Forestais da Xunta como a Unidade Militar de Emerxencias foron requiridos para facer as tarefas de desinfección das residencias. Cando se aproba a Orde do 28 de marzo, que permite o desprazamento obrigatorio de persoas para atender as residencias, apoiouse desde a Xunta, e tomáronse as decisións para que as empresas contratistas do transporte sanitario da Xunta teñan que asumir o traslado entre as residencias. Onte mesmo, a Xunta acordou priorizar as probas de diagnóstico nas residencias para usuarios e profesionais, con oitocentas ao día.

Polo tanto, creo que se está actuando —como dixen antes— con anticipación e tamén reaccionando ante os problemas conforme xorden.

O que si é certo é que na oposición hoxe, máis alá da crise específica que estamos a vivir, plantexaron dúas cuestións, sobre as que eu —aínda que hoxe non é o día— si creo que debo de dicir algo.

En primeiro lugar, sobre o modelo do benestar, e non digo do modelo do Goberno, porque vostedes están esquecendo todos que o modelo de benestar e de atención ás persoas maiores e discapacitadas é dunha lei que aprobou o Goberno de esquerdas de Galicia, o Bipartito, nomeadamente a vicepresidencia que levaba o Bloque Nacionalista Galego. Un modelo que era moderno, porque era un modelo pluralista do benestar, co que o que se atende é todo o posible, increméntase o benestar das persoas todo o posible, e non desde dous campos —como vostedes din—: desde o público ou do privado, senón desde tres: desde o público, desde o mercantil, pero tamén desde o punto de vista social.

Eu non sei se vostedes son conscientes de que en Galicia só o 21 por cento das residencias son de titularidade pública: trece da Xunta e sete das entidades locais. Menos da metade, moito menos, o 34 por cento das que restan, son entidades mercantís. E a maioría das residencias en Galicia, o 45 por cento, están en mans de entidades de iniciativa social e sen ánimo de lucro.

Vostedes poden queren vir aquí e dicirnos que é o mesmo a Asociación de Familiares de Persoas con Discapacidade Intelectual de Valdeorras que o señor Florentino Pérez, ou que a Congregación das Hermanitas dos Anciáns Desamparados é o mesmo que o fondo de investimento Partnest Internacional. E non, non é así, a realidade en Galicia é outra: hai tamén moito sector social.

A segunda cuestión é que, polo tanto, non podemos admitir un cambio deste modelo, que aprobaron vostedes e que cremos que é bo porque maximiza o benestar e o acceso aos servizos destas persoas.

Evidentemente, non houbo recortes tampouco neste ámbito, pois de residencias pasamos de prazas sostidas con fondos públicos de 5.500 no ano 2009 a 7.900, un 42 por cento máis, e de discapacidade de 4.000 a 5.500, un 25 por cento máis. Non houbo tampouco nisto recortes. Como non os houbo na sanidade, por moito que vostedes sigan a dicilo. Estamos cunha sanidade que ten máis camas, cun sistema de hospitalización domiciliaria que vostedes non tiñan e que agora conta tamén na atención sanitaria, que ademais está monitori-



zado pola Telea, e ademais a cirurxía en Galicia pois mudou moito, como algúns por desgraza e por experiencia propia sabemos, e mesmo hai máis persoal.

En residencias é evidente que non estamos nun momento de impugnar o modelo, vostedes están a falar diso. Eu creo que o importante é recordar que aquí en Galicia quen está a traballar nas residencias é o terceiro sector. E o terceiro sector móvese por aquela vella distinción...

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor PUY FRAGA: ...que facían os gregos — polo tanto, non é algo cristián, aínda que logo se incorporou ao cristianismo—, aquela vella distinción entre o que era o amor erótico, o *eros*, o que era o amor da amizade, que era *philia*, e o que era o *agapē*, que era o amor polos demais racional, libre e absoluto; o *agapē* é o amor definitivamente polo ben, polo ben dos demais. Nós estamos seguros de que a maior parte da xente que está traballando en todas as residencias están traballando con iso.

Cando vostedes confunden o privado con iso están cometendo un grave erro. E, desde logo, nós non o imos cometer, porque, ademais, pensamos que toda Galicia entende perfectamente cal é a situación e cales son os prestadores...

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor PUY FRAGA: ...destes servizos: as persoas maiores.

Os que están traballando alí — como di hoxe no periódico unha delas— non son culpables. ¡Claro que non son culpables os coidadores!, por suposto que non. E nós a todos eses traballadores dámoslles os nosos ánimos porque están facendo todos os días unha gran demostración de amor ao próximo.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a limpar o estrado.)

Réplica, conselleira de Política Social.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez): Grazas, señor presidente.

Deputados.

Das intervencións dos distintos voceiros da oposición, eu deduzo que o seu obxectivo desta comparecencia non é — e ademais así o aclaran— coñecer exactamente as medidas que adoptou a Xunta de Galicia en materia de política social fronte á pandemia. Pero o que si vexo que o que queren e o que pretenden é converter isto nunha causa xeral dos distintos



modelos de residencias de maiores. Pero a verdade é que non é o momento para nada, para alimentar as fobias e as filias ideolóxicas, senón que agora é o momento de actuar fronte á pandemia.

Se algo aprendemos desta pandemia é que o coronavirus non pregunta antes de entrar. Houbo contaxios en domicilios particulares, houbo contaxios en distintos lugares de traballo, houbo contaxios nas distintas institucións e ata entrou o coronavirus no propio palacio da Moncloa, sen distinguir en ningún momento a titularidade de cada un destes centros.

En Galicia, a inmensa maioría das residencias, tanto as públicas como as privadas, como as de iniciativa social, funcionan de maneira excelente e teñen grandes profesionais. É tremendamente inxusto pretender xeneralizar, e aínda máis cando se xeneraliza en función de valoracións moi apresuradas.

Comprendo eu que a súa ideoloxía implica odiar maioritariamente o privado. Eu non o comparto, pero respéctoo. O que non respecto é que pretendan aproveitar esta crise para alimentar os seus dogmas, porque non é nestes momentos o que as familias necesitan.

Vostedes din tamén e falan das distintas competencias. Por suposto que a Comunidade Autónoma ten competencias en materia de residencias. Ten as competencias en materia de residencias e exerce esas competencias. Pero o que si non sabemos ata esta crise é por que o Goberno central se desentendeu delas por completo; nós non sabemos que tamén tiñamos que exercelas en solitario.

Porque no ámbito hospitalario o Goberno central tivo erros e tivo acertos, pero, dende logo, fixo acto de presenza. No ámbito das residencias, o Goberno central nin sequera fixo o ademán de estar presente, como era de esperar. Nestes momentos contamos cunha Vicepresidencia social que o único que fixo sobre residencias nesta crise foi enviar unhas instrucións —vostede facía alusión a elas—, en mandar estas instrucións un domingo (*A señora García Martínez amósalle á Cámara un folio.*) e contradicilas o martes. Vostede di que non ten culpa Pablo Iglesias; o Exército é para limpar. Primeiro, dicíase que o Exército socorrería as residencias en apuros, e despois resulta que só ían desinfectar. Isto foi o que nos mandaron (*A señora García Martínez amósalle á Cámara un folio.*), e así se pode comprobar: «*Coordinación con la UME para proteger las residencias de mayores*». E nós agradecemos —como dicía antes— o labor da UME, agradecemos que fagan todos estes traballos de desinfección, pero para iso xa sobra co Ministerio de Defensa, xa abundaba con el, e non facía falta esa Vicepresidencia social. É dicir, que fronte a esta pandemia, a Xunta de Galicia exerceu en todo momento, exerce e exercerá sempre a súa competencia en materia de residencias. O Goberno central limitouse a ser un observador e tamén un comentarista ocasional.

Vostedes preguntábanme —creo que era a señora Prado— cal era o protocolo de traslado para as residencias integradas. Estes traslados ás residencias integradas decídeno as autoridades sanitarias en función sempre de criterios médicos, como é natural. Todos os protocolos conteñen guías e conteñen orientacións, pero non son táboas da lei. Cóntame que a autoridade sanitaria, antes de facer calquera tipo de traslado, comproba minuciosamente a situación individual de cada persoa, tanto se resollen o seu traslado para unha residencia



integrada como se se trasladan esas persoas cara a un hospital, como se deciden que permanezan no seu centro nas mellores condicións de illamento. É dicir, que o obxectivo é sempre o mesmo: garantir que a atención das persoas maiores sempre sexa óptima.

Eu doulles a razón en que é algo que temos que continuar facendo e en que é moi importante facer que as familias que teñen persoas maiores en residencias teñan unha boa comunicación. A calquera de nós imaxinamos que, se o noso pai ou a nosa nai está nunha residencia, evidentemente nos gustaría saber en todo momento como están o noso pai ou a nosa nai ou os nosos avós.

Eu son consciente de que algunhas residencias se viron desbordadas nestes días e que traballaron baixo unha gran presión e coa enorme responsabilidade de coidar as persoas maiores que teñen cada día do ano ao seu cargo. Segundo me din, algunhas residencias non mantiveron coas familias un contacto fluído, o contacto fluído que estas requirían, que estas demandaban e que elas tamén necesitaban, e, polo tanto, cónstame que nas residencias da Xunta de Galicia se mantivo un contacto cotián e constante coas familias e que esta mesma semana se volveu facer unha rolda de chamadas para garantirles esta tranquilidade ás súas familias, unha tranquilidade que tanto necesitamos nestes momentos.

Todos cometemos erros e dos erros sempre se aprende, e, por iso, a primeira instrución, despois da intervención das dúas residencias, de Barreiro e de Cangas, foi que se chamase a todas esas familias, acerca das trescentas familias dos residentes, para trasladarlles unha información veraz e que se lles deran todas as certezas ante unha situación tan incerta como a que estaban a vivir.

Señora Prado, en Galicia hai e sempre haberá —e xa se está facendo e xa se está poñendo en marcha e aplicando dende hai ben de días— un plan de choque nas residencias de maiores. Hai protocolos, cando a nivel nacional non había aínda nada. Hai máis material do que envía o Goberno central que vostedes apoian. Hai unha tutela sanitaria. E vostede dicíame: ¿en que consiste? É unha tutela sanitaria das autoridades sanitarias de todos os centros, tanto públicos como privados, que velan pola saúde deses residentes. Hai tamén residencias integradas aquí en Galicia para darlles os mellores coidados asistenciais e tamén sanitarios ás persoas que teñen un contaxio.

Pero —a verdade—, como non sei exactamente en que se diferencia ese plan de choque que temos aquí en Galicia para residencias do plan de choque do Bloque Nacionalista Galego e que vostedes non nos detallan nunca, eu acudín —a verdade— ás propostas que vostedes nos remitiron hai uns días, e hai unha epígrafe que se chama «Plan de choque para residencias de maiores», que di o seguinte —vostede coñéceo ben, señora Prado—: «Plan de aplicación urxente e obrigada na residencias públicas e privadas»; feito hai varias semanas aquí en Galicia; «Establecemento de protocolos claros a seguir polo persoal destes centros»; feito hai semanas; «Dotación de EPI suficiente para o persoal e usuarios»; a pesar dos bandazos do Goberno central, sempre, sempre se considerou prioritario. Polo tanto, señor Prado, Galicia xa conta cun plan moito máis ambicioso do que pide o Bloque Nacionalista Galego, dende antes, incluso, de que o seu partido o pedise.



Considero que a Xunta de Galicia está actuando de forma firme, de forma clara, sen contemplacións, e creo que estas actuacións que está a facer a Xunta de Galicia nas últimas semanas deixan moi claro que non xulgamos as residencias segundo a súa titularidade, senón exclusivamente pola súa situación sanitaria ou asistencial.

Eu non vou prexulgar a ninguén pola expansión dun virus que chegou mesmo ao palacio da Moncloa e a moitos fogares e a moitas oficinas, porque o que necesitan as familias agora mesmo non son xuízos sumarísimos nin que algúns partidos políticos poidan intentar utilizar esta situación para alimentar as súas filias e as súas fobias ideolóxicas, porque o que necesitan nestes momentos as familias galegas é tranquilidade, porque na inmensa maioría dos centros as persoas maiores reciben os coidados que necesitan, uns coidados axeitados. Que non lles caiba nunca a menor dúbida de que, se nalgún centro detectamos algunha irregularidade, tomaremos todas as medidas que sexan necesarias e nunca nos vai temblar o pulso.

Señor Sánchez, vostede tamén fala dos fondos. Eu vou aproveitar a ocasión para dicirlle se pode responder claramente polo trato discriminatorio que nos fan a Galicia no fondo ese social extraordinario que lanzou o vicepresidente Pablo Iglesias, porque hai —a verdade— unhas cantas cuestións que aínda eu teño sen responder.

O primeiro é que o martes 17 nos anunciaron uns criterios de repartición que supoñían para Galicia o ingreso de vinte e cinco millóns de euros para destinalos a fins sociais, a todas esas medidas que Galicia necesita e que, ao igual que o resto das comunidades autónomas, precisamos poñer en marcha nestes momentos. E dous días despois cámbianse as bases de cálculo para quitarlle a Galicia oito millóns de euros da nosa asignación. A verdade é que eu descoñezo onde foron parar eses millóns de euros e tamén descoñezo por que nos quitaron eses fondos.

O que si sei é que se repartiron os fondos en criterios que beneficiaban outras comunidades autónomas, xa que o 90 % da repartición destes fondos se fai en función da poboación. Entón, non teñen apenas en conta os criterios de dispersión e os criterios de envellecemento. Galicia —claramente o dicía a señora Prado— ten unha alta porcentaxe (o 25 %-26 % da nosa poboación) de persoas maiores que superan os 65 anos de idade. ¡Menudo xeito de ter en conta e de querer os nosos maiores por parte do Goberno!

Teño que dicir tamén que os cambios de criterio do Goberno central lastraron, sen dúbida ningunha, as reparticións de material de protección e desinfección. Sei que moitas entidades padeceron problemas de subministración, pero Galicia si que fixo os deberes, e aínda a día de hoxe a Xunta de Galicia segue a enviar ás residencias moito máis material do que o Goberno central remitiu a Galicia. Así o dixo antes tamén o vicepresidente da Xunta.

O Goberno enviou ou repartiu un total de trescentas vinte mil mascarillas cirúrxicas e a Xunta enviou aos centros máis de cincocentas dez mil. O Goberno remitiu a Galicia cinco mil cincocentos botes de desinfectante de mans e a Xunta enviou aos centros máis de doce mil.

Señor Caballero, en Galicia están —a verdade— moi afeitos a estar na oposición —e eu podo enténdelo—, pero aquí en España vostedes son goberno, e antes de botar en cara o que fixo



Galicia, deberíanse tamén, humildemente, de fixar un pouco no que está a facer en España o seu Goberno central. Porque mire, o 12 de marzo o Goberno aínda non fixera nada e Galicia xa suspendera a actividade de todos os centros sociocomunitarios e das escolas infantís. O 13 de marzo o Goberno central aínda non fixeran nada e Galicia xa suspendera a actividade en todos os centros ocupacionais e centros de día. Ese mesmo día o Goberno seguía sen facer nada en todos os centros residenciais, e en Galicia xa limitamos o protocolo das visitas.

É dicir, que dende Galicia se contou, dende sempre, dende un primeiro momento, cun protocolo claro. Houbo que esperar ata oito días para que o Goberno central publicase o seu propio protocolo. Polo tanto, señor Caballero, antes de pedir a previsión e anticipación que si houbo aquí en Galicia e no Goberno central non houbo, pois debería ser un pouco máis precavido —diría eu— ou un pouco máis prudente, porque eu tampouco lle quero recordar —non teño ningunha gana— que estaba a facer vostede todos eses días.

Tamén sei ben que vostede falou con algunha federación da discapacidade, vostede fala de vez en cando con esas federacións, eu falo todos os días coas entidades sociais de Galicia para saber como van traballando, como van afrontando esta crise e para que saiban sempre que teñen a Xunta de Galicia sempre ao seu carón e que poden traballar sempre con nós da man. Pódelle transmitir —porque xa o fixemos nós todos estes días— total tranquilidade, porque a Xunta de Galicia cumpriu sempre e cumprirá sempre con todas as entidades sociais de Galicia, ás que lles estamos moi, moi, moi agradecidos e coas que estamos traballando nesta crise, nesta pandemia, da man e traballan día a día os trescentos sesenta e cinco días do ano.

En definitiva, señorías, saben ben que nos atopamos ante unha situación sen precedentes e traballamos sen descanso, con todo o que temos ao noso alcance, para que as consecuencias desta pandemia na nosa comunidade sexan as menores posibles. Traballamos sen descanso por protexer a vida de todas as persoas que viven en Galicia, especialmente daquelas que son máis vulnerables. Unha crise sanitaria como a que estamos a vivir é unha crise novidosa e desta magnitude, pero eu convídoos, de verdade, a que miren o seu arredor, tamén as comunidades que gobernan os seus partidos, e en ningún lugar se actuou máis rápido que en Galicia.

Antes eu dicíalles que ante unha situación tan difícil e tan dolorosa só se pode actuar con realismo e con moita responsabilidade. E iso mesmo lles quero pedir agora, que vostedes tamén actúen con realismo e con responsabilidade, porque todos e todas nós debemos ser moi conscientes do alcance dos nosos actos e tamén do alcance das nosas palabras.

Temos a obriga de expresarnos e tamén de actuar sempre con rigor e debemos de evitar crear alarmas innecesarias que poden xerar sentimentos de moita angustia e inseguridade entre moitos cidadáns. Agora, máis que nunca, debemos continuar traballando unidos, para trasladarlles aos galegos e ás galegas unha mensaxe de tranquilidade e de confianza, aos nosos maiores, e tamén trasladarlles esta mensaxe a todas as súas familias. E tamén agora —e máis que nunca— é xusto que poñamos en valor tantos grandes profesionais que están ao lado, que están ao carón dos nosos maiores dende as residencias.

Son moitas, son moitas as persoas que traballan nos centros de maiores e no servizo de axuda no fogar. E estas persoas, estes profesionais, están a desempeñar un labor impecable



nun contexto moi difícil; homes e mulleres capaces de sacar sorrisos en tempos de angustia e medo, grandes profesionais que ben merecen o recoñecemento de todos os galegos e de todas as galegas. As familias deben sabelo, ao igual que deben saber que a Xunta de Galicia vela e velará sempre pola súa saúde e polo benestar dos seus maiores e a Xunta de Galicia actuará sempre en todo caso cando nalgún lugar non se garanta a calidade asistencial das persoas maiores.

Dende o Goberno galego seguiremos actuando con rapidez e con contundencia, ao igual que seguiremos actuando coa debida transparencia. Puxemos —e podó garantír que poremos sempre— todos os medios, absolutamente todos os medios que estean ao noso alcance para protexer a saúde e o benestar dos nosos maiores.

Adoptamos e adoptaremos todas as medidas, todas, as que sexan necesarias por protexelos fronte ao virus e por salvar as súas vidas. Todos os esforzos son poucos e nunca deixaremos de loitar porque actuamos ou porque actuemos movidos pola esperanza e pola ilusión, a ilusión que nos dan noticias como que a primeira persoa contaxiada nunha residencia en Galicia tamén foi a primeira en recuperarse.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a limpar o estrado.)

Rolda especial de aclaracións.

Grupo Parlamentario Mixto, señor Rodríguez Estévez.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: Grazas de novo, presidente.

Hoxe estamos con esta comparecencia, por iniciativa propia, da señora conselleira, unha comparecencia que xa rexistrou media hora despois de que os grupos da oposición pediramos que comparecera aquí; xa non sabemos se é coincidencia ou *modus operandi*, pero o que si é que na comparecencia os grupos da oposición facemos preguntas e polo menos ás que formulou este grupo non nos contestou a ningunha, e voullas volver facer, a ver se ten a ben no seguinte turno contestalas.

Preguntamos se temos dispoñibilidade de EPI hoxe nas nosas residencias. Preguntamos se están a computarse por separado os datos da Consellería de Sanidade e a de Servizos Sociais. Preguntamos sobre falecidas en residencias públicas e privadas, se nos podía dar datos por separado. Preguntamos se tivo en conta a consellería o criterio de concellos, residencias, persoal implicado e profesionais á hora de tomar as medidas que se levaron a cabo, se se fixo previsión con tempo suficiente do material de protección. Entón, gustaríanos que a algunha das preguntas nos contestara; ben, gustaríanos que nos contestara a todas.

Coñecemos a situación —eu creo que calquera galego e galega hoxe coñece a situación— do modelo actual dos servizos sociais galegos, e o modelo actual é unha causa de que hoxe haxa



gran parte de infectados e infectadas nestas dependencias. Non só no ámbito das persoas maiores e con diversidade funcional son cuestionables algunhas actuacións da Xunta, senón tamén no relativo ás crianzas hai algúns aspectos que deberían mencionarse. É certo que se puxo en marcha a través da Galiña Azul ese weblog, a Escola infantil na casa, para achegar actividades e xogos a nenos e nenas durante o confinamento, pero entendemos que iniciativas deste tipo deberan entenderse para abarcar a maior poboación posible, e haberá moitas familias en situación de vulnerabilidade que, por non teren ordenador, por non teren conexión, non van poder acceder a ela.

É certo —xa se nos dixo aquí— que se van ceder non sei cantos portátiles a familias, etc. Nun colexio de Ourense hai tres portátiles para máis de catrocentos alumnas, non van chegar.

Dos contidos que veñen dentro da presentación dese weblog e das cancións que incluíron nelas a min chegoume, e xa non vou falar porque penso que agora non é o momento.

Outra cuestión na que poñer o foco é sobre a violencia cara ás menores. Do mesmo xeito que pasou coa violencia machista, a violencia cara ás menores está aumentando co confinamento e agrávase cada día do illamento. Aquí non se falou nada diso.

Só nunha semana, do 23 ao 30 de marzo, o chat anónimo e confidencial da Fundación ANAR recibiu duascenas setenta peticións de axuda, cento setenta e tres das cales corresponden a casos de maltrato grave; isto tradúcese en vinte e catro casos ao día en España. Dentro desa mesma semana cada día superou o anterior. É alarmante e preocupante ese incremento, tres consultas durante estes días, nun contorno supostamente seguro, pois hai máis violencia ca nunca.

O outro gran bloque que mide a temperatura das crianzas no confinamento é o dos problemas psicolóxicos. Case un 30 % das consultas reflicten ansiedade, tristeza, autolesións, trastornos da alimentación, baixa autoestima, soidade, agresividade, problemas relacionados co réxime de visita, etc.

Polo tanto, pensamos que estes son tamén eidos importantes que a consellería debe de ter presentes. Dende En Marea gustaríanos que se implementara un plan de actuación de emerxencia social, dar cobertura ás persoas máis vulnerables para paliar a dificultade do illamento e o peche de centros e servizos, aumento do persoal do servizo de axuda no fogar cos fondos do Goberno. Estamos da man do Goberno galego á hora de falar desa repartición. Ou sexa, estamos totalmente de acordo. Pensamos que Galicia debe ser suficientemente financiada e non o está a ser.

Pensamos que ten que haber máis coordinación efectiva entre a Xunta, deputacións e concellos co tema da prestación do SAF. Ten que haber un protocolo claro e unificado para o SAF, cumprindo e xeneralizando as recomendacións. Hai concellos a día de hoxe que non están recibindo as instrucións da Xunta que deberan, e quéixanse, ademais.

Intervención da atención sanitaria dende a Xunta de todos os centros de maiores, de discapacidade e de menores con persoal sanitario do Sergas; ten que haber un mando único so-



ciosanitario. Prioridade das probas diagnósticas en residencias, tanto a persoal como a usuarias; temos que recalcar que a competencia é autonómica e vostedes teñen que facer este traballo. Implementación do plan de prevención específico para centros para minimizar o risco de infección do covid-19. E estudar a posibilidade de adecuar algún espazo hostaleiro —que isto si que nos consta que nalgúns sitios o están facendo— para que o persoal poida descansar.

Plan especial de atención ás persoas e colectivos vulnerables: persoas sen teito, familias monoparentais, persoas con serias dificultades económicas —que as hai; aínda hoxe vindo para aquí e escoitando a Radio Galega chamou unha persoa que non ten nin auga nin luz na casa, non sabía onde acudir, estaba desesperada—. Establecer partidas orzamentarias con carácter urxente para paliar situacións de emerxencia social derivadas da situación de confinamento.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: Prestación económica para quen ten na casa menores ou persoas con dependencia e non pode traballar fóra porque ten que atendelas. Dotación inmediata de persoal e recuperación tras a crise dos dereitos suspendidos polo V Convenio colectivo; isto é algo que non se nos pode pasar, moitas veces aproveitamos estas crises para vir encima da clase obreira traballadora. Supervisión do cumprimento estrito dos protocolos nos centros. Revisión da renda de integración social de Galicia (da Risga). Habilitar todos os recursos necesarios para que as persoas con diversidade funcional reciban toda a información en relación coa pandemia en formatos que sexan accesibles. E, xa como última proposta, pensamos que toda esta cámara deberamos repensar o de establecer a renda básica como dereito a un ingreso regular que permita unha vida digna e suficiente para cada membro da familia que o precise.

Nada máis e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rodríguez Estévez.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a limpar o estrado.)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Grazas, presidente.

Están a pedir a implicación de todos, e por iso dende o BNG estamos aportando iniciativas, ideas, alternativas, e por iso tamén pedimos a súa comparecencia, porque queriamos respostas, e queríamolas porque as están demandando os traballadores e traballadoras, e estanas demandando as familias en nome das persoas que están ingresadas nestas residencias, os nosos maiores, as persoas con diversidade funcional e os nosos menores, que non dá tempo a abarcar todo na comparecencia, señora conselleira, pero sabe que está habendo graves problemas nos centros de menores; sabe que está habendo graves problemas, que hai nenos contaxiados, que hai nenos hospitalizados, que lles é moi difícil nesa



situación —houbo amagos de motíns—, é dicir, hai tamén problemas nos centros de menores, e eu tamén lle pido que se interese polo que está pasando.

Eu o que non podo compartir con vostede é así dese xeito intentando minimizar que o virus entra en todos os lados. Efectivamente, podemos ir a aquilo de que non ten fronteiras, pero, cando se pechan as fronteiras e cando se toman medidas e cando se confina, pois o virus xa non entra con tanta facilidade. E si, entra na Zarzuela ou entra na Moncloa, pero a diferenza coas residencias é que nas residencias non teñen medios. Entón, eu pediríalle que non trivialice, que non frivolicie con estas cuestións.

E mire, teremos tempo cando pase esta crise de analizar realmente moitas cousas. Na anterior sesión da Deputación Permanente, a nosa portavoz, Ana Pontón, anunciou que, unha vez rematada a crise, iamos reactivar a comisión de investigación sobre o sistema sanitario galego, e eu xa lle anuncio tamén aquí que, cando pase toda esta situación, tamén imos solicitar unha comisión de investigación sobre os servizos sociais, sobre a atención aos nosos maiores, ás persoas con diversidade funcional, aos menores tutelados. Porque evidentemente esta crise, que está a actuar con toda crueza nesos sectores máis vulnerables, fixo emerxer precisamente a situación de deterioración, de recortes, de deficiencias anunciadas e denunciadas ata a saciedade, un drama que agora se mostra con toda crueza pero que é anterior á pandemia; unha situación que denunciámos mil veces aquí neste parlamento e noutros foros, e mil veces negada polo Partido Popular e por vostede, señora conselleira; un sector entregado á empresa privada.

O señor Puy pode vir a esta tribuna e dicir o que estime, ¡faltaría máis!, pero teño que dicirlle que, das residencias do noso país, cento doce son de iniciativa privada con ánimo de lucro, e que teñen oito mil cincocentas prazas; oitenta e catro de iniciativa social, con sete mil prazas; e sesenta e catro de iniciativa pública, das que só dúas mil catrocentas son de xestión directa. Eses son os datos, e non creo que estas oito mil prazas e estas entidades, a empezar polo epicentro dos contaxios, que está na residencia de Barreiro e na de Aldán —unha en Vigo e outra en Cangas—, da mesma empresa, de DomusVi, sexan por amor ao próximo.

Non, é que, claro, vostedes veñen aquí cun discurso moi cristián, pero é que logo non se corresponde coa realidade. E eu tamén lles pediría que, ademais de escoitarse a si mesmos, escoitaran os traballadores e as traballadoras e os familiares, que lle insisto en que foron á Fiscalía. Hoxe, estando aquí, chegaronme dúas denuncias máis de xente que pide amparo porque se ve totalmente desprotexida. E vostede dixo que non lle ía temblar a man, señora conselleira, se detecta algunha irregularidade.

No epicentro dos contaxios, Barreiro e Aldán, os traballadores e traballadoras denunciaron —xa non de agora, senón de antes— unhas situacións de traballo inaceptables, unha desatención dos profesionais.

E mire, voulle ler o que di un médico do Centro de Saúde de Cangas, que tivo que ir agora alí atender porque os medios destas residencias que actúan por amor ao próximo, segundo o señor Puy, non teñen servizos sanitarios para atender os seus doentes. Dixo que a maioría das prazas eran en situacións ademais en que traballaban por amor ao próximo. A maioría



no noso país non son esas prazas, hai algunhas, pero non son a maioría. Pois este profesional, este médico, en aras de que se estaba intentando negar a evidencia que denunciaban as traballadoras, dixo: «Quero certificar que son certas as denuncias que están saíndo á luz por parte dos traballadores desta residencia» —a de Aldán—. «Teñen todo o meu apoio. A ratio de traballadores por residentes, o tipo de contratos precarios, as condicións laborais durante estes anos e as medidas de protección ofrecidas fronte á covid-19 son propias do terceiro mundo.»

Só quero engadir que a xestión privada e neoliberal do noso Estado de benestar ten estas cousas. As persoas maiores son seres humanos, non unha inversión especulativa. Eu fago miñas estas palabras deste médico do servizo público do noso país.

E eu tamén lle quero dicir que a magnitude do problema merecería que vostede tivera un pouco de humildade e recoñecera o que está acontecendo, aceptar as propostas que lle estamos a transmitir —que non están en marcha, señora conselleira, non están en marcha—, as que lle demandan os profesionais e as familias...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...ademais das que xa lle dixen antes, que declare os servizos sociais como de interese galego e, polo tanto, asuma a dirección de todos os recursos dispersos, que estableza mediante decreto os servizos mínimos para os servizos de atención no fogar con criterios claros de priorización.

Iso é o que vostede debería facer no inmediato, señora conselleira, porque ten a responsabilidade de dar protección e atender as necesidades da poboación máis vulnerable: maiores, persoas con diversidade funcional e menores. E o que lle pedimos aquí é que o faga, e na medida en que o faga vai ter o apoio do Bloque Nacionalista Galego, na medida en que actúe e solucione os gravísimos problemas que está habendo.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a limpar o estrado.)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Ben, se alguén, algunha traballadora ou algún familiar que coñece a situación, escoita a súa comparecencia, comprendo que estea indignado. Se algún cidadán que non coñece esa situación escoita a súa comparecencia, dirá que todo está perfecto, que a Xunta fixo todo ben; que non falou de se se reforzou o persoal porque non é necesario, porque hai o persoal necesario; que non falou de se hai material suficiente porque supoñemos que hai material suficiente, e que as dúas cousiñas que funcionaron mal son culpa do Goberno español, a pesar de que a Xunta de Galicia ten todas as competencias —como dixo o señor Puy—. Iso é o que pensaría un cidadán que non ten información. As traballadoras e



os familiares que levan anos denunciando a situación á que vostedes os abocaron deben de estar indignados se escoitaron estas intervencións, intervencións como a do señor Puy, que di que os profesionais non son culpables. ¡Claro que non! ¡Van vir vostedes defender os profesionais nun sector dos máis precarizados do país, con salarios de 900 euros e cunhas porcentaxes de baixas enormes pola dureza do traballo que teñen que facer e pola falta de cumprimento das ratios de persoal, incumprimentos reiterados! Por iso é especialmente grave que a señora conselleira diga que, se hai algunha irregularidade, non lle temblará o pulso para actuar. ¡Pero se levan anos mirando para outro lado coas irregularidades! ¡Se ata di o Consello de Contas que non se iniciaron expedientes sancionadores a pesar de haber denuncias da Inspección! ¡Se di o Consello de Contas que, a pesar de aumentar os centros privados —que foron os únicos que incrementaron as prazas—, o corpo de inspección non se incrementou o que se ten que incrementar!

E fala vostede de filias e fobias ideolóxicas. As súas filias e fobias ideolóxicas son poñer o negocio por riba da saúde das persoas, pero quere facernos pasar a súa ideoloxía polo sentido común. A súa ideoloxía é o negocio por riba da saúde das persoas. A nosa é a contraria, a nosa é que hai servizos coma este que teñen que ser de xestión pública porque teñen a consideración de servizos esenciais, e pola dignidade das persoas que o reciben. Incluso os datos demostran que a xestión directa é mellor que a xestión dada por estas empresas, que buscan o seu beneficio empresarial por riba de todo.

«Aprendemos» —dixo—. «Se algo aprendemos desta pandemia...» —dixo vostede—. Se algo aprendemos desta pandemia é que os recortes matan. Se algo aprendemos desta pandemia é que o público, cando chegan estes momentos, é o que dá a cara. E o privado agora mesmo está socializando as perdas. Estamos utilizando recursos públicos para facer cousas que tiña que facer a empresa privada se cumprise a lei. E estámolo pagando todos, é o de sempre. Esas son as súas filias e fobias ideolóxicas, ese é o seu modelo.

Di que odiamos o privado. Nós non odiamos o privado nin o deixamos de odiar. O que odiamos é que vostedes desde a Administración pública que xestiona os impostos de galegos e galegas non inspeccionen e non lles fagan cumprir ás empresas privadas o que teñen que cumprir, porque reciben fondos públicos, páganse prazas concertadas e páganse para que teñan as ratios legais, esas que nunca se cumpren.

Vostede falou do Goberno central para telo como chibo expiatorio. Hoxe, 3 de abril, chegou á residencia de maiores da Volta do Castro unha instrución interna para que se utilizasen as mascarillas de protección para o persoal. ¡O 3 de abril!, ¡mire o que se anticiparon! Por iso non é sacar protocolos, é que os protocolos se poidan aplicar. E, para que os protocolos se poidan aplicar, necesitaríase reforzar o persoal. E vostede aquí non veu dar datos de reforzo de persoal. ¿Canto se reforzaron as residencias para poder cumprir cuns protocolos que ralentizan as actuacións do persoal? ¿Canto? ¡Diga datos! Diga datos de cal foi ese reforzo nunhas residencias que xa non tiñan persoal suficiente, que xa viñan sendo denunciadas por ese persoal ao que vostedes non escoitaron durante anos. Porque esta situación vén de atrás, e as asociacións de familiares e as profesionais denunciaron reiteradamente que, de xeito xeral, nas residencias o persoal está continuamente baixo mínimos e con sobrecarga de traballo, que non se cumpren as ratios e que de xeito habitual a hixiene, a alimentación, a sub-



ministración de medicación e a atención sanitaria era moi deficiente. Aínda agora, despois de intervir a Xunta a residencia de Barreiro, o testemuño dunha traballadora di que hai sucidade, que non se limpa e que hai 10 persoas para atender 105 afectados polo coronavirus, ¡10 persoas para atender a 105 persoas! Hai aforro extremo en comida, que nas residencias dá unha situación xeneralizada dunha especie de maltrato diario aos maiores.

Toda esta situación é coñecida e consentida pola súa Consellería, e esa era a situación antes do coronavirus. Agora as empresas non reforzaron o persoal ante a chegada do coronavirus. Manteñen unhas ratios que xa eran insuficientes na anterior situación.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Tíñano que facer xa cos seus recursos, e vostedes tiñan que exixir que ante esta situación reforzaran o persoal; se non, é imposible cumprir os protocolos. ¡Por favor!, xa sabemos o seu compromiso, xa sabemos todas as palabras bonitas que vostede dixo. Diga aquí o que fixo a Xunta para reforzar o persoal e o material das residencias galegas.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a limpar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Caballero.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: Grazas, señor presidente.

A verdade é que a intervención da Consellería de Política Social nos preocupa, porque percibimos que hai un determinado plantexamento ideolóxico ou de réplica, pero que non explica, que non dá contido, que non dá información. E non temos claro cal é o rumbo que se quere manexar para intentar paliar unha situación moi complexa.

O que está ocorrendo nas residencias de maiores en Galicia é de máxima preocupación para todos, e estou seguro de que tamén para o Goberno galego e, en primeira persoa, para a conselleira. Pero, en todo caso, hai que responder á realidade do que está ocorrendo. E hoxe, cando están tantas familias pendentes de que lles dean información —tamén nas residencias que vostede sinala, na de Vigo e na de Aldán, onde onte á noite os familiares nos trasladaban como non tiñan información responsable sobre o que estaba ocorrendo, sobre cal era o diagnóstico que tiñan os seus maiores ingresados—, cando os traballadores das residencias están preocupados, cando aínda non se separaron aqueles cidadáns que están nas residencias contactados daqueles non contactados, a pesar de que dende principios desta semana se trasladou así por parte da representante da Xunta de Galicia, da delegada da Xunta de Galicia na bisbarra de Vigo, preocúpanos.

E cremos que, nesa liña, pedimos xustamente iso que vostede sinala, señora conselleira: realismo e responsabilidade. É unha situación moi preocupante e moi grave que vai máis alá



do tema dos protocolos, que todos temos claro cando foron e cando non foron. O 5 de marzo o Ministerio de Sanidade publicou o documento técnico de recomendación para as residencias de maiores polo covid-19. E, a partir de aí, hai responsabilidades e competencias por parte da Xunta de Galicia en todas as políticas sociais.

E, dende logo, parécenos dunha frivolidade clara que a conselleira de Política Social, cando fala das residencias, veña dicir en sede parlamentaria que o coronavirus non pregunta antes de entrar. ¿Que pensa vostede do que as familias e os maiores que están contaxiados poden pensar con este tipo de plantexamentos? Haberá que tomar todas as medidas xustamente para que esas familias, que vostede di que teñen que estar tranquilas, que necesitan tranquilidade, teñan todas as medidas. Trasládenlles a información —que non a teñen—, tomen todas as medidas competentes, fagan un plan extra de persoal para os servizos sociais en Galiza —do que se carece—, contraten máis persoal, expliquen cal vai ser o diagnóstico en distintas fases desas residencias que chamamos «integradas», que, en definitiva, son especializadas en maiores con contaxios de coronavirus. ¿Que medicalización van ter?

Hai neste momento máis de 400 —487— usuarios en residencias de maiores que están con contaxio de coronavirus. Non sei se a Consellería ten algunha previsión de cal pode ser o escenario da evolución desa poboación contaxiada. Se hai algún tipo de ratio, que dende a Consellería de Sanidade se faga unha previsión de como pode iso evolucionar, de cantas persoas maiores das que están en residencias poden necesitar hospitalización e incluso das que poden necesitar coidados intensivos. Porque o número é tan grande que, desde logo, nos preocupa pola dignidade dos nosos maiores.

¡Claro que esas palabras que vostede sinala, de que non podemos dar os nosos maiores por perdidos, as respaldamos todos! ¡Só faltaría, señora conselleira! Claro que as respaldamos, e para iso vai ter a lealdade e a colaboración de todos. Pero o que necesitamos é ter neste momento decisións, dar información, ter responsabilidade, contratos a aqueles cidadáns que poden estar traballando en residencias de maiores para situacións máis complexas nas que hai que revestir a seguridade e tomar máis medidas de protección. Toda esa é a realidade e, polo tanto, con estes datos enriba da mesa, preocúpanos.

Queremos tamén que vostede hoxe aquí traslade o seu compromiso de que vai dar toda a información sobre os maiores que están contaxiados e aqueles que nalgún momento poidan ter unha situación complicadísima, de chegar a ter en risco a súa vida, ou incluso falecer; e que os datos que dá a Consellería de Política Social sexan claros para entender cales son os cidadáns que estaban en residencias e como está sendo a súa evolución médica en calquera escenario. Non xoguen a segmentar a información entre a política sanitaria e a política social para evitar entender a gravidade que ten todo isto. Pedimos, con respecto e con lealdade ao Goberno, que esa información estea dispoñible en todo momento para que os cidadáns poidan saber qué é o que está ocorrendo coas residencias e coas persoas contaxiadas.

Evidentemente vostede —aínda que quere ter ese don— non sabe nin con quen falo nin cantas veces falo, pero paréceme axeitado que vostede corrobore hoxe que para todas aquelas asociacións de servizos sen ánimo de lucro que teñen pechados os centros de día e de ocupación teñan todas as garantías de que os van poder manter activos.



E preocupánnos máis cuestións en políticas sociais. Preocupánnos, por exemplo, os nenos e nenas que deixaron de ter bolsas de comedor dende o momento en que non existe escolarización, actividade escolar, e que polo tanto non comen nos centros; nenos e nenas que teñen situacións de vulnerabilidade, de moitas familias que non teñen a posibilidade de darlles unha alimentación digna. E sei que esta semana se abriu o proceso para que poidan buscar esas axudas. Ata o de agora, ¿que pasou? Levamos máis de quince días, e foron os concellos —os alcaldes e os concelleiros de todos os partidos, tamén do seu— os que estiveron ao pé do canón buscando levarlles alimentos a eses cidadáns, a eses nenos e nenas que deixaron de telos. Temos, polo tanto, que enmarcar toda esa prioridade en políticas sociais, que é fundamental.

E pediríalle tamén que nos explique o que están facendo coas persoas sen fogar —para as que tantos concellos están poñendo albergues ou pavillóns en funcionamento— e se están ao carón deses concellos...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: ...e se falaron con eles, se tomaron esas decisións.

Eu preguntáballe que fixo, que precaucións se tomaron, que persoal a maiores se contratou, que protección remitiron aos centros, que medidas que plantexaron. Se hai informes sobre os servizos militares que fixeron limpeza, ¿que é o que din?, ¿nalgunha delas encontraron situacións de moita gravidade co que estaba ocorrendo?, ¿hai denuncias?, ¿como se contan os datos dos falecementos? En definitiva, que tomen todas as medidas, porque máis alá do discurso, das verbas de apoio e de que Galicia se anticipou e tomou as medidas, a situación é preocupante. Preocúpanos, e non queremos ofrecer neste momento máis que unha responsabilidade colectiva de apoio a un Goberno porque sabemos que isto é moi complexo, pero, a verdade, cremos que hai que acertar.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: Conta coa nosa colaboración para facelo e tamén coa nosa preocupación. Esperemos que acerten con todas as medidas porque está en xogo a saúde de moitos dos nosos maiores.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Caballero.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a limpar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Moitas grazas.

Moitas grazas novamente, señora conselleira, polo exercicio de transparencia que está facendo.



Eu insisto en que o que hoxe facemos aquí debatendo e mesmo introducindo cada un cuestións ideolóxicas, prexuízos ou mesmo algunha denuncia, en fin, persoalmente creo que está fóra de lugar. En todo caso, iso é tamén unha demostración de que o Parlamento está vivo, de que está aí, de que as institucións funcionan e de que as cuestións seguen adiante.

A señora Prado hoxe descubriu que Platón tamén era cristián, cousa que a min me chama moito a atención, porque eu o que dixen explicitamente é que ese concepto do amor próximo polo ben común, polas persoas que necesitan da humanidade de cada un, é algo que está na cultura nosa de toda a vida —se pon muecas probablemente xa non queira saber nunca isto—. O que dixen é que precisamente todos os traballadores deste sector, traballen na pública, traballen na privada mercantil ou exerzan traballos de tipo social, son persoas que, máis que outras, evidentemente, transmiten amor a aquelas persoas que atenden. E creo que iso é algo importante; evidentemente, non sempre ocorre noutras profesións.

O 45 % das institucións en Galicia que atenden persoas maiores son de iniciativa social, o 34 % privadas e o 21 % públicas. Os datos que vostede deu son aproximadamente os mesmos que dei eu. ¿E por que temos este sistema, que vén de atrás? Pois porque a lei que vostedes aprobaron, a Lei 13/2008, di no seu artigo 2 que «o sistema galego de servizos sociais integra o conxunto de servizos, programas e prestacións, tanto de titularidade pública como de titularidade privada, acreditados e concertados pola Administración nos termos establecidos nesta lei». E no artigo 29 di que «os servizos sociais os prestarán as administracións públicas galegas directamente ou de maneira indirecta a través das diversas modalidades de contratación da xestión de servizos públicos establecidas na normativa reguladora dos contratos do sector público, nomeadamente mediante a modalidade de concerto».

Este é o modelo que ten Galicia, é o modelo que compartiamos todos. Ben, pois probablemente pode ser que vostedes acabasen agora de descubrir que a lei que vostedes aprobaron non serve para nada, do mesmo xeito que outros están descubrindo que a Lei de reforma laboral que querían derrogar e que non servía para nada é a que está a salvar, vía os ERTE, unha cuestión que introduciu o Partido Popular no peor da crise e que nesta crise está revelándose tamén como o mellor instrumento para evitar unha catástrofe económica real.

En fin, eu agradezo moito as peticións. O Bloque fixo pública —con respecto ás residencias de maiores— unha nota o día 23 na que pedía un plan de aplicación urxente —que xa se dixo que estaba aprobado unha semana antes—, os protocolos para seguir polo persoal destes centros e a dotación dos EPI. Isto pediuno o 23 e, segundo a min me consta, o día 17 xa nunha videoconferencia coa Vicepresidencia de Asuntos Sociais a Xunta pedira os EPI, que se reiteraron o día 21. Efectivamente, todos estamos buscando material, ¡todos estamos buscando material!

Sobre o material. O Goberno de España remitiu a Galicia un total de 320.000 mascarillas cirúrxicas e a Xunta remitiulles máis de medio millón aos centros sociais de Galicia. O Goberno de Galicia recibiu do Goberno central 5.500 botes de desinfectante e a Xunta enviou aos centros máis de 12.000. Todos son benvidos, pero, por favor, que non se diga que se non hai máis é por falta de vontade ou por calquera outro motivo. Estou seguro de que tan obsesionados están por conseguir bo material para loitar contra o coronavirus na Administración



central como na autonómica como nas locais como en todas as administracións. Por tanto, non dubidemos das vontades e non pensemos en cuestións raras.

Un experto asturiano en emerxencias sanitarias, Fernando Fernández González, dicía unha frase estes días nun medio: que esta pandemia está poñendo de manifesto que a responsabilidade social de cada un —a individual— é o pivote da responsabilidade social do conxunto da gobernanza. E é verdade que nestes momentos nunca se viu máis certo que a responsabilidade individual de cada un, cumprir cada un co seu deber, é o que vai permitir manter a gobernanza e o conxunto da convivencia social. Sen colaboración e compromiso individual non conseguiremos vencer a covid. Por iso nós animamos a Consellería a seguir traballando, pedímoslle que traslade ao seu persoal que no exercicio desa responsabilidade individual sigan a traballar coa forza e o interese que o están facendo, fagámolo todos, especialmente aqueles que teñen persoas maiores ao seu cargo, tanto no público como no privado como na casa, coidémonos todos, coidemos os nosos maiores, fagámolo con amor e así, desa maneira, conseguiremos vencer o coronavirus entre todos.

Grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Puy.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a limpar o estrado.)

Para o peche da comparecencia, a conselleira de Política Social.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez): Grazas, presidente.

Señores deputados, están falecendo persoas antes de tempo e vostedes continúan hoxe co seu discurso ideolóxico. Nestes momentos a prioridade é a xente, soamente é a xente, son as persoas, e son as persoas maiores. Por favor, pídlles que hoxe, polo menos, deixen atrás as súas ideoloxías e que poidamos continuar traballando da man.

Eu xa sei e todos sabemos que vostedes son nacionalistas ou son de esquerdas, pero é que nestes momentos non lle importa a ninguén; a ninguén lle importa se uns son nacionalistas, se outros son de esquerdas ou se outros son de dereitas, porque a xente está nas súas casas moi preocupada. Por iso lles pido que teñan unha prioridade, ao igual que a temos nós; a prioridade son as persoas. A prioridade son as nosas persoas maiores e continuar garantíndolles un bo coidado asistencial e un bo coidado sanitario. Eu por iso lles pido hoxe un pouquiño máis de sensibilidade.

Señor Sánchez, o seu ton sarcástico ou de mofa nestas circunstancias eu a verdade creo que está de sobra. Pídlle un pouquiño máis de seriedade, porque hoxe non estamos aquí para facernos burla os uns aos outros. Hoxe eu estou aquí para render contas do traballo que estamos facendo dende a Consellería de Política Social e para continuar traballando polos nosos maiores. E por iso e diso é do que quero falar, dos nosos maiores, de continuar traballando por eles e de non continuar tendo en conta as distintas ideoloxías. Considero que é moi necesario hoxe darlles tranquilidade a todas esas familias. E díglolles, señores deputados, que



se a Xunta de Galicia en calquera momento detecta unha irregularidade nunha residencia por suposto que actuarán con toda contundencia a inspección da Xunta de Galicia e a inspección dos servizos sociais.

En definitiva, señorías, esta pandemia que estamos a vivir é o maior desafío que temos por diante e o maior desafío ao que nos enfrontamos nunca.

Estámonos a enfrontar a día de hoxe ante un inimigo invisible, un inimigo especialmente mesquiño e cruel que ataca sen piedade as persoas maiores. Somos conscientes de que o covid-19 ataca especialmente a saúde dos nosos maiores e somos conscientes de que dá unha maior incidencia ou ataca maiormente as persoas máis vulnerables. Por iso o Goberno galego actuou dende o primeiro momento e adoptou todas as medidas necesarias e que estaban ao seu alcance, e todas estas medidas incidiron de forma directa nas persoas maiores, para protexelas. A través deste Plan social de continxencia puxemos en marcha dende o primeiro momento mecanismos de información e tamén mecanismos de acompañamento e procuramos garantir sempre que as necesidades básicas de alimento de miles de persoas estivesen sempre cubertas.

Este Plan de continxencia segue a reforzarse cada día, señora Prado, e por iso hoxe mesmo ampliamos este Plan social de continxencia e fixemos extraordinario un servizo de axuda no fogar gratuíto para todas esas persoas que o necesiten. Eximimos o pago das cotas nas escolas infantís, nos centros de día e nos centros ocupacionais, e poñemos máis de 18 millóns de euros á disposición das entidades de inclusión social; a maior orde de axudas da historia de Galicia para que ninguén nestes momentos quede desprazado.

En todos os centros dos servizos sociais activamos un protocolo antes de que tan sequera houberse confirmados. Suspendemos todas as actividades nos centros de día, nos ocupacionais e nos sociocomunitarios, e tamén suspendemos as visitas nas residencias de maiores. Aprobamos a tutela sanitaria das residencias de maiores por parte das autoridades sanitarias sen importarnos a súa titularidade, das públicas, das privadas e das de iniciativa social. Creamos dúas residencias integradas completamente asistidas por servizos sociais e por servizos sanitarios; decisión que, por certo, despois continuaron copiando outras comunidades. Intervimos dous centros para garantir a súa calidade asistencial e, sobre todo, sanitaria. E a autoridade sanitaria está a realizar probas de xeito masivo para poder dar a mellor atención sanitaria aos usuarios das nosas residencias.

Todo este é un breve resumo que non abonda para nada nin abonda para reflectir o labor que se está a levar a cabo dende a Xunta de Galicia da man de todo, absolutamente todo, o persoal sociosanitario de Galicia.

É verdade que non somos perfectos pero, dende logo, pódolles dar a miña palabra de que as galegas e os galegos imos deixar a pel nisto e de que imos poñer todos, absolutamente todos, os recursos que estean ao noso alcance e á nosa disposición e todos os nosos esforzos para facer fronte a esta pandemia. Poden ter por seguro que non nos imos render en ningún momento.



Esta pandemia levou por diante moitas persoas que aínda non tiñan que marchar, persoas que non esqueceremos xamais e cuxo recordo nos dá forza para seguir loitando. As galegas e os galegos debemos de estar máis unidos ca nunca para, en primeiro lugar, conter o impacto da pandemia e despois curar as feridas que se están a deixar en todo o tecido social.

Non están sendo nin vai ser unha tarefa fácil e afrontaremos momentos moi dolorosos, pero non existe ningún virus tan forte como este para que deixemos de ser o que os galegos somos, unha comunidade que sabe coidar de si mesma, unha comunidade que sabe coidar dos seus. Aquí non se dará nunca en ningún momento ningunha vida por perdida. Nós, os galegos, non imos deixar a ninguén atrás.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Antes de rematar esta sesión da Deputación Permanente, quero enviar unha mensaxe de solidariedade e apoio a todas as familias afectadas por esta pandemia do coronavirus, tamén un agradecemento a todas as persoas que traballan sen descanso en favor do conxunto da sociedade e tamén, por suposto, un agradecemento aos traballadores do Parlamento que fixeron posible que se celebrara hoxe esta Deputación Permanente.

Nada máis.

Boa tarde a todos.

Termina aquí a sesión. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*


Remata a sesión ás catro e corenta e tres minutos da tarde.



RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Álvarez Martínez, Luis Manuel	(S)	39. Pontón Mondelo, Ana Belén	(BNG)
2. Amigo Díaz, María Encarnación	(P)	40. Porrit Lueiro, María Teresa	(S)
3. Antón Vilasánchez, María Ángeles	(P)	41. Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
4. Arias Rodríguez, Raquel	(P)	42. Prado del Río, Paula	(P)
5. Bará Torres, Xosé Luís	(BNG)	43. Prado Patiño, Jesús Miguel	(P)
6. Blanco Paradelo, Moisés	(P)	44. Presas Bergantiños, Noa	(BNG)
7. Blanco Rodríguez, Noela	(S)	45. Puy Fraga, Pedro	(P)
8. Burgo López, María de la Concepción	(S)	46. Quintana Carballo, Rosa María	(P)
9. Caballero Míguez, Gonzalo	(S)	47. Quintero Araújo, Paula	(GCE)
10. Cal Ogando, Marcos	(GCE)	48. Rey Varela, José Manuel	(P)
11. Calvo Pouso, Diego	(P)	49. Rivas Cruz, José Luis	(BNG)
12. Candedo Gunturiz, María Dolores	(M)	50. Rodil Fernández, Olalla	(BNG)
13. Casal Vidal, Francisco	(M)	51. Rodríguez Arias, Marta	(P)
14. Castiñeira Broz, Jaime	(P)	52. Rodríguez Barreira, María Julia	(P)
15. Chao Pérez, Luca	(GCE)	53. Rodríguez Dacosta, María del Carmen	(S)
16. Conde López, Francisco José	(P)	54. Rodríguez Estévez, David	(M)
17. Cuña Bóveda, María de los Ángeles	(GCE)	55. Rodríguez Pérez, Moisés	(P)
18. Egerique Mosquera, Teresa	(P)	56. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	(S)
19. Fernández Macías, Jackeline Elisabeth	(P)	57. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	(P)
20. Fernández Prado, Martín	(P)	58. Romero Fernández, Cristina Isabel	(P)
21. García Míguez, María Ángeles	(P)	59. Rueda Valenzuela, Alfonso	(P)
22. García Vidal, Ana Belén	(P)	60. Salorio Portal, María Soraya	(P)
23. Gómez Salgado, Carlos	(P)	61. Sánchez García, Antón	(GCE)
24. González Vázquez, José	(P)	62. Santalices Vieira, Miguel Ángel	(P)
25. Jove González, Xan Xosé	(GCE)	63. Santos Queiruga, Carmen	(GCE)
26. Liñeiro Pouso, Encarnación	(S)	64. Solla Fernández, Eva	(GCE)
27. Moreira Ferro, Jacobo	(P)	65. Tellado Filgueira, Miguel Ángel	(P)
28. Mouriño Villar, Antonio	(P)	66. Torrado Quintela, Julio	(S)
29. Murillo Solís, María Guadalupe	(P)	67. Torregrosa Sañudo	(GCE)
30. Novo Fariña, María Isabel	(P)	68. Trenor López, Gonzalo	(P)
31. Nóvoa Iglesias, Marta	(P)	69. Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luís	(P)
32. Núñez Centeno, Aurelio Alfonso	(P)	70. Vázquez Domínguez, Sandra	(P)
33. Núñez Feijóo, Alberto	(P)	71. Vázquez Verao, Paula	(M)
34. Otero Rodríguez, Patricia	(S)	72. Vega Pérez, Daniel	(P)
35. Oubiña Solla, Rosa	(P)	73. Vilán Lorenzo, Patricia	(S)
36. Pazos Couñago, José Alberto	(P)	74. Vilar Chento, Óscar	(S)
37. Pérez Seco, José Manuel	(S)	75. Villares Naveira, Luis	(M)
38. Pierres López, María Luisa	(S)		





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

